



P
X

O

M

DA ESTRADA

DOCUMENTO
DOCUMENTO REFUNDIDO PARA APROBACIÓN DEFINITIVA
SEGUNDO A ORDE DO 3 DE XUÑO DE 2.013

DATA
XULLO 2013

TOMO III

**ESTUDIO DO MEDIO RURAL E ANÁLISE DO MODELO
DE ASENTAMENTO POBOACIONAL**

VISIER ARQUITECTOS S.L.P.



ESTUDIO DO MEDIO RURAL E ANÁLISE DO MODELO DE ASENTAMENTO POBOACIONAL

1. INTRODUCCIÓN	4
2. ESTUDIO DO MEDIO RURAL.....	7
2.1. XEOGRAFÍA FÍSICA.....	7
2.1.1. XEOMORFOLOXÍA	7
2.1.2. XEOLOXÍA.....	11
2.1.3. CLIMA.....	15
2.1.4. HIDROLOXÍA.....	18
2.1.5. O PATRIMONIO NATURAL	21
2.1.6. VEXETACIÓN.....	28
2.1.7. FAUNA.....	38
2.2. XEOGRAFÍA HUMANA.....	71
2.2.1. A ECONOMÍA.....	71
2.2.1.1. O SECTOR PRIMARIO	72
2.2.1.2. O SECTOR SECUNDARIO.....	80
2.2.1.3. O SECTOR TERCIARIO	83
2.2.2. A SOCIEDADE	84
2.2.2.1. CRECEMENTO NATURAL DA POBOACIÓN	86
2.2.2.2. MIGRACIÓNS.....	88
2.2.2.3. CRECEMENTO REAL.....	90
2.3. USOS ACTUAIS DO SOLO	93
2.3.1. O USO AGROPECUARIO.....	93
2.3.2. O USO FORESTAL	96
2.4. VALORES AMBIENTAIS	100
2.5. ELEMENTOS DA PAISAXE RURAL	153
2.5.1. Introducción	154
2.5.2. Caracterización da paisaxe da Estrada.....	154
2.5.3. Obxectivos	155
2.5.4. Metodoloxía e resultados	155
2.5.4.1. Calidade visual da paisaxe	156
2.5.4.1.1. Calidade visual intrínseca da paisaxe	156
2.5.4.1.2. Calidade visual extrínseca da paisaxe	158
2.5.4.2. Fraxilidade visual da paisaxe	160
2.5.4.2.1. Fraxilidade visual intrínseca da paisaxe.....	160
2.5.4.2.2. Fraxilidade visual extrínseca da paisaxe.....	161
2.5.4.3. Interese paisaxístico.....	163
2.5.5. Áreas de interese paisaxístico.....	165
2.5.5.1. Delimitación das áreas de interese paisaxístico	165
2.5.5.3. Descrición das áreas de interese paisaxístico	167
2.6. RISCOS	169
2.7. POTENCIALIDADES.....	175
2.8. APTITUDE DOS TERREOS PARA A SÚA TRANSFORMACIÓN URBANÍSTICA	181



2.9. O PATRIMONIO CULTURAL.....	187
2.9.1. ARQUITECTÓNICO	187
2.9.2. ETNOGRÁFICO	211
2.9.3. ARQUEOLÓXICO.....	221
2.10. ORGANIZACIÓN TERRITORIAL.....	227
2.11. DOTACIÓNS PÚBLICAS	231
2.12. INFRAESTRUTURAS DE SERVIZOS	248
2.12.1. Abastecemento de auga.....	248
2.12.2. Saneamento	249
2.12.3. Distribución de enerxía eléctrica	251
2.12.4. Telefonía.....	251
2.12.5. Oleoduto	251
2.12.6. Alumeado público	251
3. ANÁLISE DO MODELO DE ASENTAMENTO POBOACIONAL	252
3.1. METODOLOXÍA INFORMATIVA	252
3.2. ENTIDADES DE POBOACIÓN EXISTENTES	253
3.2.1. Distribución dos asentamentos de poboación.....	263
3.2.2. Evolución da poboación	269
3.3. PARROQUIAS.....	280
3.3.1. Distribución territorial e evolución da poboación	282
3.3.2. Evolución do número de vivendas.....	284
3.4. ASENTAMENTOS TRADICIONAIS E AS SÚAS CARACTERÍSTICAS.....	293
3.5. CARACTERÍSTICAS DAS CONSTRUCIÓNS TRADICIONAIS	295
3.5.1. Estrutura principal e cerramento vertical: Sistema de muros de carga.....	299
3.5.1.1. Os cimentos.....	299
3.5.1.2. Os muros na casa vivenda popular	299
3.5.1.3. Os muros na casa -vivenda da primeira metade do século XX	302
3.5.2. As aberturas nos muros: fiestras e portas.....	302
3.5.2.1. As fiestras na casa -vivenda tradicional	303
3.5.2.2. As fiestras na casa -vivenda da primeira metade do século XX	304
3.5.2.3. As bufardas na casa -vivenda tradicional.....	305
3.5.2.4. As bufardas na casa -vivenda da primeira metade do século XX.....	306
3.5.2.5. As portas na casa tradicional	306
3.5.2.6. As portas na casa -vivenda da primeira metade do século XX.....	308
3.5.2.7. As ferraxes.....	308
3.5.3. As cubertas	308
3.5.3.1. As cubertas na casa tradicional.....	309
3.5.3.2. As cuberías na casa -vivenda da primeira metade do século XX.....	311
3.5.4. Elementos exteriores singulares	312
3.5.4.1. Os patíns	312
3.5.4.2. As chemineas	312
3.5.4.3. Os balcóns	314
3.5.4.4. As parras de vide.....	314
3.6. A NOVA ORDENACIÓN DOS ASENTAMENTOS	315
3.6.1. Metodoloxía informativa	315



3.6.2. Planeamento vixente nos asentamentos de poboación.....	316
3.6.3. Orde do 5 de maio de 2006 sobre aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello da Estrada (Pontevedra)	317
3.6.4. Problemática.....	318
3.6.5. Obxectivos	319
3.6.6. Metodoloxía de ordenación	320
3.6.7. Fichas dos núcleos rurais	322



1. INTRODUCCIÓN


O Concello da Estrada está situado no norte da provincia de Pontevedra. Desempeña o papel de cabeceira comarcal dentro da comarca de Tabeirós-Terra de Montes. A súa superficie é de 281,8 km², que se estenden maioritariamente polo curso medio do Río Ulla. Segundo o nomenclátor do INE o volume demográfico total no 2.004 e de 22.217, o que supón unha densidade de poboación media de case 79 hab/km², moi semellante á media autonómica pero inferior á provincial. Coas súas 51 parroquias é o termo municipal galego cun máis alto número de este tipo de entidades.

Un dos obxectivos prioritarios dun PXOM é a definición dun modelo territorial acorde coas potencialidades e singularidades de cada termo municipal. Na análise do modelo territorial da Estrada débese ter en conta a situación que o concello desempeña dentro da estrutura xeral de Galicia, e a súa relación co conxunto da rede urbana galega e o sistema de asentamentos, xa que ningún concello se atopa illado, senón que ao contrario as interrelacións son continuas e as dinámicas territoriais demográficas e económicas interdependentes.


A Estrada caracterízase por localizarse nunha área de transición entre as áreas costeiras e o interior do país, que definen uns claros contrastes costa-interior, manifestados en calquera variable xeográfica que se manexe. O litoral é o espazo máis dinámico de Galicia. Presenta as máis altas densidades de ocupación humana, os maiores niveis de actividades empresariais e diversidade produtiva, os usos e aproveitamentos máis intensivos do solo e as maiores taxas de urbanización. Aquí localízanse 5 das 7 principais cidades. ao redor delas, nas súas periferias máis próximas, sitúanse uns espazos de densa ocupación e unha marcada dependencia e complementariedade que forman comarcas ou subrexións urbanas. Nos espazos litorais non próximos ás cidades (coa excepción da zona da Costa da Morte) predomina un sistema de ocupación do solo rururbano, no que se mesturan distintos usos do solo (cultivos intensivos, usos industriais, comerciais e residenciais) e un hábitat moi disperso no que é frecuente a presenza de pequenas cidades ou vilas. Esta é a situación característica das rías galegas, penetrando esta situación nas áreas máis interiores a partires dos vales trazados que configuran as rías.

As terras do interior teñen un carácter máis agraria. O dinamismo demográfico e económico, así como a densidade de ocupación humana e do solo, diminúe conforme se avanza cara ás zonas máis orientais. A presenza urbana redúcese ás cidades medias de Ourense e Lugo e a pequenas cidades que desempeñan unha función de cabeceiras de comarca. A partires deste tipo de asentamentos, tal como é a vila da Estrada, céntrase unha organización espacial de base comarcal. Funcionalmente estes núcleos urbanos convértese en centros de servizos, comerciais, de concentración humana e oferta laboral dunhas áreas rurais próximas de carácter supramunicipal. A Estrada consolídase nos últimos anos como unha pequena cidade que centraliza unha grande parte dos fluxos humanos da Comarca de Tabeirós-Terra de Montes (formada por Cerdedo, Forcarei e A Estrada), ao concentrar no núcleo unha cantidade significativa de actividades de alcance suprarexional.


A Estrada sitúase como un territorio de transición entre a costa e o interior, xa que as parroquias do norte, situadas no Val do Ulla, reciben as influencias marítimas e marcan un modelo de poboamento semellante ao das zonas costeiras, tanto nas densidades demográficas, como nos usos do solo, ou nas actividades agrarias. Mentres no sur do concello as paisaxes, así como os modelos de ocupación e rendibilidade do espazo aseméllanse máis os característicos das comarcas interiores.




MAPA MUNICIPAL DO CONCELLO DA ESTRADA



MAPA HIPSOMÉTRICO E PERFÍS TOPOGRÁFICOS



PERFIL TOPOGRÁFICO NORTE-SUR



PERFIL TOPOGRÁFICO ESTE-OESTE



2. ESTUDIO DO MEDIO RURAL

2.1. XEOGRAFÍA FÍSICA

2.1.1. XEOMORFOLOXÍA

O marco físico e ambiental responde a unha situación topográfica claramente diferenciada, entre un norte de baixa altitude representada polas terras do Val do Ulla; e as terras do sur, de maior altitude e unha caracterización de media montaña dentro da Dorsal Meridiana. A topografía do concello marca un sistema escalonado de diferentes pisos altimétricos, cortados polos sistemas de fracturas e vales transversais que forman os afluentes do Ulla, fundamentalmente o Liñares e o Veá.

As parroquias situadas na parte setentrional, intégranse de cheo no val do Ulla e dos seus principais afluentes, Veá, Liñares e Oca. Caracterízanse por unha baixa cota altimétrica, por debaixo dos 100 metros nas partes máis próximas ao curso fluvial. A zona meridional do concello, pola contra, presenta unha altitude media moi superior, chegándose a cotas superiores aos 750 metros en puntos como o Monte de San Sebastián ou Outeiro Grande, entroncando co sistema de serras pertencentes á Dorsal Meridiana.

A topografía marca un sistema escalonado de superficies de erosión achairadas que de sur-sureste, descende en dirección norte-noroeste cara o curso fluvial. Configúranse diferentes pisos altimétricos orixinados pola tectónica cuaternaria de bloques que marcan diferentes superficies aplanadas.

Pódense diferenciar 3 grandes áreas topográficas en relación a súa altura. A primeira correspóndese coas superficie situadas por debaixo dos 300 metros. Correspóndese esta coas parroquias da zona norte, prolongándose cara ao sur (ata a parroquia de Tabeirós) a partir dos vales marcados polo ríos Veá e, sobre todo polo Liñares e o seu principal afluente o Curantes. Un segundo escalón sitúase entre os 300 e os 600 m. Neste caso atópase unha área espacial que bordea á anterior e ocupa gran parte da zona sur do concello e os seus límites occidental e oriental rodeando, a modo de anfiteatro, a superficie anterior. Neste escalón topográfico encádrase a conca do Umia. Desde este nivel pásase xa ao escalón das terras situadas por riba dos 600 m. Neste caso estamos xa nos límites municipais con Silleda, polo este, e Forcarei e Cerdedo polo sur.

A xénese das formas de relevo son de orixe tectónica. O xogo de bloques da lugar a un sistema territorial de carácter escalonado no cal atopamos unha oscilación entre as superficies de aplanamento, de carácter chaira, e as superficie de maior pendente que serven de conexión entre as anteriores. Neste caso e debido ás desiguales facilidades presentadas para a ocupación humana, atópase un contraste entre as zonas chairas, nas que predominan usos agrarios e unha maior presenza humana, e as de máis forte pendente con usos forestal ou de monte e menores densidades demográficas.

As formas tectónicas van ser modeladas pola acción fluvial. O Val do Ulla presenta, con excepción da súa entrada por Ponte Ulla onde o río corta, formando un canón de gran interese paisaxístico, o dique cuarcítico do Pico Sacro, un carácter aberto, que se prolonga polos vales dos seus afluentes. As incisións dos caudais dos afluentes do Ulla modifican e alteran a planitude dos distintos niveis de erosión, orixinando unha topografía escalonada e fragmentada respecto aos diferentes cursos fluviais. Nas proximidades do Ulla este sistema vese reforzado polo sistema de terrazas fluviais



sedimentarias. O trazado dos cursos fluviais é debedor do sistema de fallas e fracturas tectónicas. O río Vea, Liñares e Oca, marcan un trazado rectilíneo e perpendicular o Ulla, ao transcorrer por sucesivas liñas de falla en dirección norte-sur.


Na configuración das formas do relevo a litoloxía ten unha menor relevancia. Predomina no termo municipal unha base litolóxica granítica, con algunha zona de esquistos na parte oriental do concello onde xa aparecen materiais pertencentes á Serie de Ordes. Tamén é destacable neste senso a importancia cualitativa, pola súa forte presenza na paisaxe, que adquiren os filóns cuarcíticos do Pico Sacro, e os situados na separación das parroquias de San Xurxo e Frades con Barcala, e na zona sureste na parroquia de Ribela. Debido á dureza destes materiais resaltan sobre os circundantes xerando espazos de forte pendente nas zonas de contacto.

No tocante ás cuncas fluviais a meirande parte do concello pertence, directa ou indirectamente, á do Ulla, a zona norte e centro, mentres o sur encádrase na conca do Umia, e só unha pequena porción territorial de Codeseda e Sabucedo verte as súas augas no Lérez. A divisoria de augas principal entre o Ulla e o Umia sitúase ao longo dunha aliñación entre os montes Cabalar e de Fontefría.

As formas do relevo son un claro condicionante para o modelo de ocupación humana. O contraste topográfico norte-sur ten un reflexo inmediato nos sistemas de asentamentos, nas densidades poboacionais e nas actividades agropecuarias. O norte, a zona de val, conta con áreas de gran fertilidade e intensa ocupación humana en base á benignidade climática (pola menor altitude) e ao grosor dos solos, dispostos moitos deles a partir de terrazas fluviais. O sur, pola contra, é menos fértil, cunha maior dureza climática e menor grosor dos solos, polo que o potencial agrolóxico redúcese notablemente e, por conseguinte, tamén a densidade de núcleos rurais diminúe.



MAPA DE RELEVO



MAPA LITOLÓXICO



2.1.2. XEOLOXÍA

A base territorial do municipio desde o punto de vista xeolóxico e litolóxico intégrase no Macizo Espérico. Trátase dos materiais máis antigos da Península Ibérica. Estes teñen experimentado unha forte acción tectónica durante a oroxenia herciniana, que deu lugar ás actuais formas de relevo a modo de sucesión de bloques fundidos e levantados, orixinando os actuais niveis ou superficies de aplanamento.

Dentro do termo municipal predomina un substrato granítico, con diferentes composición mineralóxicas, excepto en áreas concretas nas que os materiais xistosos pasan a ser dominantes (zona suroriental), e espazos moi concretos nos que se identifican filóns cuarcíticos moi localizados ou depósitos sedimentarios cuaternarios.

A base granítica dá orixe a solos areosos que xunto á propia base rochosa fragmentada e diaclasada pola acción tectónica, dá orixe a terreos cun alto nivel de permeabilidade. Os materiais xistosos, pertencentes ao gran grupo da Serie de Ordes, predominan en zonas como San Miguel de Castro, onde alternan con materiais tipo gneis, ou nas parroquias do sur nas que os xistos aparecen en zonas elevadas como pode ser o Monte Cádabo. Pola súa parte os diques cuarcíticos singularízanse pola súa dureza, resaltando por erosión diferencial sobre o resto dos materiais circundantes. O caso máis significativo é o dique do Pico Sacro que penetra na Estrada polo seu extremo nordeste ou os localizados na zona occidental do concello entre as parroquias de Barcala, Veá e Frades. Os depósitos sedimentarios identifícanse nas marxes máis próximas dos ríos. Sobre todo nas ribeiras do Ulla e dos seus afluentes (Veá, Liñares-Curantes e Oca), e en menor medida no Umia, ao estar este no seu curso alto onde a capacidade de acumulación de materiais erosivos é menor.

Sobre esta base litolóxica desenvólvense terreos con diferentes niveis de permeabilidade e fertilidade de incidencia directa tanto no aproveitamento agrícola, como na calidade ambiental do territorio, en relación co diferente grao de filtración das augas superficiais e residuais con potencial contaminador sobre os acuíferos. Neste senso pódense marcar diferentes niveis de permeabilidade e, por conseguinte, de riscos de contaminación acuífera:

I.- As zonas de maior permeabilidade dos terreos correspóndense cos solos desenvoltos sobre unha base sedimentaria nas marxes fluviais.

Atópanse nesta situación importantes superficies correspondentes ás parroquias do norte e dos vales interiores do concello. Son estas as máis poboadas e onde a actividade agraria é máis intensiva. O risco de contaminación dos acuíferos é elevado xa que á progresiva utilización de fertilizantes e contaminantes na actividade agraria, únenselle as elevadas densidades demográficas e o feito que os núcleos de poboación non contén na súa gran maioría con sistemas de depuración de augas residuais. Tamén pola proximidade aos ríos os vertidos directos son outro elemento contaminante. Trátase en definitiva de zonas pouco favorables aos vertidos debido ao elevado risco de degradación das augas que leva asociado.

II.- Os solos de base granítica presentan un nivel de permeabilidade mediano.

As razóns estriban en que os materiais de conglomerado (os xabres) desenvoltos sobre eles son porosos, e en que a base granítica conta con numerosas liñas de diaclasamento e fisuras. Esta situación atopámola nunha grande parte do termo municipal. Os riscos de degradación asóciáanse ás infiltracións de axentes contaminantes polas áreas diaclasadas da rocha, sendo



susceptible de contaminación pola diseminación das unidades industriais dispersas polo concello, polos residuos procedentes dos núcleos rurais sen depuración, e pola actividade agropecuaria.

III.- Os terreos máis impermeables son os desenvoltos sobre rochas de tipo xistoso.


Estas por ter sido alteradas por procesos metamórficos presentan unha maior compactidade que non favorece a infiltración ou almacenamento das augas e favorecen a escurrentía superficial. Identifícase nas parroquias do sur e sueste do concello de maior altitude media, e en zonas concretas do termo municipal como San Miguel do Castro ou Sta. Mariña de Barcala. O risco de contaminación que presentan é menor xa que os solos, especialmente nas zonas máis elevadas, presentan un escaso grosor, a actividade humana comparativamente é menor que nas áreas graníticas, e os niveis freáticos están máis baixos.

A disposición das pendentes dentro da Estrada é un factor básico para entender a disposición dos núcleos de poboación, o trazado das vías de comunicación, os usos do solo e, tamén, para a ordenación urbanística do termo municipal. Predomina unha alternancia de zonas chairas e de pendente, marcando unha disposición escalonada das formas do relevo que van desde as zonas de menor altitude do val do Ulla na parte norte do concello, ata as áreas máis elevadas das parroquias do sur.


O gradiente da pendente oscila entre:

- **Zonas de maior pendente.** Correspóndese coas áreas próximas aos leitos fluviais, puntos de contacto entre os distintos pisos altimétricos, terrazas fluviais e diques cuarcíticos. Localízanse en zonas específicas dentro do concello como os entornos dos diques en San Miguel do Castro, en San Xurxo de Veá e Barcala. Ou na zona de contacto entre as parroquias montañosas do sur e as centrais como Nigoi, Parada, Vinseiro ou Lamas.
- **Zonas de menor pendente.** Correspóndense coa meirande parte da superficie do termo municipal. Trátase de zonas achairadas correspondentes con superficies de erosión ou terrazas fluviais de forte horizontalidade. As pendentes medias atópanse por debaixo do 2-3%, e son terreos que en base á súa topografía son aptos para o aproveitamento humano. Este tipo de superficie desenvólvese en diferentes niveis altimétricos.

Nas áreas de maior pendente é posible identificar unha serie de riscos potenciais que deben ser contemplados necesariamente á hora de poñer en marcha calquera actividade humana, e que deben ser contempladas no planeamento. Trátase fundamentalmente dos correntamentos de terra ocasionados polo corte da liña de pendente por accións antrópicas como a apertura de vías de comunicación ou o explanado de fincas. Esta situación conta cun maior nivel de risco nas áreas de contacto das diferentes terrazas fluviais, xa que nestas, a parte da intensa actividade humana, os solos son predominantemente sedimentarios, cunha gran facilidade para o anegamento en momentos de fortes chuvias, co que o risco por correntamentos de terras, e os seus conseguintes prexuízos económicos para particulares e administración, incrementanse.



MAPA XEOLÓXICO



MAPA DE EDAFOLOGÍA



2.1.3. CLIMA

A situación climática da Estrada caracterízase por un tipo de tempo xeral de carácter oceánico húmido, definido pola súa suavidade térmica e ter abundantes precipitacións. O termo municipal atópase nunha situación de transición morfoclimática entre os caracteres puramente oceánicos e os interiores con certas características máis continentalizadas. Se ben neste caso a amplitude do val do Ulla favorece a introdución nas áreas máis interiores da súa conca de influencias marítimas. Dentro do concello pódense identificar certos matices climáticos entre as parroquias do norte e as do sur en función da topografía e da exposición aos ventos do oeste que penetran polo val.

A estación climática de referencia para a extracción de datos é a da Estrada, situada a unha altitude de 296 m e a 42°41' de latitude e 8° 29' de lonxitude.

DATOS CLIMÁTICOS MEDIOS DA ESTRADA (medias mensuais)

	Temperaturas (°C)	Precipitacións mm.
xaneiro	7,9	268
febreiro	8,3	203
marzo	8,3	184
abril	11,7	138
maio	14,2	154
xuño	17,2	76
xullo	19	40
agosto	19	60
setembro	17,7	94
outono	14,7	154
novembro	10,8	237
decembro	8	186

Fonte: A. Carballeira et al. Bioclimatoloxía de Galicia

Dos anteriores datos despréndese que as medias térmicas dos meses máis quentes son suaves (xullo e agosto con 19°) e as dos meses máis fríos tamén (decembro e xaneiro con 8°). Esta situación fálanos dunha moderada oscilación térmica entre os períodos do ano máis quentes e os máis fríos, con independencia dos picos de máximas e de mínimas que de xeito ocasional supoñen períodos sobrecalurosos ou de xeadas.

As precipitacións son constantes ao longo do ano, se ben cunha lóxica diferenza entre o período de maiores chuvias (o inverno) e os de menos (o verán). As escasas precipitacións estivais, xunto á porosidade do terreo, e a conseguinte débil retención de humidade, supón que durante xullo e agosto se poida falar dun lixeiro período de déficit hídrico.

Os anteriores son datos medios de referencia. Non obstante é preciso introducir dentro da análise climática as variacións e os gradientes climáticos derivados do efecto topográfico de contraste entre o sur do concello, de carácter de media montaña, e a zona de val do norte. Neste senso é posible identificar significativos contrastes internos a nivel térmico e de precipitacións debido a:



- **Diferenzas de altitude.** Os diferentes niveis altimétricos marcan un gradiente de temperatura de xeito que co incremento de altitude prodúcese de xeito paralelo un descenso das medias térmicas. Segundo datos dos técnicos redactores do Plan de Desenvolvemento Comarcal de Tabeirós-Terra de Montes estímase un gradiente de redución térmica de 0,63°C cada 100 m de altitude. Isto supón unha diferenza entre a zona norte e a sur de 5-6°C de diferenza media, incrementándose a mesma nos momentos extremos. Do mesmo xeito as precipitacións aumenta en 90 mm por cada 100 m gañados en altitude. Isto supón tamén unha diferenza media de 500-600 mm por ano.
- **Exposición aos ventos do oeste.** Os ventos oceánicos do oeste son os predominantes no concello. Isto supón que os efectos atemperizadores a nivel térmico procedentes da costa inciden con moita máis forza nas parroquias do norte que nas do sur. Esta exposición, xunto á menor altitude incrementa os contrastes norte -sur.


Os contrastes internos anteriores teñen tamén repercusión directa no risco de xeadas e nas horas de sol de cada porción do termo municipal. Esta situación repercute de xeito inmediato nos usos do solo, tanto a nivel agrícola como forestal, e no aproveitamento humano que se fai do territorio. E incluso a súa repercusión afecta á estrutura dos núcleos de poboación e ao modelo de asentamento que tamén presenta un contraste significativo entre o norte e o sur do concello.

Alejo Carballeira identifica para A Estrada diferentes subrexións climáticas que, en base aos datos climáticos medios e aos riscos de xeadas e secas, contan cun potencial de produción vexetal e forestal diferenciado. Segundo a intensidade bioclimática expónse a seguinte gradación dentro do concello:

- **Moi alta.** Correspóndese esta zona coas zonas máis próximas ao val do Ulla, remontando esta caracterización polos trazados dos seus afluentes Vea, Liñares e en menor medida Oca. Tipograficamente son terras por debaixo dos 300 m de altitude. As condicións climáticas son moi favorables para o desenvolvemento de gran cantidade de especies vexetais, sobre todo por aquelas esixentes a nivel térmico e que soportan mal as baixas temperaturas (produtos de horta, vide ou frugais). Posibilita o desenvolvemento de modelos agrícolas intensivos, e tamén favorece unha alta densidade de ocupación humana (correspóndese dentro das áreas climáticas co tipo 31a definido por A. Carballeira).
- **Alta.** Trátase das parroquias situadas ao sur da anterior zona. Ocupa unha parte significativa do termo municipal, estendéndose pola zona centro e gran parte da zona oriental. A altura media sitúase entre a cota dos 300-600 m e aínda as condicións térmicas favorecen a produción dun gran número de cultivos ou especies forestais. (correspóndese dentro das áreas climáticas co tipo 31b, 22b, 23c definido por A. Carballeira).
- **Moderada.** É esta unha estreita franxa de terreo que delimita o anterior das zonas máis elevadas do concello. Aquí as condicións climáticas xa introducen dificultades obxectivas que frean o desenvolvemento de determinados cultivos ou especies forestais. (correspóndese dentro das áreas climáticas co tipo 13c definido por A. Carballeira).
- **Baixa.** Estamos ante a zona do concello de menor potencial produtivo pola dureza das condicións climáticas. Sitúase esta nas zonas máis elevadas do concello, en áreas moi

concretas xa no límite do termo con Forcarei e Cerdedo. Predominan usos de monte baixo. (correspóndese dentro das áreas climáticas co tipo 13d definido por A. Carballeira).

O diferencial grado de intensidade bioclimática, como xa se sinalou, ten unha traslación directa aos usos do solo e aos modelos de aproveitamento do territorio, que á súa vez repercuten de xeito inmediato na densidade de poboación e de núcleos rurais. Márcase así un significativo contraste norte-sur dentro do concello.



MAPA CLIMÁTICO



2.1.4. HIDROLOXÍA

O territorio da Estrada intégrase en 3 cuncas fluviais. Aproximadamente o 75% do termo municipal pertence á conca hidrográfica do Ulla e a dos seus afluentes: Vea, Liñares e Oca. O Umia discorre polas parroquias do sur municipal. E, por último, entre Sabucedo e Codeseda atopamos o nacemento do Quireza, un dos principais afluentes do Lérez. A principal divisoria de augas corresponde á separación da conca do Ulla da do Umia. Trátase duna lixeira liña de cumes entre o monte Cabalar e o de Fontefría.

O trazado dos cursos principias reproduce o basculamento sur-sueste a norte-noroeste. Os dous seguen esta dirección, modelan a paisaxe de diferentes superficies de erosión e desembocan na Ría de Arousa. No seu percorrido únense ás liñas de falla, xa que por elas é máis doado, por ser zonas de maior debilidade. O encaixamento sobre o sistema de fracturas apréciase tamén claramente nos afluentes máis importantes do Ulla. Así o Vea deseña un trazado rectilíneo e perpendicular ao curso principal. Do mesmo xeito o fai o Liñares e o Oca. Nestes casos os afluentes acomódanse a unha serie de fracturas secundarias paralelas á Depresión Meridiana, que discorren en dirección norte-sur. Tamén o Curantes, tributario do Liñares, únese a unha liña de fractura perpendicular ás anteriores, de aí o seu carácter rectilíneo e o ángulo xeométrico que deseña na súa desembocadura.

O Río Ulla é o máis importante curso fluvial. Nacido na comarca da Ulloa, pola Estrada atópase no seu curso medio. Entra no concello a través dunha espectacular incisión, froito dunha antecendencia xeolóxica, sobre o dique cuarcítico do Pico Sacro. Unha vez superado este obstáculo discorre de xeito pousado cunha pendente de 0,34%.

O volume de caudal reproduce os reximes climáticos de precipitacións, pois a meirande parte do mesmo procede da escorrentía da auga de chuvia. En Pontevea cóntase cunha Estación de Aforos que marca uns máximos de caudal nos meses de decembro a marzo, e unha redución do mesmo de maio a novembro, sendo setembro o mes de menor aporte de auga por parte do Ulla. Esta situación é extrapolable aos propios afluentes do Ulla e tamén ao Umia (os datos deste río obtidos en Caldas repiten esta secuencia).

DATOS DO CAUDAL DO ULLA EN PONTEVEA

	Caudal absoluto	Caudal relativo
	M ³ /segundo	Litros/segundo/m ²
xaneiro	109,3	47,7
febreiro	147,8	64,5
marzo	135,1	58,9
abril	89,8	39,1
maio	45,8	19,9
xuño	37,4	16,3
xullo	19,3	8,4
agosto	9,5	4,1
setembro	9,2	4,0
outono	26,8	11,6



novembro 57,4 25,0

decembro 110,5 48,2

Fonte: Río Barja e Rodríguez Lestegás: Os ríos galegos

O caudal do río afecta á calidade da auga. No verán ao ter unha menor capacidade de arrastre e asimilación increméntase os parámetros microbiolóxicos e os coliformes, desaconsellándose o baño e a captación directa sen depuración. Pola contra na época de máis forte caudal increméntase a oxixenación e redúcese a presenza de microorganismos e elementos nítricos polo que se incrementa a calidade das augas.

O Liñares é o máis importante afluente do Ulla que percorre A Estrada. Nace a 360 m de altitude, nunha zona moi próxima ao trazado do Umia (separados por 500 m e unha cota altimétrica de 10 m). Atravesa o centro do concello formando un val propio, bastante aberto, entre o monte Cabalar e o de San Sebastián. Neste último monte nace o Curantes que desemboca pola súa marxe dereita. O Liñares mide 14,7 km e verte como media anual 3,8 m³/segundo no Ulla cun caudal relativo de 36,6 litros/segundo/m². O Vea é o segundo afluente en importancia. Nace no monte da Xesteira no límite con Cuntis, ten unha lonxitude de 9 km.

O **Umia** transcorre pola zona sur do concello a unha altura media relativamente elevada entre os 300 e os 400 m. Nace en Forcarei a unha altura de 640 m. Segundo a opinión de Non á altura de Nigoi ábrese unha brecha que forma unha vía de separación entre o Umia e o Ulla, formada por unha banda de materiais xistosos, formándose tamén a pequena cubeta de Codeseda-Quintáns. Presentando o Umia nesta zona unha forte disimetría debido á proximidade das fontes do Liñares. Como no caso do Ulla os meses de agosto-setembro son os de menor caudal, e os de febreiro-marzo os de máis.

O discorrer por zonas elevadas e de menores densidades humanas que no norte, os niveis de contaminación son máis reducidos que no caso do Ulla, si ben segundo o Plan Hidrolóxico de Galicia-Costa elaborado pola Xunta de Galicia partir da parroquia de Souto xa precisa tratamento e depuración para a súa potabilización.

Pola súa banda o **Quireza**, afluente do Lérez, nace na parroquia de Sabucedo, en Outeiro Grande, marcando un percorrer norte-sur.

Desde o punto de vista do planeamento urbanístico é necesario ter en conta os cursos e trazados fluviais debido a:

- Definición de áreas de protección nas marxes fluviais. Estes son espazos de especial sensibilidade en base a:
 - Necesidade de definición das áreas de dominio hidráulico.
 - Valor paisaxística e ambiental (especies ripícolas, fauna...)
- Influencia dos cursos fluviais na localización dos asentamentos humanos e na organización do modelo de organización espacial.
- Definición de áreas de potencial risco de inundación nos leitos fluviais.

As marxes dos ríos son espazos que en función das súas condicións naturais especiais individualízanse lixeiramente do seu entorno no que respecta ás especies vexetais e elementos faunísticos. Esta situación asociada aos usos de lecer que se lle pode asignar a estas zonas (caza,




pesca, sendeirismo, áreas recreativas, rafting,...) concédennlle un valor e un atractivo paisaxístico singular. Tamén se debe ter en conta que os leitos fluviais e a súa área de dominio hidráulico están suxeitos a un réxime xurídico específico.

A influencia dos cursos fluviais é fundamental á hora de definir a localización dos asentamentos rurais e o modelo territorial. No caso da Estrada identificamos ao longo das marxes do Ulla un sistema de localización dos núcleos rurais de modo escalonado, en función dos diferentes pisos altimétricos definidos polas terrazas fluviais. Predomina un emprazamento concreto dos núcleos na área de ruptura de pendente, no contacto entre espazos de certa pendente e áreas chairas. Deste xeito desenvólvese un proceso de racionalización do solo no que se combinan os usos forestais, nas zonas de pendente, e os agrícolas nos máis achairados.

O anterior esquema, moi claro nas parroquias das marxes do Ulla, tamén se pode identificar nos trazados dos seus afluentes e do Umia. Se ben nestes casos a entidade das terrazas fluviais é menor, e os núcleos rurais localízanse nas ladeiras dos vales (tamén nas zonas de ruptura de pendente), ou nos espazos achairados pertencentes ás diferentes superficies de erosión.

Os ríos están suxeitos a unha serie riscos naturais de incidencia directa nas actividades humanas. O máis importante é o de inundación das marxes dos leitos fluviais, en momentos de sobreaporte por chuva e incapacidade de drenaxe dos niveis freáticos. Segundo os técnicos redactores do Plan Comarcal de Tabeirós-Terra de Montes os maiores riscos de inundación danse no tramo do propio río Ulla, especialmente nas chairas aluviais e na área agrícola aterrada máis próxima ao curso. Para prever prexuízos económicos, materiais e mesmo humanos faise necesario contemplar no PXOM unha franxa de protección asociada ás potenciais áreas de inundación a fin de minimizar a incidencia e o impacto negativo dos posibles momentos puntuais de inundación. O mesmo sucede, aínda que acada unha menor importancia, nas chairas aluviais dos seus afluentes máis importantes. Pola súa parte o Umia, ao discorrer por unha área máis elevada, ter un caudal máis reducido e unhas menores densidades humanas, presenta un risco asociado ás inundacións moito menor.

**MAPA CUNCAS DE DRENAXE**



2.1.5. O PATRIMONIO NATURAL

Para a análise da situación ambiental da Estrada é necesario ter en conta dous aspectos fundamentais: aqueles espazos que pola súa singularidade son merecentes dalgunha figura de protección especial, e aquelas actividades susceptibles de xerar algún tipo de risco natural.

Certas áreas do Concello da Estrada están catalogados desde o punto de vista ambiental, contando con figuras de protección de rango autonómico. Coa salvidade dos espazos que pola normativa urbanística local sexan merecentes de zonificarse con algún nivel de protección, destácanse os seguintes:

ESPAZO PROTEXIDO

CATALOGACIÓN

Sistema Fluvial Ulla-Deza

Rede Natura 2000 e Zona de Especial Protección dos Valores Naturais

Brañas de Xestoso (Lagoa Sacra de Olives)

Rede Natura 2000 e Zona de Especial Protección dos Valores Naturais
Normas Subsidiarias e Complementarias de Planeamento da COTOP

Bico de Curantes (Fervenza de Callobre)

Normas Subsidiarias e Complementarias de Planeamento da COTOP

A. SISTEMA FLUVIAL ULLA-DEZA.

Correspóndese este espazo coas marxes fluviais do río Ulla. Destaca a súa consideración como curso fluvial con importantes poboacións piscícolas e áreas forestais con especies autóctonas. Discorre por un área de alternancia de val aberto e zonas de encaixamento que lle configuren unha alternancia paisaxística de calidade.

Dentro do hábitat destacan as seguintes especies:

- Pateiros de Spartina (*Spartinion maritimi*)
- Uceiras secas europeas
- Uceiras ortomediterráneas endémicas con toxo
- Rochedos silíceos con vexetación pioneira do *Sedo-Scleranthion* ou do *Sedo albi-Veronicion dillenii*
- Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (*Alno-Padion*, *Alnion incanae*, *Salicion albae*)
- Carballeiras galaico-portuguesas con *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica*

Tamén se conta cunha importante riqueza faunística:

- Rato de almiscre (*Galemys pyrenaicus*)
- Lontra (*Lutra lutra*)
- Martiño peixeiro (*Alcedo atthis*)



- Merlo rieiro (*Cinclus cinclus*) Sábalo (*Alosa alosa*)
- Zamborca (*Alosa fallax*)
- Lamprea (*Petromyzon marinus*)
- Salmón (*Salmo salar*) Saramaganta (*Chioglossa lusitanica*)
- Mexillón de río (*Margaritifera margaritifera*)

B. BRAÑAS DE XESTOSO

Zona achairada situada no límite dos concellos da Estrada (parroquias de Olives e Pardemarín), Silleda (parroquia de Xestoso) e Forcarei (Parroquia de Meavía), a unha altura de máis de 600m. Denomínase indistintamente como Brañas de Xestoso ou Lagoa Sacra de Olives. Singularízase por presentar un área de turbeiras e torgueiras con presenza de carballeiras de reducida dimensión, monte baixo e prados. Na zona cría unha pequena poboación de sisón menor, ave característica de hábitats esteparios. Nas zonas topograficamente máis altas domina o monte baixo e a medida que o solo se fai máis húmido pasan a dominar primeiro os prados e despois a turbeira.

A presión humana neste espazo natural é escasa o que permite a conservación de distintas comunidades zoolóxicas e botánicas. Merecen especial atención as turbeiras, ecosistema escaso en Galicia, que aquí aparece ben representado e conservado.

Dentro do hábitat destacan as seguintes especies:

- Uceiras húmidas atlánticas de zonas mornas de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix*
- Uceiras secas europeas
- Uceiras ortomediterráneas endémicas con toxo
- Turbeiras de cobertor
- Depresións sobre substratos turbosos do *Rhynchosporion*
- Rochedos silíceos con vexetación pioneira do *Sedo-Scleranthion* ou do *Sedo albi-Veronicion dillenii*
- Carballeiras galaico -portuguesas con *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica*

Tamén se conta cunha importante riqueza faunística:

- Pica papuda (*Anthus campestris*)
- Sisón (*Tetrax tetrax*)
- Lagarto das silvas (*Lacerta schreiberi*)

Dato de interese etnográfico é o mantemento dunha lenda pola que se di que “houbo unha grande batalla e como eran tantos os mortos botáronos á auga da lagoa, por iso alí non medran as árbores, só ten herba, e unhas pedras rodeándoa para evitar profanacións”.

C. BICO DE CURANTES

Pequeno espazo situado a unha altura de 200 m detrás da igrexa parroquial de Curantes. Trátase dunha pequena ferverza do río Curantes rodeada de áreas forestais de especies autóctonas.

Ademais dos espazos catalogados con algunha fórmula de protección atopamos outras áreas de interese:



1.- MONTE DO OUTEIRO

Moreira e Paradela. Fica entre os dous lugares e está regado polo río Liñares. Hai restos de carballeira ben conservados e con importante fauna : xeneta, porco teixo, garza real, arcea, moucho, avelaiona...

2.- CARBALLO DE “AZOREIROS”:

San Xurxo de Veá. Carballo espectacular, de gran porte, en zona de vagoada. Destacan tamén masas importantes de loureiro. Posiblemente o carballo fose xa cortado, pois no ano da redacción deste breve informe andaban coa concentración parcelaria na zona.

3.- ZONA DE BUMIO-COUSO

Couso. Ribeira fluvial no val do Ulla, de influencia mediterránea onde destacan as sobreiras, moitas delas xa desaparecidas, pero que se están rexenerando de novo.

4.- CARBALLEIRAS DO RÍO VEA

San Xurxo e Santo André de Veá. Carballeiras de ribeira do mencionado río que veñen dende Portela (Cuntis) e presentan unha boa conservación. Hoxe en día xa foron concentradas e parte do seu valor xa se perdeu, a consecuencia das pistas que lles abriron polo medio e deixárona totalmente fragmentada.

5.- ZONA HÚMIDA E RIBEIRA DO RÍO “PONTE BARCIA”

Situada entre Aguións e Toedo. Bastante carballeira, pero destaca sobre todo a vexetación das zonas encharcadas, composta por masas de salgueiros e bidueiros. Hoxe en día non coñecemos como está a zona.

6.- BARRANCO DE PINA

Paradela e Santeles. Tramo final do río Liñares antes de desembocar no Ulla, onde forma un barranco de dimensións considerables, condicionando un medio e unha paisaxe moi particulares, por onde o río Liñares discorre a toda velocidade, e onde xa a mediados do século pasado se aproveitou a súa forza para producir enerxía eléctrica, o que de novo volve a ser unha ameaza para a zona, pois xa hai un proxecto novo aprobado para a zona, o que va minguar parte da riqueza natural do enclave. Por aquí tamén se evacúan as augas residuais da Estrada, e vese moi patente cando o río leva pouca auga, formando espumas considerables. Este tamén é un factor moi negativo para a zona, e cumpría que todas as depuradoras que verten a ela funcionasen correctamente.

7.- RIBEIRA DO RÍO BO

En Riobó, o regato antes da desembocadura no río Ulla forma unhas interesantes masas boscosas de ribeira. A estas alturas non sabemos como se atopa a zona debido ás concentracións parcelarias que por Berres se realizaron e ben lle puideron afectar tamén.

8.- CARBALLEIRA INSULAR DE ARNOIS

En Arnois. Illa fluvial no leito do Ulla con importante vexetación arbórea, sobre todo de carballos. Especial valor paisaxístico.

9.- ACANTILADO DE GUNDIÁN

San Miguel de Castro. Enclave único no Concello da Estrada, dado que é o único lugar deste onde se pode ver un acantilado, que o forma o Ulla ao seu paso, e de dimensións bastante considerables.



Aquí volve a aparecer a flora típica dos ambientes mediterráneos, como a sobreira. Destaca a presenza tamén da xesta branca. Faunisticamente destacar a poboación semisedentaria de Andoriña dos penedos e do escasísimo Falcón común, o que fai da zona unha reliquia dentro das paraxes naturais da comarca.

10.- FERVENZA DE CALLOBRE

Callobre. No río Curantes, na aldea de Aldea Grande, onde tamén se atopa un castro co mesmo nome. Aquí, o río, afluente do Liñares, ten unha gran caída formando unha fervenza espectacular de un gran valor natural e paisaxístico, é quizais a fervenza máis alta de todo o concello.

Vexetación de ribeira ben conservada, con carballos, ameneiros, bidueiros, castiñeiros, freixos, abeleiras... que se viron algo afectados pola recente concentración parcelaria que se levou a cabo no lugar e que tantos estragos fai en tantos outros. En fauna destaca o merlo rieiro, indicador de augas limpas e puras, o martiño peixeiro que aparece de vez en cando e a lontra.

11.- CARBALLEIRA DE OLIVES

En Olives, na zona de xunto a igrexa. Pequeno val moi cerrado formado por un regatiño e rodeado de unha fermosa e ampla masa de carballos e outras especies autóctonas, que dan acubillo a unha interesante fauna.

12.- CARBALLEIRAS DE FRAÍZ E FIEITOSO

Tamén en Olives, forman as masas arbóreas máis altas da comarca da Estrada, e coas mesmas características cá anterior. Estas estanse vendo afectadas nestes momentos como non, pola concentración parcelaria, a causa das enormes pistas con fortes cortes que lle están abrindo, sen respectalas o máis mínimo.

13.- CARBALLEIRA DE GOLFARIZ

En Pardemarín, onde se conservan tamén boas masas de bosque autóctono e tamén de masas arbóreas intercaladas entre zonas de cultivo e pastos.

14.- CARBALLEIRA DO CASTRO DE PARADA

En Parada, tamén bastante ben conservada e de dimensións aceptables, encravada ademais nunha zona de interese dende o punto de vista do patrimonio como é o castro.

15.- CARBALLEIRA DA PENA DE VINSEIRO

En Vinseiro, tamén unha das máis altas da comarca veuse afectada aí atrás tamén pola concentración parcelaria.

16.- ZONA DE MONTE ABERTO DE PARDEMARÍN E VINSEIRO

Xa limitando co Concello de Forcarei, é unha zona de monte raso de toxo onde conviven especies de alto valor ecolóxico como son as rapinas do xénero circus, ademais de outras especies de especial interese.

17.- CARBALLEIRAS DE RIVELA

En Ribela, parroquia está encravada no val do Umia e rodeada por espesas masas de carballos e bastantes castiñeiros que en principio presentan un bo estado de conservación. De todos os xeitos



dende que se redactou este borrador xa fixeron unha concentración parcelaria que abriu numerosas pistas polo medio delas o que puido moi ben minguar parte da calidade ambiental da que gozaban.

18.- ZONA DA GRELA

Neste espazo imos meter varias parroquias, como Codeseda, Liripio, Cabanelas e Sabucedo, conformando un ampla área onde se ven representados varios hábitats, dende fermosas e ben conservadas carballeiras ate monte aberto de toxo, onde se dan cita especies de grande interese, como as rapinas e a esporádica presenza do lobo. Cómpre dicir tamén que nestes montes mantéñense un gran número de bestas que logo serán baixadas para a súa rapa nas famosas festas de Sabucedo.

19.- CARBALLEIRA DE QUINTAS

Entre Codeseda e Souto.

20.- CARBALLEIRA DE SOUTO

Na parroquia de Souto, atópanse moi boas masas arbóreas de carballos.

21.- CARBALLEIRA DE CORTEGADA

En Montillón, é unha zona bastante recóndita, e encrávase nun profundo val dun afluente do Umia, entre montañas de forte pendente, como é o Cábado, formando unha masa bastante espesa e ben conservada. O río presenta algún salto interesante.

22.- PIORNEDO DE ENVIANDE

En Montillón, ao sur do Cabado. Interesante formación desta especie de xesta, única en todo o concello e toda a comarca, dado os requisitos ecolóxicos que lles fan falla para desenvolverse. Destacar as grandes masas que forma e a súa extensión.

23.- CARBALLEIRAS E SOUTOS DE NIGOI

En Nigoí, de importante valor faunístico e paisaxístico. Formada por pequenos bosques de carballos intercalados no medio de prados e campos de cultivo.

24.- ZONA DA PRAIA FLUVIAL

En Lagartóns. Lugar ben conservado nas ribeiras. É núcleo de invernada importante para a garza real na Estrada. Zona de cría para a andoriña dos penedos e o lavanco real. Tamén hai citas do somorgullo pequeno.

25.- RIBEIRA FLUVIAL DO UMIA

Abarca varias parroquias do Concello. Zonas, ata o de agora, moi ben conservadas, sobre todo na zona de Ribela, así como na de Arca, onde hai grandes campos de cultivo con soutos importantes, formando un ecosistema de mosaico con gran valor paisaxístico, cultural, floral e faunístico. Tamén se citou o martiño peixeiro e a garza real. Outro visitante frecuente é o lobo. Ultimamente, nalguna destas zonas afectoulle a concentración parcelaria, o cal, mingou, considerablemente, a súa importancia paisaxística.

26.- A SOMOZA E ZONAS LIMÍTROFES

Na Somoza. Ampla zona de gran valor natural e paisaxístico. Destaca un regato que atravesa a zona, onde nace tamén nunhas brañas, e logo baixa por unha zona encaixonada de bosque de



ribeira carballeira bastante ben conservado, con herbeiras intercaladas. Estas hoxe xa en abandono dado o cambio de economía que sufriu a zona estes últimos anos. Dous montes característicos dominan a paisaxe, visibles case dende toda a comarca, o Cabalar e o Pedroso, dende onde se divisan tamén amplas panoramas como parte da rías baixas. O monte aberto ocupa grandes extensións, onde podemos atopar tamén zonas húmidas como charcas invernais e brañas de turba, e numerosos pedregais que dan acubillo a unha interesante fauna.

Ademais hai un importante número de mámoas repartidas por todo el. Destaca o censo de máis de 110 especies de aves, por citar algunha: *Rapina Sapeira*, *Gatafornela*, *Falcón común*, *Miñado abelleiro*, *Merlo rieiro* e outras moitas, así como a case totalidade dos anfibios representados en Galicia, un importante número de réptiles, dos que faltan aínda por catalogar, e tamén de mamíferos, estes en declive continuo, pero aínda hai *xeneta*, *lirón careto*, *porco teixo*, quizá *gato bravo*, o omnipresente *xabril*, e de vez en cando, a visita dalgúns *lobos*, que dan algún ataque ao gando que o monte mantén de maneira semisalvaxe. A carballeira en zonas presentase moi ben conservada, chegando a desenvolverse o seu óptimo ecolóxico, formando o que cientificamente se chama *Rusco aculeati-Quercetum roboris*, típica asociación entre o carballo e a silvardeira. Hai tamén un castiñeiro destacable na zona, que ben pode pasar dos 300 anos, pero que ninguén sabe a idade que pode ter. Todos os veciños da parroquia coinciden no mesmo, que o recordan alí toda a vida. Ten un perímetro de tronco duns 3 metros e unha altura aproximada de uns 25-30 metros. É ademais unha árbore moi produtiva, de moi bos froitos.

Teremos en conta ademais, a ampliación prevista das unidades de paisaxe catalogadas na rede Natura 2000 presentes no Concello da Estrada como resposta á Comisión Europea nas súas decisións 2004/813/CEE e 2006/613/CE.



2.1.6. VEXETACIÓN

Tendo en conta a división de Rivas Martínez, o termo municipal de A Estrada inclúese na Rexión Eurosiberiana que abrangue á Europa Septentrional:

Subrexión Atlántico – Medioeuropea

Superprovincia Atlántica

Provincia Cántabro – Atlántica

Subprovincia Astur – Galaica

Sector Galaico – Portugués

Subsector Miñense

<i>Emberiza citrinella</i>	Escribano cerillo	Escribenta real
<i>Fringilla coelebs</i>	Pinzón vulgar	Pimpín común
<i>Pyrrhula pyrrhula</i>	Camachuelo común	Paporrubio real

Táboa 21: Especies características de ecosistemas constituídos por bosques

**FORMACIÓN: Monte medio e baixo (xesteiras, toxais e queirugais)**

Nome Científico	Nome Vulgar (Castelán)	Nome Vulgar (Galego)
ANFIBIOS¹		
<i>Bufo bufo</i>	Sapo común	Sapo carriqueiro
<i>Rana perezi</i>	Rana común	Rana común
REPTÍS		
<i>Lacerta lepida</i>	Lagarto ocelado	Lagarto ocelado
* <i>Lacerta schreiberi</i>	Lagarto verdinegro	
* <i>Podarcis bocagei</i>	Lagartija de Bocage	Lagartixa galega
<i>Podarcis hispanica</i>	Lagartija hispánica	Lagatixa dos penedos
<i>Psammodromus algirus</i>	Lagatija colilarga	Lagartixa rabuda
<i>Lacerta vivipara</i>	Lagarija de turbera	Lagartixa das brañas
<i>Anguis grafilis</i>	Lución	Escancer común
* <i>Elaphe scalaris</i>	Culebra de escalera	Serpe riscada
<i>Coronella austriaca</i>	Culebra lisa europea	Cobra lagarteira común
<i>Coronella girondica</i>	Culebra lisa meridional	
<i>Malpolon monspessulanus</i>	Culebra bastarda	Cobregón
MAMÍFEROS		
<i>Canis lupus</i>	Lobo	Lobo
<i>Vulpes vulpes</i>	Zorro rojo	Raposo
* <i>Genetta genetta</i>	Gineta	Algaria
<i>Apodemus sylvaticus</i>	Ratón de campo	Rato do campo
<i>Rattus rattus</i>	Rata negra	Rata cincenta
<i>Eliomys quecinus</i>	Lirón careto	Leirón careto
* <i>Lepus granatensis</i>	Liebre ibérica	Lebre
AVES		
<i>Circus aeruginosus</i>	Aguilucho lagunero	
<i>Circus cyaneus</i>	Aguilucho pálido	Gatafornela
<i>Circus pygargus</i>	Aguilucho cenizo	Rapiña cincenta
<i>Falco tinnunculus</i>	Cernícalo vulgar	Lagarteiro peneireiro
<i>Falco subbuteo</i>	Alcotán europeo	Falcón pequeno
<i>Tetrax tetrax</i>	Sisón	Sisón
<i>Columba palumbus</i>	Paloma torcaz	Pombo torcaz
<i>Streptopelia turtur</i>	Tórtola común	Rula común
<i>Tyto alba</i>	Lechuza común	Curuxa común
<i>Asio otus</i>	Búho chico	Mou
<i>Caprimulgus europaeus</i>	Chotacabras gris	Avenoiteira cincenta
<i>Apus apus</i>	Vencejo común	Vencello común
<i>Lullula arborea</i>	Totovía	Cotovía pequena
<i>Alacela arvensis</i>	Alondra común	Alberca
<i>Lanius collurio</i>	Alcaudón dorsirrojo	Picanzo vermello
<i>Prunella modularis</i>	Acentor común	Azulenta común



<i>Sylvia communis</i>	Curruca zarcera	Papuxa común
<i>Sylvia undata</i>	Curruca rabilarga	Papuxa montesa
<i>Saxicola toquata</i>	Tarabilla común	Chasco común
<i>Turdus philomelos</i>	Zorzal común	Tordo galego
<i>Emberiza cia</i>	Escribano montesino	Escribenta riscada
<i>Carduelis cannabina</i>	Pardillo común	Liñaceiro común

Táboa 22: Especies características de ecosistemas de monte medio e baixo

¹ Só nas brañas de Xestoso.



RESUMO DAS ESPECIES FAUNÍSTICAS SEGUNDO AS SÚAS FIGURAS DE PROTECCIÓN

Para valorar a importancia das especies presentes no municipio empréganse dous criterios: o primeiro é se as especies son **endemismos ibéricos** e o segundo, si se atopan incluídas nos **catálogos** das seguintes **normativas de protección**:

- **“Catálogo Nacional de Especies Ameazadas”** (Real Decreto 439/90 e as ordenes ministeriais que o actualizan ata a orden de 28 maio de 2004 do Ministerio de Medio Ambiente).

Este catálogo clasifica ás especies en catro categorías:

- a. **En perigo de extinción (EX)**, reservada para aquelas cuxa supervivencia é pouco probable se os factores causais da súa actual situación seguen actuando.
- b. **Sensibles á alteración do seu hábitat (SAH)**, referida a aquelas cuxo hábitat característico está particularmente ameazado, en grave regresión, fraccionado ou moi limitado.
- c. **Vulnerables (V)**, destinada a aquelas que corren o risco de pasar ás categorías anteriores nun futuro inmediato se os factores adversos que actúan sobre elas non se corrixen.
- d. **De interese especial (DIE)**, na que se poderían incluír as que, sen estar contempladas ningunha das precedentes, sexan merecedoras dunha atención particular en función do seu valor científico, ecolóxico, cultural ou pola súa singularidade.

- **“Catálogo Galego de Especies Amenazadas”** (Decreto 88/2007 do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo Galego de especies amenazadas).

Este decreto establece nos seguintes anexos as categorías de protección para cada especie, de acordo co disposto no artigo 49 da lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza:

- a. **Anexo I: Especies en perigo de extinción**, reservado para aquelas especies cuxa supervivencia é pouco probable se os factores causantes da súa actual situación seguen actuando.
- b. **Anexo II: Especies vulnerables**, aquelas especies que corren perigo de pasar a categorías máis críticas nun futuro inmediato se os factores adversos cales actúan sobre elas non son corrixidos.
- c. **Anexo III: Especies susceptibles de aproveitamento discreto**.

- **“Lei 42/2007 de 13 de decembro, do Patrimonio Natural e a Biodiversidade”**.

Esta Lei establece o réxime xurídico básico da conservación, uso sostible, mellora e restauración do patrimonio natural e da biodiversidade española, como parte do deber de conservar e do obxectivo de garantir os dereitos das persoas a un medio ambiente adecuado para o seu benestar, saúde e desenvolvemento; ao tempo que recolle as normas e recomendacións internacionais que organismos e rexímenes ambientais internacionais, foron establecendo ao longo dos últimos anos.

- a. **Anexo II: Especies animais e vexetais de interese comunitario** para as que é necesario designar zonas especiais de conservación, para a súa conservación.



- b. Anexo IV: Especies que serán obxecto de medidas de conservación especiais en canto ao seu hábitat, coa finalidade de asegurar a súa supervivencia e as súa reprodución na súa área de distribución.
- c. Anexo V: Especies animais e vexetais de interese comunitario que requiren protección estrita.
- d. Anexo VI: Especies animais e vexetais de interese comunitario cunha recollida na natureza e explotación poden ser obxecto de medidas de xestión.

**PEIXES CONTINENTAIS**

Especie	Figuras de protección			
Nome Científico	LIBRO VERMELLO	UICN	Lei 48/2007	CNEA.
*Squalius carolitertii	Rara	VU A2ce		-
*Chondrostoma polylerpis o Chondrostoma duriense	Vulnerable	VU A2ce	Anexo II	-
*Rutilus arcasii o Chondrostoma arcasii		VU A2ce		-
Alosa fallax	Vulnerable	VU 2cd	Anexo II	-
Alosa alosa	Vulnerable	VU 2cd		-
Anguilla anguilla	Vulnerable	VU 2cd		
Petromyzon marinus	Vulnerable	VU B1 + 2abcd	Anexo II	-
Salmo salar	Vulnerable	EN A1bd	Anexo II	
Salmo trutta trutta	Vulnerable	VU 1cde		-
Salmo trutta fario	Vulnerable	VU 1cde		-

ANFIBIOS

Especie	Figura de Protección			
Nome Científico	CGEA	UICN	Lei 48/2007	CNEA.
*Triturus boscai		LC		DIE
Triturus helveticus		LC		—
Triturus marmoratus		LC	Anexo V	DIE
Salamandra salamandra	Anexo II	VU (A2ce + B1ab)		-
*Chioglossa lusitanica	Anexo II	VU (A2c)	Anexo II e V	DIE
Alytes obstreticans		NT	Anexo V	-
*Discoglossus galganoi	Anexo II			DIE
Bufo bufo		LC		DIE
Bufo calamita		LC	Anexo V	DIE
Hyla arborea	Anexo II	NT	Anexo V	DIE
*Rana ibérica	Anexo II	VU (A2ce)	Anexo V	DIE
*Rana temporaria parvipalmata	Anexo II	LC		-
Rana perezi		LC		-

RÉPTILES

Especie	Figura de Protección			
Nome Científico	CGEA	UICN	Lei 48/2007	CNEA.
Anguis fragilis	Anexo II	LC		DIE
Chalcides striatus ou C. chalcides		LC		
Coronella austriaca		LC	Anexo V	DIE
Coronella girondica		LC		DIE
Elaphe scalaris		LC		DIE



Lacerta lepida	Anexo II	LC		
Lacerta schreiberi		NT	Anexo II e V	DIE
Malpolon monpessulanus		LC		
Natrix maura	Anexo II	LC		DIE
Natrix natrix helvetica	Anexo II	LC		DIE
Podarcis bocagei		DD		
Podarcis hispanica		LC	Anexo V	
Psammodromos alpinus		LC		DIE
Vípera seoanei		LC		

MAMÍFEROS

Especie	Figura de Protección			
Nome Científico	CGEA	UICN	Lei 48/2007	CNEA.
Apodemus sylvaticus		LC		
Arvicola sapidus		VU (B2c)		
Canis lupus		NT	Anexo II	
Capreolus capreolus		LC		
Crocidura russula		LC		
Crocidura suaveolens		DD		
Eliomys quercinus		LC		
Erinaceus europaeus		DD		
Felis sylvestris		VU (A2ce)		DIE
Galemys pyrenaicus	Anexo II	EN A1AB	Anexo II e V	DIE
Genetta genetta		LC		
Lepus granatensis		LC		
Lutra lutra		NT	Anexo II e V	DIE
Martes foina		LC		
Meles meles		LC		
Microtus agrestis		LC		
Mus domesticus		LC		
Mustela nivalis		DD		
Mustela putorius		NT		
Myotis myotis	Anexo II		Anexo II	VU
Neomys anomalus		LC		
Oryctolagus cuniculus		LC		
Pipistrellus pipistrellus				DIE
Plecotus auritus				DIE
Rattus norvegicus		NE		
Rattus rattus		DD		
Rhinolophus ferrumequinum	Anexo II		Anexo II	V
Sciurus vulgaris		LC		
Sorex granarius		NT		
Sorex minutus		LC		
Sus scrofa		LC		



Talpa occidentalis		DD		
Vulpes vulpes		LC		

AVES

Especie	Figura de Protección			
	CGEA	UICN	Lei 48/2007	CNEA.
Nome Científico				
Accipiter gentilis				DIE
Accipiter nisus				DIE
Aegithalos caudatus				DIE
Alauda arvensis				
Alcedo atthis		NT	Anexo IV	DIE
Alectoris rufa				
Anas platyrhynchos				
Anthus spinoletta				DIE
Anthus trivialis				DIE
Apus apus				DIE
Ardea cinerea				DIE
Asio otus				DIE
Athene noctua				DIE
Buteo buteo				DIE
Caprimulgus europaeus			Anexo IV	DIE
Carduelis cannabina				
Carduelis carduelis				
Carduelis chloris				
Certhia brachydactyla				DIE
Cettia cetti				DIE
Circaetus gallicus			Anexo IV	DIE
Circus cyaneus	Anexo II		Anexo IV	DIE
Circus pygargus	Anexo II		Anexo IV	DIE
Columba livia y Columba livia f.domestica				
Columba palumbus				
Corvus corax				
Corvus corone				
Corvus monedula				
Coturnix coturnix				
Cuculus canorus				DIE
Delichon urbica				DIE
Dendrocopos major		VU		DIE
Emberiza cia				DIE
Emberiza cirrus				DIE
Emberiza citrinella				DIE
Erithacus rubecula				DIE
Falco peregrinus			Anexo IV	DIE



Falco subbuteo				DIE
Falco tinnunculus				DIE
Fringilla coelebs				DIE
Garrulus glandarius				
Hippolais polyglotta				DIE
Hirundo rustica				DIE
Jynx turquilla				DIE
Lanius collurio				DIE
Lullula arborea			Anexo IV	DIE
Luscinia megarhynchos				DIE
Monticola saxatilis				
Motacilla alba				DIE
Motacilla cinerea				DIE
Oriolus oriolus				DIE
Otus scops				DIE
Parus ater				DIE
Parus caeruleus				DIE
Parus cristatus				DIE
Parus major				DIE
Passer domesticus				
Pernis apivorus			Anexo IV	DIE
Phoenicurus ochruros				DIE
Phylloscopus bonelli				DIE
Phylloscopus collybita				DIE
Phylloscopus ibericus				
Pica pica				
Picus viridis				DIE
Prunella modularis				DIE
Ptyonoprogne rupestris				DIE
Pyrrhula pyrrhula				DIE
Regulus ignicapillus				DIE
Saxicola torquata				DIE
Serinus serinus				
Sitta europea				DIE
Streptopelia turtur		VU		
Strix aluco				DIE
Sturnus unicolor				
Sylvia atricapilla				DIE
Sylvia undata			Anexo IV	DIE
Tetrax tetrax	Anexo I		Anexo IV	DIE
Troglodytes troglodytes				DIE
Turdus merula				
Turdus philomelos				DIE
Turdus viscivorus				DIE
Tyto alba				DIE



2.2. XEOGRAFÍA HUMANA

2.2.1. A ECONOMÍA

O Concello da Estrada conta cunha base económica diversificada. Na pequena cidade concéntrase a meirande parte da oferta laboral no eido dos servizos, públicos e privados, no comercio, na construción e na industria. Neste senso A Estrada tense configurado como un sistema produtivo local centrado na industria da madeira e do moble. Moitos dos empregos xerados nestes sectores van ser ocupados por persoas que continúan a residir nos núcleos rurais, evitando un maior despoboamento das aldeas e parroquias. A economía agraria presenta unha diferenza entre as parroquias do norte, nas que en relación ás súas condicións naturais atopámonos cunha gran cantidade de cultivos de horta, frugais, vide... e as do sur e centro do termo municipal nas que a gandería vacún é a principal fonte de ingresos. Significativo é tamén a existencia de gandería extensiva (vacún e equina) nas parroquias máis elevadas do concello.

Para a análise do Mercado de Traballo da Estrada recórrase aos datos do Padrón de 2008 e do Censo de 2001.

A taxa de actividade do concello é dun 48,7% moi semellante á media galega. Dos 9494 activos no 2008, 8445 estaban ocupados. Esta cifra supón unha taxa de actividade do 48,7%. Mentres, o resto, 1.042, se considera poboación parada, o que supón unha taxa de paro do 10,9%. Estes datos evolucionaron moito nos últimos anos, reducíndose a tasa de paro a case a metade en tan só cinco anos, dun 20,4 ao 10,9%.

ESTRUTURA DO MERCADO DE TRABALLO

Activos	9494	Taxa de Actividade	48,7%
Ocupados	8445	Taxa de Ocupación	34,1
Parados	1049	Taxa de Paro	10,9%

Fonte: INE Censo de 2001.

Por sectores de actividade A Estrada afástase da imaxe de concello rural. Só un 11,3% dos activos teñen esta profesión. O grupo máis importante é o corresponde aos empregados nos servizos: 4.516 empregados que supoñen o 53,5% da forza laboral local, dos que moitos viven no rural. Isto fundaméntase no papel que A Estrada desempeña como centro terciario cabeceira da comarca.


ESTRUTURA LABORAL POR SECTORES DE ACTIVIDADE

Ocupación por sectores en 2001

Agricultura	951	11,26%
Pesca	23	0,27%
Industria	1502	17,79%
Construción	1453	17,21%
Servizos	4516	53,48%
Total	8445	100%



Fonte: INE Censo de 2001.



2.2.1.1. O SECTOR PRIMARIO.

O concello da Estrada conta cunha significativa actividade económica rural asociada ás actividades agropecuarias, como compete a un termo de gran extensión. Non se pode, non obstante, catalogar o concello de rural en sentido estrito, senón que se debería catalogar como un concello de transición entre o rural e o urbano debido á presenza do núcleo urbano capital de municipio e ás fortes relacións funcionais que presenta A Estrada respecto a Pontevedra e sobre todo a Santiago.

O máis claro indicador desta situación é a porcentaxe de poboación activa dedicada a tarefas agrarias. No 2008 só 951 individuos, o 11% dos ocupados totais do municipio, traballaban en tarefas agro-gandeiras. Este é un valor relativamente reducido que mantén unha dinámica decrecente nos últimos anos.

Segundo datos provisionais ofertados polo INE referentes ao Censo Agrario de 1999, o concello conta con 3.556 explotacións agrícolas. Un número superior aos activos agrarios que se explica en base a que moitas explotacións non contan con ningún activo censado, sendo titulares das mesmas xubilados ou persoas que levan a cabo a actividade primaria a tempo parcial.

EVOLUCIÓN DO NÚMERO DE EXPLOTACIÓNS AGRARIAS

ano	nº explotacións agrícolas
1964	5459
1972	4603
1982	5360
1999	3556

Fonte: I.N.E. Censos Agrarios

Nos últimos anos apréciase unha dinámica regresiva do número de explotacións agrarias. Redúcese o seu número debido a factores relacionados co peche por abandono por envellecemento -falta de reempazo xeracional ou por inviabilidade económica das mesmas.



O abandono está moi relacionado coa elevada idade media dos titulares de explotación. Segundo datos do 1991 o 65,9% dos titulares tiñan máis de 65 anos de idade (non se conta co dato actual debido á non edición do Censo do 2001). É de prever que na actualidade a porcentaxe se teña incrementado pese aos incentivos dados á incorporación de agricultores novos.

En base aos anteriores datos pódense extraer dúas pautas a contemplar dentro do planeamento urbanístico local:

- A redución de poboación activa non implica necesariamente unha perda de poboación residente nos núcleos rurais. A perda de habitantes é menor á de activos, co cal atopamos un número significativo de residentes rurais que, non obstante, non se dedican a actividades agropecuarias. Son ocupados no sector industrial ou de servizos dentro da oferta laboral do núcleo da Estrada ou das cidades de Pontevedra e Santiago.
- A perda de activos agrarios tampouco supón unha redución da capacidade produtiva do agro. Prodúcese unha intensificación da actividade de produción que implica unha serie de riscos territoriais asociados ao incremento do uso de abonos e fertilizantes químicos (contaminación difusa do manto freático e acuíferos).

Segundo o Censo Agrario de 1999 o emprego agrícola presenta unha serie de características:

- **Carácter familiar.** A meirande parte do emprego, case o 100%, correspóndese con unidades de produción de carácter familiar vinculadas a persoas físicas.

EXPLOTACIÓNS AGRARIAS SEGUNDO PROPIEDAD XURÍDICA

Persoa física	3522
Sociedade mercantil	5
Entidade Pública	1
Coop de produtores	
SAT	1
Outros	27
TOTAL	3556

Fonte: I.N.E. Censo Agrario de 1999 (datos provisionais)

- **Xestión familiar.** Practicamente a totalidade das explotacións agrarias son autoxestionadas polos seus propietarios. Só nalgúns casos minoritarios a xestión é realizada por algún membro da unidade familiar, estando neste caso ante situacións asociadas a incorporacións de agricultores mozos (segundo os parámetros da Administración Autónoma) que se cualifican como xestores de explotacións pero non como propietarios.

**EXPLOTACIÓNS AGRÍCOLAS SEGUNDO TIPOS DE XESTIÓN.**

Xestión directa do titular	3260
Xestión por membro da familia do titular	294
Xestión por outra persoa	2
TOTAL	3556

Fonte: I.N.E. Censo Agrario de 1999 (datos provisionais)

- **Uso da terra individual.** As terras en propiedade por parte das explotacións agrícolas está nun 83%. Este dato fala da existencia dun moi débil arrendamento, ligado tanto á idiosincrasia do medio rural galego (o apego á terra), como a factores de índole económico e urbanístico (unha parcela rústica é interpretada maioritariamente como “solar” debido á tradicional permisividade á hora de construír novas vivendas no medio rural).

PROPIEDAD DA TERRA NAS EXPLOTACIÓNS

	Nº explotacións
< 10% spf da explotación propiedade do titular	25
10-25 spf da explotación propiedade do titular	20
25-50% spf da explotación propiedade do titular	82
50-75% spf da explotación propiedade do titular	214
75-90% spf da explotación propiedade do titular	247
> 90% spf da explotación propiedade do titular	2968
TOTAL	3556

Fonte: I.N.E. Censo Agrario de 1999 (datos provisionais)

- **Moderada modernización.** A meirande parte das explotacións manteñen un carácter tradicional. Como indicador desta situación pode tomarse a relación daquelas que levan a cabo sistemas de contabilidade agraria. Só 48 dentro do concello levan a cabo sistemas de contabilidade, o que significa que un 98,6% das existentes non contan con este sistema.
- **Autoformación.** A meirande parte dos agricultores fórmanse profesionalmente na mesma explotación, sendo a aprendizaxe práctica e por experiencia a máis significativa. O número de empregados neste sector con formación profesional específica é moi moderado.

FORMACIÓN DOS TITULARES DE EXPLOTACIÓN

Exclusivamente práctica	3349
Universitaria	
Profesional	202
Outra formación agraria	5
TOTAL	3556

Fonte: I.N.E. Censo Agrario de 1999 (datos provisionais)



A dinámica experimentada polas explotacións agrarias é semellante á experimentada pola poboación activa: tende a diminuír nos últimos anos. Desde 1964, data de elaboración do primeiro Censo Agrario de España o seu número redúcese en case un 35%, seguindo unha dinámica semellante á do conxunto de Galicia.

DINÁMICA DAS EXPLOTACIÓNS AGRARIAS

ano	nº explotacións
1964	5459
1972	4603
1982	5360
1999	3556

Fonte: I.N.E. Censo Agrario de 1999 (datos provisionais)

O tamaño das explotacións responde a unha estrutura da propiedade minifundista, típica do medio rural galego. Interiormente é posible o establecemento de matices. Na zona norte correspondente ao val do Ulla as explotacións son de menor superficie, mentres conforme se avanza cara as parroquias do norte o tamaño medio tende a incrementarse.

TAMAÑO DAS EXPLOTACIÓNS AGRARIAS

superficie	1964	1972	1982	1999
< 5 Has	4527	3024	3591	2501
5 a 10	758	775	768	714
10 a 20	101	344	967	259
> 20	7	4	40	72

Fonte: I.N.E. Censos Agrarios


Máis do 70% das explotacións agrarias do concello presentan unha extensión inferior ás 5 Has. A reducida superficie é unha característica que se mantén nos últimos anos, xa que nas datas de referencia, correspondentes cos anos nos que se realizan Censos Agrarios, sempre predominan este tipo de explotacións. Só unha porcentaxe moi reducida, o 2,02%, conta con máis de 20 Has.

Nas últimas décadas é posible identificar unha lixeira tendencia ao crecemento do tamaño medio das explotacións agrícolas. Aquelas cunha superficie entre 5 e 10 Has incrementan a súa representación porcentual desde un 13,8% en 1964 a un 20,7% en 1999. O mesmo pasa coas situadas entre 10 e 20 Has que significaban un 1,8% no 1964 e no 1999 son xa un 7,2%. Tales estatísticas falan dun proceso, aínda que débil, de concentración da propiedade.

Os usos do solo responden ás lóxicas de aproveitamento agropecuario. Os mesmos teñen unha repercusión directa na conformación da paisaxe e na estrutura urbanística do poboamento rural. Dentro da Estrada é posible facer unha diferenciación entre a zona norte e a do sur. As parroquias situadas na zona setentrional de val vanse caracterizar por unha maior presenza de cultivos intensivos tipo vide, froiterías, hortalizas... que alternan con zonas de prados e espazos forestais de piñeiros e eucaliptos, en moitas ocasións en zonas de repoboación. Este modelo de ocupación do

solo está en función de factores como a benignidade climática, a fertilidade dos solos ou a topografía que implican un significativo potencial agrológico. Segundo se avanza cara ao sur os cultivos van perdendo importancia, pasando a destacar sobremaneira todo tipo de forraxes. Estes ocupan as zonas máis chairas, mentres nas áreas de pendente e nas zonas máis elevadas, xa no sur do concello, o uso forestal e o de monte baixo pasan a ser predominantes. O espazo forestal asociado a monte baixo domina claramente nos rebordes montañosos da Estrada pola zona sur, este e tamén no vértice noroccidental. En lóxica ocupa aqueles espazos de maior altura e máis forte pendente, desfavorables para outros usos. Tamén aparecen en outras zonas asociado este uso maioritariamente a zonas de ruptura de pendente.

Se ben se pode apreciar unha dinámica regresiva do número de explotacións agrarias e a porcentaxe de Superficie Agraria Útil (SAU) tense reducido na última década, os usos do solo seguen a responder ás lóxicas de aproveitamento agropecuario que ten un carácter estratéxico no concello.



Fonte: Elaboración propia con datos da Consellería do Medio Rural. Anuario de estatística agraria 2005

Esta estrutura moi xeneral dos usos do solo permite atisvar unha repercusión directa na conformación da paisaxe e na estrutura dos asentamentos da poboación no rural e da propia estruturación do territorio.

Desta SAU, unha grande parte está adicada á produción de alimentos para o gando vacún que, no subsector gandeiro, é o de maior relevancia no concello da Estrada representando case que o 60% de toda a cabana gandeira no concello despois duns anos de diminución deste peso relativo dende algo máis do 84% no período 2001-2003.

A meirande parte das explotacións agrarias presentan un modelo de ocupación do solo diverso. Segundo o Censo Agrario de 1999 un 76,6% das mesmas contan con terras dedicadas



indistintamente a labradío-cultivo, a prados-pastos e a outros usos (forestal e monte baixo). As restantes tenden a presentar en exclusiva só dous usos ou mesmo un só dos citados.

USO DO SOLO POR PARTE DAS EXPLOTACIÓNS

(usos por parte de cada explotación)

nº explo	labradío- cultivo	pastos-prados	forestal-mt baixo
2733	si	si	si
76	si	si	non
384	si	non	si
32	si	non	non
167	non	si	si
16	non	si	non
139	non	non	si

Fonte: Anuarios de Estatística Agraria, I.G.E

Xunto á pequena superficie media das explotacións agrícolas da Estrada, outra característica é a excesiva parcelación das mesmas, malia á tradicional acción da Concentración Parcelaria (en adiante C.P). Non se conta cun dato actual do número de parcelas do concello. Non obstante si se pode afirmar que nas décadas pasadas se produce un forte descenso do seu número vinculado, precisamente á acción concentradora (Segundo datos extraídos dos Censos Agrarios no 1964 A Estrada tiña 155.104 parcelas que se reducen a 72.411 no 1982).

Os efectos territoriais da C.P, aparte da concentración espacial da propiedade rústica, son facilmente identificables coa construción dunha nova rede de camiños rurais que substitúe á tradicional. Sobre estas novas vías téñense localizado numerosas vivendas, o que implica a introdución de novas pautas á hora de fixar as edificacións que afectan á estrutura tradicional dos núcleos rurais. Fundamentalmente pódese afirmar que a C.P ten implicado, nesta liña, a perda do carácter compacto de moitos asentamentos xa que as vivendas construídas con posterioridade a un proceso de C.P tenden a tomar a rede viaria da C.P como soporte.

Pese a que A Estrada é un concello onde a C.P é moi importante non obstante o soporte territorial da actividade agrogandeira continúa caracterizándose por un forte minifundismo, como así se manifesta nos seguintes datos:

DATOS BÁSICOS DE ESTRUCTURA AGRARIA

Parcelas/hectárea	8
Parcelas/propietario	8,59
Superficie media por propietario	1,07

Fonte: Anuarios de Estatística Agraria, I.G.E

Con respecto á actividade gandeira débense ter en conta as seguintes consideracións:

- A actividade do gando vacún condiciona unha parte significativa dos usos do solo e, por conseguinte, das paisaxes da Estrada.



- A actividade gandeira implica a construción de diferentes tipos de cuadras e galpóns de forte incidencia sobre a estrutura dos núcleos rurais.

Dentro desta identifícase unha modalidade de gandería sen terras, fundamentalmente de porcino e en menor medida, de carácter avícola. No primeiro caso identifícase na década dos 1990 un aumento significativo tanto do número de reprodutoras como das prazas de cebo. Ao longo destes anos tamén se identifica unha certa alternancia que é resultado do carácter conxuntural da actividade.

EVOLUCIÓN DA CABANA PORCINA

	1991	1994	1997	2000
Prazas reprodutoras	763	923	1059	1098
Prazas de cebo	3369	6905	5577	5391

Fonte: Anuarios de Estatística Agraria, I.G.E

A gandería de gando vacún é a de maior importancia. No ano 2000 conta co concello con 1615 explotacións gandeiras e un número de cabezas de 7.936. A orientación produtiva presenta unha especialización láctea. O 86% das vacas son de orientación láctea, mentres o 14% restante están orientadas ao mercado da carne.

Na década dos 1990 asístese a unha redución do número de explotacións gandeiras. A Estrada perde 626 explotacións por abandono ou peche, correspondéndose estas especialmente coas de menor volume de cabezas de gando que son, consecuentemente, as de menor viabilidade económica. Non obstante a redución do número de vacas é so de 218 unidades (porcentualmente a incidencia é moito menor xa que as explotacións redúcense nun 27,9% mentres as unidades gandeiras o fan só nun 2,6%). Estas estatísticas falan dun proceso de concentración da actividade gandeira, contándose cun menor número de explotacións, pero sendo estas de maior tamaño e capacidade produtiva.

EVOLUCIÓN DAS EXPLOTACIÓNS DE GANDO VACÚN

	1992	1995	2000
Nº explotacións	2241	2064	1615
Nº total de vacas	8154	8618	7936
Vacas de leite	7700	7438	6718
Vacas de carne	454	1180	1218

Fonte: Anuarios de Estatística Agraria, I.G.E

A especialización láctea, pese a ser a maioritaria, perde certo peso na década dos 1990, debido ao incremento das vacas de orientación cárnica. Esta circunstancia é debedora de conxunturas de carácter estrutural como a saturación do mercado lácteo, o sistema de cotas, ou a menor carga de traballo que precisan as explotacións cárnicas (elemento importante en razón da redución significativa do emprego agrario).



No tocante á estrutura das explotacións de gando vacún é posible expoñer unha dualidade entre aquelas de menor tamaño que practicamente teñen un carácter residual, non sendo a principal fonte de ingresos da unidade familiar. E aquelas outras de maior dimensión que si adquiren un carácter plenamente profesional.

ESTRUTURA DAS EXPLOTACIÓNS DE GANDO VACÚN

cabezas gando	1995		2000	
	nº explt	nº vacas	nº explt	nº vacas
1-2	726	1138	567	835
3-4	607	2107	409	1392
5-9	530	3326	395	2545
10-19	152	1983	170	2210
+ 20	49	1433	74	2590

Fonte: Anuarios de Estatística Agraria, I.G.E

As menores de 10 cabezas dificilmente poden asegurar o sustento a unha unidade familiar. Son, non obstante, as máis numerosas dentro do concello. O seu número supón un 84% das existentes, pero só contan co 49,8% das cabezas de gando. Trátase de explotacións a tempo parcial ou que se manteñen en mans de titulares de elevada idade.

Nos últimos anos identifícase unha dinámica de desaparición e peche progresivo das explotacións de menor tamaño. No 1995 aquelas menores de 10 cabezas son un total de 1.863, mentres só 5 anos máis tarde temos 492 menos. É dicir un descenso do 23,8%. Pola súa banda aquelas que contan con máis de 10 cabezas só se reducen en 47 explotacións que supoñen un 2,9% respecto ao valor inicial. Nesta dinámica téndese a concentrar as cabezas de gando nas granxas de maior tamaño. Como referencia deste proceso no 1995 o 34% das vacas do municipio estaban neste tipo de explotacións, porcentaxe que se incrementa notablemente no 2000, pasando a significar xa un 73,1% do total da cabana vacua do concello.



2.2.1.2. O SECTOR SECUNDARIO.

Moitas das actividades do sector secundario encóntranse no medio rural afectando tanto ás relacións entre os asentamentos tradicionais como ao medio natural circundante. Estas actividades están relacionadas coa construción e a industria e xogan un papel fundamental na estrutura económica do concello, porén no período 2003-2008 prodúcese unha variación da actividades industriais (incluída a construción) que contrae estas ramas de actividade nun 1,7%.

Actividades de industria e construción	475
Actividades industriais	226
Enerxía e auga	3
Extracción y transformación minería enerxía e derivados; industria química	26
Industrias transformadoras de metais; mecánica de precisión	36
Industrias manufactureiras	161
Actividades construción	249
Variación actividades industriais 03-08 (%)	-1,7

Fonte: Centro de estudos de La Caixa. Anuario Económico de España 2009.

Pola súa parte o auxe da construción nos últimos anos tivo unha importancia significativa como actividade produtiva na Estrada, non só pola súa contribución directa senón tamén polas actividades asociadas que nos últimos anos se xeraron ao seu carón. Así aos aproximadamente 1.500 empregados na construción habería que engadir os empregos das empresas subministradoras e de servizos asociados neste nicho de emprego.

Pola súa parte, a base puramente industrial da Estrada está conformada por unha rede de pequenas e medianas empresas que deseñan unha rede que ofrece unha certa estabilidade baseada nunha actividade non concentrada na titularidade das industrias e empresas.

Se ben a actividade non se concentra en termos de titularidade, as industrias manufactureiras son as que teñen máis importancia no tecido local. En especial aquelas especializadas na rama da madeira e o moble.

A meirande parte destas empresas se localizan nas inmediacións do casco urbano, polo que unha ordenación apropiada para estas actividades permitiría compatibilizar as súas necesidades de desenvolvemento e expansión coa propia dinámica do núcleo urbano a prol dunha mellora da habitabilidade.

Esta actividade relacionada co moble e a madeira xoga un papel fundamental na socioeconomía e na propia identidade do concello da Estrada, e como tal debe ser considerada no deseño de estratexias de futuro.

RELACIÓN DAS PRINCIPAIS INDUSTRIAS DA ESTRADA

POLÍGONO INDUSTRIAL DA GRELA (ARNOIS).

- Rocas elaboradas Balboa, S.L.
- Pneumáticos Manolo, S.L.
- Talleres Ravife, S.L.



- Mobles Arnoa, S.L.
- Cafetería Bodedos, S.L.
- O Home do Saco, S.L.
- Talleres López Couto, S.L.

POLÍGONO INDUSTRIAL DE LAGARTÓNS

- | | |
|---------------------------------|---------------------|
| - Herfica, S.L. | Madeira Construción |
| - Carvil, S.L. | Madeira Construción |
| - Loga, S.L. | Madeira Construción |
| - Carpintería Estelar, S.L. | Madeira Construción |
| - Euronazca, S.L. | Madeira Construción |
| - Muebles Pose Mato | Madeira Construción |
| - Campos, S.L. | Madeira Construción |
| - Frisegal, S.L. | Madeira Construción |
| - Mavalca, S.L. | Madeira Construción |
| - Hermanos Iglesias, S.L. | Madeira Construción |
| - Madegal, S.L. | Madeira Construción |
| - Panadería A Fogaza, S.L. | Alimentación |
| - Gesver, S.C. | Barnizados |
| - O Ferreiro, S.L. | Cerraxería |
| - E. Trigo, S.L. | Electrodomésticos |
| - Servizos Puente Liñares, S.L. | Estación de Servizo |
| - Leñas Lagartóns | Leña-Calefacción |
| - Regatos, S.C. | Restauración |
| - Auto-Avanti. | Taller mecánico |

POLÍGONO EMPRESARIAL DE MATALOBOS

- | | |
|------------------------------|--------------------------|
| - Dalarjo, S.L. | Materiais construción |
| - Ferros Pedregal. | Materiais construción |
| - Buela. | Materiais construción |
| - Vidrios Mos. | Materiais construción |
| - Aluminios Estrada. | Materiais construción |
| - Tato Escaiolas. | Materiais de construción |
| - Marbre. | Pintura |
| - Maceiras Filloy. | Elaboración de pedra |
| - Planta de formigón. | Formigón |
| - Castro Cuns. | Construción |
| - Luís Camba, S.L. | Construción |
| - Puga, muebles. | Fábrica de mobles |
| - Lany y Rey. | Fábrica de mobles |
| - Antonio Goldar. | Fábrica de mobles |
| - Industrial do Moble. | Fábrica de mobles |
| - Prado Renda. | Fábrica de mobles |
| - Martínez Otero. | Fábrica de mobles |
| - Brasil-Car Citroën. | Automóbil |
| - Blanco-Ford. | Automóbil |
| - Automóbiles Mouriño Skoda. | Automóbiles |



- Automóbiles Gestoso.	Automóbil
- Electricidade Otero.	Electricidade automóbil
- Gallega de plátanos.	Distribución de froitas
- Frucogal.	Distribución de froitas
- Manuel Porto, bebidas.	Distribución bebidas
- Puyma.	Distribución madeiras
- Sorega, S.L.	Representacións distribucións
- Casch Galicia.	Distribución alimentación
- Masco Marketing Services, S.L.	Importacións, exportacións
- Imbanor, bacalao.	Importación bacalao
- Manuel Blanco Casais.	Cría de aves
- Panadería Cervela.	Panadería
- Andar Strada.	Inmobiliaria
- Manuel Otero, torneiro.	Torno en madeira
- Manolo Suárez.	Varios
- Duvi, S.L.	Confección
- Instele.	Instalacións eléctricas
- Matadeiro.	Matadeiro
- Hotel Summa.	Hotel
- Sir Portugal.	Elaboración cortezas árbores

POLÍGONO INDUSTRIAL DE TOEDO

- Cociñas Toedo S. Coop.	Fabrica de muebles
- Enrique García Lorenzo.	Fábrica de muebles
- Mobles El Zar S.L.	Fábrica de mobles
- Muebles Blanco y Pereiras S.L.	Fábrica de mobles
- Valiñas y Buela S.L.	Carpintería de madeira
- Unimet	Carpintería metálica
- Marbe Hispania S.L.	Materiais de construción
- Ferros Diego S.L.	Distribución aceiro
- Martínez y Neira S.L.	Construción
- Requeijo y Montaña S.L.	Construción
- Sometal SLU	Construción
- Strada Metal S.L.	Construción
- Vidriomos S.L.	Cristalería
- Antonio Garrido Sanmartín	
- Calpep Bebé S.L.	Confección
- Carlos Magariños Costenla	
- Centro Elegante C.B.	Lavado y planchado de ropa
- Espectáculos Chapín S.L.	Agencia de espectáculos
- Frende S.L.	Pneumáticos e transportes
- Estrada de transportes S. Coop.	Transporte
- Froitas e patacas Asorey S.L.	Venta de froitas
- Lambetadas Discolam S.L.	Distribución alimentación
- Gravados Estrada S.L.	Gravados en pedra
- Hermanos Picaño S.L.	Piensos
- Induvica Pontevedra S.L.	Venta e distribución



- | | |
|------------------------------------|---------------------------------|
| - Puente Arana Distribución. | Distribución |
| - Talleres Duran Seijas S.L. | Mecanizados |
| - Leal y Soares España S.L. | Reciclado de produtos orgánicos |
| - Cuatro y Media Comunicación S.C. | Comunicacións |
| - Enmarcaciones Mundomarco S.L. | Fabricación de cadros |

Como se pode observar no listado das principais empresas o sector da madeira e o moble é o máis importante da Estrada. Esta especialización ten dado lugar á formación dun sistema produtivo local especializado neste sector.

2.2.1.3. O SECTOR TERCIARIO

Os servizos son o sector principal de ocupación da Estrada, cunha porcentaxe do 53,5% no 2008 concentrándose principalmente no núcleo urbano da Estrada e localizando aqueles servizos públicos para abastecer ao concello e á comarca dependendo os núcleos rurais completamente destes servizos.

Un subsector en alza moi vinculado ao mundo rural é o do turismo, considerándose como unha alternativa á alta taxa de ocupación no sector terciario concentrado na vila. A Estrada conta con varias potencialidades e recursos de interese que a están a converter nunha actividade económica de valor estratéxico. Destacan os seguintes:

- Infraestrutura hostaleira con unha excelente rede de aloxamentos de turismo rural.
- Proximidade e accesibilidade respecto aos centros urbanos rexionais.
- Recursos Naturais e paisaxe de gran calidade e un nivel aceptable de conservación.
- Riqueza pesqueira con cotos deportivos.
- Riqueza do patrimonio monumental con elementos de referencia a escala galega como o Pazo de Oca.
- Forte tradición de manifestacións etnográficas e cultural, tales como a “Rapa das Bestas” ou a Festa do Salmón.
- Existencia de organizacións promotoras de actividades turísticas (Centro de Iniciativas Turísticas) e de empresas dedicadas a dar servizos especializados.



2.2.2. A SOCIEDADE


O longo do século XX A Estrada sempre mantivo uns volumes demográficos por riba dos 20.000 habitantes. Nesta dinámica alcanza un máximo de 28.716 habitantes no 1960 e un mínimo de 21.886 no ano 2008.

As características territoriais da Estrada maniféstanse a nivel demográfico na existencia dun forte contraste entre o espazo rural e a pequena cidade da Estrada. O núcleo experimenta unha dinámica fortemente positiva desde principios de século. Pasa de supor só o 5,9% da poboación total do concello no 1900 a significar no 2000 un 36,7% do conxunto municipal. As parroquias rurais experimentan unha situación inversa. Ao longo do pasado século perden un número significativo de habitantes: entre 1900 e o 2000 perden 8.435 habitantes. (perda que é maior, en concreto 12.339 individuos, se se toma como referente o momento de máis forte densidade rural que é o ano 1960). Consecuencia desta evolución regresiva temos que a poboación rural diminúe progresivamente a súa participación no conxunto do municipio: pasa de significar o 94,1% no 1900 ao 63,3% no 2000.

EVOLUCIÓN DEMOGRÁFICA COMPARADA RURAL-URBANO

	concello	urbano	rural
1900	23.916	1.421	22495
1910	24.168	1.145	23023
1920	25.471	1.177	24294
1930	26.623	1.173	25450
1940	27.240	1.447	25793
1950	28.169	1.770	26399
1960	28.716	2.678	26038
1970	27.550	3.884	23666
1981	25.719	4.909	20810
1991	21.958	6.917	15041
2000	22.216	8.156	14060

Fonte: Nomenclátore de Poboación. I.N.E



Na secuencia demográfica da Estrada é posible establecer dúas fases claramente diferenciadas:



- **1ª Fase: de 1900 a 1960.**

Durante este período o concello experimenta un continuo crecemento, con taxas de 4-5 puntos anuais, ata o 1960 que é cando acada o seu máximo poboacional. Esta dinámica é consecuencia dunha elevada taxa de natalidade, capaz de contrarrestar os efectos dunha mortalidade ordinaria en vía paulatina de redución, e os efectos derivados das saídas migratorias de principios de século cara América do Sur, e os factores conxunturais asociados á Gripe do 18 e, moi especialmente, da Guerra Civil.

Neste período a meirande parte da poboación do concello reside no espazo rural. En todo momento conta cuns valores porcentuais superiores ao 90%, condicionando a dinámica do conxunto do concello.

Pola contra a poboación residente no núcleo en ningún momento supera o 10% do total municipal. Mesmo nas primeiras décadas experimenta un estancamento-regresión, tendo que agardar a 1940 para que se recupere o volume demográfico de primeiros de século.

A situación demográfica é reflexo dunha estrutura económica baseada nas actividades agrícolas, baixo un modelo autoconsumista, con mínimos intercambios comerciais. O núcleo por aqueles momentos era só un moi modesto centro de servizos para a poboación do seu contorno próximo, carecendo de estímulos suficientes como para xerar ao seu redor unha dinámica de crecemento e expansión humana.

- **2ª Fase: de 1960 a 2000.**

Neste período o concello experimenta unha regresión demográfica bastante intensa que vai desde o momento de máximo volume poboacional, o 1960, ata o 1991 momento no que se acada o mínimo, para xa na década de 1990 asistirse a un lixeiro repunte poboacional.

Os motivos desta redución estriban na apertura dunha intensa sangría migratoria que se dirixirá, fundamentalmente, aos países da Europa Occidental (Francia, Suíza, Alemania,...), ás cidades españolas en proceso de industrialización (Bilbao, Barcelona,...), mesmo ás galegas (Vigo), e en menor medida cara América Latina (Venezuela, Arxentina,...). Así mesmo esta situación acompáñase dunha drástica redución da natalidade e do número de fillos de cada unidade familiar, sendo esta redución especialmente forte con posterioridade a 1980.

A nivel interno do concello prodúcese unha inversión da tendencia poboacional. As parroquias do rural experimentan unha redución progresiva dos seus efectivos demográficos, que leva a que no 2000 a porcentaxe de estradenses residentes nestas áreas sexa dun 63,3%. As causas deste proceso de perda de habitantes son o éxodo migratorio que afecta ás aldeas e lugares do rural e, tamén, ao traspase de poboación desde as mesmas cara a pequena cidade da Estrada que, en parello, medra de poboación.

O núcleo urbano experimenta un espectacular crecemento, sobre todo nas décadas de 1970 e 1980, que o leva a incrementar a súa participación porcentual no conxunto do municipio ata un 36,7%. As



taxas de aumento son espectaculares, fixéndose un aumento, respecto a principios de século dun 573,9%, e un incremento numérico entre 1960 e o 2000 de 5.478 habitantes.

As claves explicativas deste proceso susténtanse na consolidación do núcleo como a cabeceira comarcal dun ampla zona rural, circunstancia que leva implícito o desenvolvemento dunha base de servizos, públicos e privados, que xunto á expansión dun sistema produtivo local especializado na fabricación de mobles, lle permite ofertar unha ampla bolsa laboral. A creación de emprego atrae a residentes das propias parroquias do concello que pasan a residir na pequena cidade, e tamén aos emigrantes retornados, moitos dos cales eran antigos habitantes do rural. Estas circunstancias permiten este singular ritmo de aumento poboacional malia á forte redución da natalidade.

2.2.2.1. CRECEMENTO NATURAL DA POBOACIÓN

O crecemento natural ou vexetativo analiza a diferenza natural entre nacementos e defuncións nun determinado período, o cal nunha estrutura demográfica estable inflúe de maneira sustancial na evolución desta variable.

Facendo esta comparación entre nacementos e defuncións para o concello da Estrada cos datos dos últimos 10 anos, o resultado tira un saldo vexetativo negativo ano tras ano, é dicir, un maior número de defuncións que de nacementos cada ano.


Unha análise exclusivamente dende a perspectiva do crecemento vexetativo arroxa que na última década, o concello da Estrada perdeu 1.308 habitantes considerando os 1.487 nacementos fronte ás 2.795 defuncións que se produciron no período.

NACEMENTOS, DEFUNCIÓNS E SALDO VEXETATIVO DA ESTRADA. 1998-2007

	Nacementos	Defuncións	Saldo vexetativo
1998	144	276	-132
1999	157	279	-122
2000	134	302	-168
2001	160	269	-109
2002	152	247	-95
2003	151	282	-131
2004	150	276	-126
2005	142	300	-158
2006	139	274	-135
2007	158	290	-132
totais	1.487	2.795	-1.308

Fonte: IGE. Movemento natural de poboación

Graficamente pódese apreciar como a evolución é moi constante, o que significa que o signo negativo do crecemento vexetativo ven provocado por causas estruturais que non están directamente asociadas a eventos puntuais ou situacións coxunturais e que, polo tanto, requirira de medidas estratéxicas de longo prazo para revertir este signo.




Fonte: Elaboración propia con datos do IGE. Movemento natural de poboación

Os problemas de estrutura na pirámide poboacional provocados por esta situación xogan un papel importante na liña da tendencia da evolución poboacional en termos absolutos e, polo tanto, deberán ser estudados e considerados especialmente para establecer estratexias que posibiliten ou favorezan unha recuperación neste sentido.

Basta con ampliar o período de referencia para poder apreciar como é a diminución no número de nacimentos o que provoca un crecemento vexetativo negativo dende primeiros dos anos oitenta cando o número de nacimentos descende por baixo das defuncións.




Dende a década dos noventa ate o momento actual obsérvase unha constancia mantida nos datos que arrojan un saldo vexetativo que se mantén nunha perda anual media superior aos 100 habitantes por ano.



Fonte: Elaboración propia con datos do IGE. Movemento natural de poboación

2.2.2.2. MIGRACIONES

O estudo dos movementos migratorios permitirá ofrece unha visión máis coxuntural da poboación pero que pode resultar na identificación de tendencias estruturais perniciosas para os intereses da Estrada.



Fonte: Elaboración propia con datos do IGE. Movemento natural de poboación



Observando o carácter positivo do saldo migratorio total, pódese concluír que nos últimos dez anos, ten colaborado para que o decrecemento poboacional non teña sido aínda máis agudo no concello da Estrada.


Porén, a través dunha primeira visión aos lugares de orixe e destino podemos apreciar un primeiro síntoma de debilidade no feito de que o saldo interno (intraprovincial e galego) é moi negativo en todo o período e incluso o é máis se engadimos as migracións ao resto do Estado Español. Polos 1.008 inmigrantes estranxeiros que chegaron á Estrada, 741 estradenses marcharon destino á provincia (115), outras provincias galegas (243) e ao resto de España (383).

MOVEMENTOS MIGRATORIOS DA ESTRADA. 1998-2008

	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007
Intraprovincial	-2	-29	-10	13	-15	2	-39	-6	-54	25
Co resto de Galicia	-14	-33	-18	-19	-21	-46	-19	-16	-1	-56
Saldo interno	-16	-62	-28	-6	-36	-44	-58	-22	-55	-31
Co resto de España	-53	-24	-75	-89	-7	-36	-24	-15	-39	-21
Co estranxeiro	74	93	162	77	93	94	117	92	106	100
Saldo externo	21	69	87	-12	86	58	93	77	67	79
Total	5	7	59	-18	50	14	35	55	12	48

Fonte: INE. Estatística de variacións residenciais

Analizando máis pormenorizadamente a evolución dos cifras migratorias segundo os principais lugares de orixe e destino constátase unha perda de competitividade en atractivo residencial da Estrada e da comarca de Tabeirós – Terra de Montes xa que, os saldos migratorios negativos se producen con respecto a outras comarcas dentro da provincia e respecto a outras provincias, tanto galegas como doutras Comunidades Autónomas.



Fonte: Elaboración propia con datos do INE. Estatística de variacións residenciais.



Ao non existiren datos da emigración ao estranxeiro nos anos 1998 – 2001, estes foron estimados a través da media anual do resto do período

A pesares de que os movementos migratorios compensan en parte o saldo vexetativo, non chegan a situalo nunha senda de crecemento positivo. A importancia en termos absolutos da inmigración que chega do estranxeiro vese mermada pola emigración interprovincial, galega e tamén con España, pero en especial, a estrutura poboacional concello da Estrada sofre se facemos unha análise cualitativa das cohortes de idade e perfís da cidadás e cidadáns substituídas.

2.2.2.3. CRECEMENTO REAL

O crecemento real, resultado da diferenza entre o crecemento natural e os saldos migratorios traduce a dinámica demográfica global dun territorio. No conxunto da Estrada presenta na última década un resultado de -1042 individuos (o 4,75% da poboación do municipio). Este resultado negativo débese a que a perda de habitantes por vía natural non é contrarrestado polos saldos migratorios positivos dos últimos anos. É dicir, a redución da taxa de natalidade, con valores extraordinariamente baixos, condiciona de xeito claro a dinámica poboacional do concello.

ÍNDICES DEMOGRÁFICOS FUNDAMENTAIS

	crct natural	saldo migrat	crct real
1998	-132	5	-127
1999	-122	7	-115
2000	-168	59	-109
2001	-109	-18	-127
2002	-95	50	-45
2003	-131	14	-117
2004	-126	35	-91
2005	-158	55	-103
2006	-135	12	-123
2007	-133	48	-85

Fonte: I.G.E. Series Estatísticas

Dentro da dinámica xeral do concello é posible expoñer unha diferenciación entre a zona rural e a pequena cidade da Estrada. O máis significativo é a concentración dos nacementos na capital municipal, mentres as parroquias presentan unha caída moi forte nos seus nacementos. En concreto desde o 1-01-2001 ao 25-03-2002, o 50,2% dos nacementos teñen tido lugar no núcleo urbano. No resto das parroquias danse situacións ambivalentes. Desde algunhas que non presentan nacementos neste período (en concreto 12), a outras, as máis importantes como Berres, Codeseda ou San Xurxo de Veá, cunha media de 4 nados neste período temporal, cando a media por parroquia se sitúa en 2-3 nacementos.



NACEMENTOS DENDE O 1-01-2001 ao 25-03-2002

	<u>nº nacementos</u>
A Estrada (San Paio)	108
A Somoza (Santo André)	2
Aguíóns (Santa María)	3
Arca (San Miguel)	3
Arnois (San Xiao)	2
Baloira (San Salvador)	1
Barcala (Santa Mariña)	2
Berres (San Vincenzo)	4
Callobre (San Martiño)	6
Cereixo (San Xurxo)	2
Codeseda (San Xurxo)	4
Cora (San Miguel)	4
Couso (Santa María)	3
Curantes (San Miguel)	2
Frades (Santa María)	2
Guimarei (San Xiao)	2
Lagartóns (Santo Estevo)	2
Lamas (San Breixo)	1
Liripio (San Xoán Bautista)	1
Loimil (Santa María)	1
Matalobos (Santa Baia)	1
Moreira (San Miguel)	2
Nigoi (Santa María)	1
Oca (Santo Estevo)	2
Olives (Santa María)	1
Orazo (San Pedro)	3
Ouzande (San Lourenzo)	2
Parada (San Pedro)	1
Pardemarín (Santa Baia)	2
Remesar (San Cristovo)	3
Ribeira (Santa María)	1
Rubín (Santa María)	3
Santeles (San Xoán)	4
to (Santo André)	1
Tabeirós (Santiago)	1
Toedo (San Pedro)	2
Vea (San Xiao)	4
Vinseiro	2
Vea (Santo André)	2
Vea (Santa Cristina)	3

Fonte: Rexistro Civil.

2.2.2.5. EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN



No período de vixencia do plan, a estratexia ao respecto da vivenda debe dar resposta a varias necesidades que se interrelacionan e complementan para contribuír á recuperación de poboación e ao desenvolvemento social e económico do concello da Estrada.

O núcleo urbano vai centralizar a maioría do futuro crecemento do concello pero a actual situación de retorno de persoas emigradas ou que buscan un espazo cunha elevada calidade de vida vai verse favorecida pola existencia dun novo plan xeral que vai potenciar todas as posibilidades do medio rural polo que é previsto que se eleve o número de habitantes no rural, segundo se explica na memoria xustificativa.

Tentando frear a migración en orixe e a fixación de poboación no rural, faise preciso tamén o favorecemento da instalación e da construción de novas vivendas neste entorno para posibilitar o crecemento natural previsto de cada asentamento . Esta necesidade podería verse potenciada con unha recuperación das actividades económicas ligadas ao rural así como a diversificación das actividades no mesmo, influíndo de forma positiva no crecemento poboacional.



2.3. USOS ACTUAIS DO SOLO

2.3.1. O USO AGROPECUARIO

O concello da Estrada benefíciase dende o ano 1959 con varios procesos de concentración parcelaria desenvolvidos en distintos anos, afectando a amplas áreas de solo produtivo agropecuario, dispoñendo de grandes extensións superficiais concentradas, cuxo asentamento por parroquias é o seguinte:

	NOME DA ZONA	ESTADO DE TRAMITACIÓN	FASE APROBADA	PUBLICACIÓN DECRETO	SUPERFICIE (ha)
1	Agar	Rematada	Títulos entregados	20.05.83	114
2	Aguións	Rematada	Títulos entregados	28.07.70	150
3	Ancorados	Rematada	Títulos entregados	17.04.72	295
4	Arca - Nigoi: Sector Arca	En proceso aberto	Bases Definitivas	07.05.07	330
5	Arca - Nigoi: Sector Nigoi	Rematada	Títulos entregados	21.02.95	208
6	Arnois	Rematada	Títulos entregados	04.11.93	210
7	Barbude	Rematada	Títulos entregados	12.04.84	149
8	Barcala	Rematada	Títulos entregados	18.05.95	242
9	Berres	Rematada	Títulos entregados	21.11.77	317
10	Callobre	Rematada	Títulos entregados	15.06.79	325
11	Callobre - Rubín	Rematada	Acordo Firme	09.01.09	476
12	Cereixo	Rematada	Títulos entregados	26.11.81	172
14	Codeseda	En proceso aberto	Bases Definitivas	21.05.07	1063
15	Curantes - Olives	Rematada	Títulos entregados	23.07.74	350
16	Frades	Rematada	Títulos entregados	17.07.01	130
17	Fraíz	Rematada	Acordo Firme	09.01.08	345
18	Guimarei	Rematada	Títulos entregados	14.06.80	244
19	Lagartóns	Rematada	Títulos entregados	11.02.83	221
20	Liripio	Rematada	Acordo Firme	28.10.08	241



21	Loimil	Rematada	Títulos entregados	15.12.80	124
22	Matalobos - Toedo	Rematada	Títulos entregados	13.05.82	745
23	Monte de Agar - Acorados	Rematada	Títulos entregados	26.09.01	465
24	Monte de Berres - Santo Tomé de Acorados	Rematada	Títulos entregados	30.01.06	318
25	Monte de Moreira	Rematada	Títulos entregados	21.12.07	244
26	Monte Val do Vea - Fase I	En proceso aberto	Acordo	13.01.05	747
27	Monte Val do Vea - Fase II	En proceso aberto	Bases Definitivas	23.03.00	586
28	Moreira	Rematada	Títulos entregados	29.09.79	340
29	Orazo	Rematada	Títulos entregados	-	265
30	Parada	Rematada	Títulos entregados	-	236
31	Paradela	Rematada	Títulos entregados	-	160
32	Pardemarín - Lamas	Rematada	Títulos entregados	03.04.81	352
33	Pardemarín - Lamas - Olives	Rematada	Títulos entregados	27.02.03	358
34	Remesar	Rematada	Títulos entregados	06.06.80	275
35	Ribeira	Rematada	Títulos entregados		246
36	Rivela	En proceso aberto	Acordo	18.06.02	205
37	Rubín	Rematada	Títulos entregados	18.12.74	200
38	Sabucedo	Rematada	Títulos entregados		65
39	Vea (Santo André)	Rematada	Títulos entregados		296
40	Oca	Rematada	Títulos entregados	15.02.80	178
41	Riobó	Rematada	Títulos entregados	06.06.80	153
42	Castro	Rematada	Títulos entregados	28.01.80	229
43	Cora	Rematada	Títulos entregados	06.06.75	186
44	Vea (San Xiao)	Rematada	Títulos entregados	06.06.78	212
45	Vea (San Xurxo)	Rematada	Títulos entregados	10.01.77	252
46	Vea (Santa Cristina)	Rematada	Títulos entregados	26.09.72	205



47	Vinseiro	Rematada	Títulos entregados	02.06.04	430
48	Couso	Rematada	Títulos entregados		163
49	Santeles	Rematada	Títulos entregados	15.04.94	478
50	Somoza - Ouzande	Rematada	Títulos entregados	13.03.79	232
51	Tabeirós	Rematada	Títulos entregados	21.06.06	276
Fonte: Consellería do Medio Rural					

Así mesmo cuantifícanse as superficies e os aproveitamentos agrícolas do municipio da Estrada, en base ós datos obtidos do censo agrario de 1999 (publicados en 2002) INE.

SUPERFICIES E APROVEITAMENTOS DO MUNICIPIO DA ESTRADA (HA).

TERRAS LABRADAS	PRADOS PERMANENTES	ESPECIES ARBÓREAS FORESTAIS	OUTRAS TERRAS NON FORESTAIS	TOTAL
2.642	4.904	7.124	4.140	18.810

Por último establécese a desagregación das terras labradas.

HERBÁCEOS	FROITEIROS	OLIVAR	VIÑEDO	OUTRAS	TOTAL
2.245	165	0	229	3	2.642

A tódalas concentracións parcelarias realizadas nos últimos dez anos e ós solos de alta produtividade agrícola ou gandeira un grao de protección como solo rústico de protección agropecuaria.



2.3.2. O USO FORESTAL

O marco forestal da Estrada componse de dous grandes grupos de superficie que por distintas razóns, nun caso os valores ecolóxicos, ambientais, paisaxísticos e produtivos e noutro por imperativo legal (os afectados por incendios nos últimos cinco anos segundo o art. 32. 2.b) da *Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, coas modificacións xurdidas á mesma posteriormente*, e tamén os montes públicos e os montes veciñais en man común), son obxecto de especial protección.

Un forte risco ambiental é o asociado á problemática dos incendios forestais. A Estrada, pola súa extensión superficial e a importante zona con uso forestal e de monte baixo, ten un risco de incendio potencialmente elevado. As consecuencias derivadas pasan a ser a perda da calidade paisaxística, o incremento do risco de erosión pola perda da capa vexetal e a emisión á atmosfera de diversos elementos contaminantes.

Se atendemos á distribución dos incendios forestais na década de 1990, pódese concluír afirmando que na zona sur existe un maior risco de incendio. As causas son variadas: menores densidades humanas, maior cantidade de espazo abandonado, maior presenza de monte baixo, dificultades de acceso ás áreas de maior risco... Nas parroquias do sur e da zona centro o número de sinistros redúcese xa que nos encontramos cunha máis importante presenza humana traducida nun incremento da superficie cultivada e nunha máis ampla distribución dos asentamentos de poboación.

En consecuencia son obxecto de especial protección os seguintes ámbitos:

- Solos rústicos de protección forestal en base ós seus valores produtivos, por ser bidóns de masas arbóreas.
- Solos rústicos devastados por incendios nos últimos cinco anos. Neste segundo grupo inclúense exclusivamente os montes devastados por incendios que, segundo rexistro da consellería de medio ambiente son:

NOTA: En adiante falaremos **LOUG** para referirnos á *Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, coas modificacións introducidas pola Lei 15/2004, do 29 de decembro, a Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, a Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urxentes en materia de vivenda e solo, a Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría en Galicia, a Lei 18/2008, do 29 de decembro, de vivenda de Galicia e a Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medida urxentes.*



NÚMERO DE INCENDIOS E SUPERFICIES QUEIMADAS NO CONCELLO DA ESTRADA - PERÍODO 1998-2012 (ATA O MES DE AGOSTO)

ANO	Nº INCENDIOS	SUP. ARBÓREA	SUP. RASA	SUP. TOTAL
1.998	131	145,1	500	645,1
1.999	56	3,45	55,88	59,33
2.000	67	66,36	72,95	139,31
2.001	67	40,88	206,74	247,62
2.002	99	59,07	165,26	224,33
2.003	68	9,81	10,64	20,45
2.004	9	-	-	74,10
2.005	25	-	-	678,81
2.006	24	-	-	624,25
2.007	3	-	-	2,29
2.008	7	-	-	110,96
2.009	3	-	-	7,55
2.010	21	-	-	9,27
2.011	34	-	-	46,24
2.012	13	-	-	14,61
TOTAL	627	-	-	2.904,22

Fonte: Consellería do Medio Rural

A continuación cuantifícanse as superficies e os usos forestais do municipio da Estrada, en base ós datos obtidos do Mapa de Usos do solo.


FORMACIÓN FORESTAL	Superficie (ha)
Bosque de ribeira	212,04
Carballeira	1568,25
Castiñeiral	3,17
Bosque mixto frondoso	0,95
Bosque mixto	1730,93
Bosquetes mixtos frondosos	61,33
Bosquetes mixtos	714,67
Bosque plantación	5059,95
Piñeiral	2639,83
Piñeiral/eucaliptal	389,22
Eucaliptal	202,11
Eucaliptal/piñeiral	69,17
Bosquetes de eucalipto	25,46
Bosquetes de piñeiro	918,63
Bosquetes de piñeiro/eucalipto	264,07
Mato	3910,07
Cultivos e prados artificiais	9838,41
Superficie desarborada por incendios	204,04
Superficie desarborada por talas	3,99
TOTAL	27816,29



O conxunto de tódolos solos definidos son obxecto de protección como Solo rústico de protección forestal. Non se inclúen montes catalogados como veciñais ou públicos en man común por non rexistrarse ningún en todo o termo municipal.

A partir destes datos elabórase o mapa de usos do solo no que a diversidade de ocupación do territorio tradúcese en:

- **Uso forestal conservativo**, onde existen masas seminaturais formadas por coberturas arbóreas autóctonas que podemos atopar nas marxes dos ríos, nas sebes arbóreas, nos regatiños que aflúen a regos principais e nas ladeiras das montañas, a medida que ascendemos.
- **Uso forestal produtivo**, onde existen masas semiculturais ou culturais formadas por coberturas alóctonas (de piñeiro ou eucalipto) que podemos atopar como masas arbóreas en monocultivo con vocación produtivista.
- **Uso gandeiro**, onde existen matogueiras.
- **Uso agrogandeiro**, onde existen terras de cultivo e prados.
- **Uso recreativo**, onde existen parques.
- **Uso improdutivo**, onde temos unha superficie desarborada temporalmente por ter sido talada ou queimada e estar á espera de renovar a súa cobertura vexetal.
- **Artificial**, correspóndese cos solos urbanizados do concello.



MAPA DE USOS DO SOLO



2.4. VALORES AMBIENTAIS

Toda tarefa de ordenación territorial require da identificación das áreas máis fráxiles ou vulnerables do municipio para poder ordenalas consecuentemente. Estas posúen valores ambientais e didácticos pola súa xeomorfoloxía, pola fauna ou pola flora, que serán precisos conservar e divulgar ao público en xeral para o seu coñecemento. Serán clasificados no Plan Xeral como Solo rústico de protección de espazos naturais e plantéxanse zonas de transición entre elas a través dos ríos igualmente clasificadas. O estudo centrouse na identificación de cada unha denominadas ÁREAS DE INTERESE AMBIENTAL.

En primeiro lugar, certas áreas do Concello de A Estrada están catalogadas desde o punto de vista ambiental, contando con figuras de protección de rango autonómico:

	CATALOGACIÓN
Sistema Fluvial Ulla-Deza	Zona de Especial Protección dos Valores Naturais polo Decreto Rede Natura 2000.
Brañas de Xestoso (Lagoa Sacra de Olives)	Zona de Especial Protección dos Valores Naturais polo Decreto Rede Natura 2000 e Normas Subsidiarias e Complementarias de Planeamento da COTOP.
Bico de Curantes (Fervenza de Callobre)	Normas Subsidiarias e Complementarias de Planeamento da COTOP.

Pero ademais destes espazos naturais en réxime de protección xeral, o traballo de diagnose realizado identificou outras áreas con valores ambientais. Os criterios seguidos para a consideración destas Áreas de Interese Ambiental responden a cualidades singulares ou representativas, ben da vexetación, da fauna, do relevo, da rede de drenaxe ou ben considerando os procesos e relacións entre os factores ambientais, da xeomorfoloxía ou a ecoloxía.


A delimitación dunhas Áreas de Interese Ambiental resulta fundamental para concentrar e aumentar a efectividade dos esforzos na compatibilidade das actividades humanas co medio no cal se desenvolven. Así, por un lado, revalorízase a riqueza ambiental do territorio, podendo converterse nun recurso máis do municipio; e doutro lado, inténtanse conservar aquelas áreas máis relevantes contribuíndo á consideración do patrimonio natural de A Estrada.

Resultaron así **18 Áreas de Interese Ambiental (AIA)**:

1. Ribeira fluvial do Ulla (Sistema fluvial Ulla-Deza).
2. Foz de Gundián.
3. Carballeira insular de Arnois.
4. Bosque mixto Bumio-Couso.
5. Carballo de Azoreiros.
6. Bosque mixto frondoso de Santeles.



7. Barranco de Pina.
8. Bico Curantes.
9. Brañas de Xestoso.
10. Carballeira de Olives.
11. Monte aberto de Pardemarín e Vinseiro.
12. Carballeira de Golfariz.
13. Carballeira e Soutos de Nigoi.
14. Somoza e zonas limítrofes.
15. Ribeira fluvial do Umia.
16. Grela.
17. Carballeira de Cortegada.
18. Piornedo de Enviande.



MAPA DE ÁREAS DE INTERESE AMBIENTAL

A continuación amósase un catálogo que contén as fichas descritivas de cada unha delas.


ÁREA DE INTERESE AMBIENTAL Nº 1: RIBEIRA DO ULLA

PARROQUIAS: San Miguel de Barcala, Couso, Cora, Santeles, Paradela, Ribeira, Berres, Arnois, San Miguel de Castro.



CARACTERÍSTICAS PRINCIPAIS:

A ribeira do Ulla destaca pola súa consideración como curso fluvial con importantes poboacións faunísticas, sobre todo piscícolas e áreas forestais con especies autóctonas en formacións ben conservadas. Ademais, o discorrer por unha área de alternancia de val aberto e zonas de encaixamento, adquire un elevado valor xeomorfolóxico e paisaxístico. Todo elo confirmado pola súa inclusión na Rede Natura 2000 de Galicia.



AMEAZAS

- Introdución de especies foráneas, como é o caso do *Eucalyptus globulus*, o cal se expande nun período de tempo moi breve, e xa ameaza a tramos da ribeira.
- Vertido de augas residuais urbanas e outros residuos que aparecen á altura de Bumio-Couso.

A elevada presión agrícola en Couso, Paradela o Ribeira.





DESCRIPCIÓN	VALORACIÓN
XEOLOXÍA	
Rochas detríticas cuaternarias, con tramos de acción menos sedimentaria, nos que aparecen rochas metasedimentarias.	Non singular.
XEOMORFOLOXÍA	
Trátase do fondo dun val encaixado, correspondente ao curso medio do río Ulla. Conta con alternancia na morfoloxía fluvial, debido á densa rede de fracturas, que aproveitou o río, e tamén á presenza de bandas rochosas de distinta dureza, que deron lugar a un intenso labor erosivo do Ulla.	Singular. • Zonas de val con profundidade superiores a 100 m do val. • Diversidade de materiais, que da lugar a distintos graos erosivos. • Representatividade: • O tramo medio do Val do Ulla é un expoñente certo da resposta dos cursos fluviais galegos ós movementos tectónicos da historia xeolóxica.
EDAFOLOXÍA	
Solos: Atopamos presenza de fluvisóis e Cambisóis (húmico e ferrálico), ás veces asociado a Regosóis Úmbricos. Permeabilidade: Dende tramos permeables, no centro do tramo que atravesa o municipio, a tramos completamente impermeables, nos extremos do mesmo.	Valoración agrolóxica: Alta fertilidade. Singularidade: • Destaca o Cambisol, por ser a única representación dos tres horizontes (A, B e C).
HIDROLOXÍA	
Domina a presenza do Río Ulla, que conta cunha elevada calidade das súas augas, segundo as estacións de control, no seu tramo medio, podendo mencionar a transformación da rede hídrica pola presenza do Encoro e Presa de Portodemouros.	Grao de naturalización: O encoro de Portodemouros resta naturalidade pero a recuperación do caudal é notable ao seu paso por A Estrada.
BOTÁNICA	
• Asociación ou formación: Senecio bayonensis-Alnetum glutinosae e Rusco acuelati-Quercetum roboris, concretamente este último	Naturalidade: • Estas asociacións encóntranse nesta área de interese ambiental ben



preséntase frecuentemente na súa variante termófila, Rusco acuelati-Quercetum roboris subas. Quercetum suberis. Especies: As especies das asociacións anteriores figuran nas táboas 1, 5 e 6 do anexo I. Cabe destacarse o narciso (Narcissus cyclamineus).	conservadas debido a unha intervención humana relativamente baixa, de modo que se pode afirmar que é unha formación semi-natural e polo tanto o seu grao de naturalidade é alto. - Singularidade: - Destaca a presenza de especies termófilas, de influencia mediterránea, na carballeira galaico-portuguesa,. - Madureza e complexidade: - Dado que se trata de formacións pouco alteradas, o seu grao de complexidade e madurez é moi elevado.
ZOOLOXÍA	
Especies (Vertebrados): As especies figuran nas táboas 10 e 11 do anexo I. Cabe destacar: - Gato de almizcre (Galemys pyrenaicus) - Lontra (Lutra lutra) - Martín pescador (Alcedo atthis) - Merlo acuático (Cinclus cinclus) - Salamandra rabilarga (Chioglossa lusitanica) - Sábalo (Alosa alosa) - Saboga (Alosa fallax) - Lamprea (Petromyzon marinus) - Salmón (Salmo salar) Nº Endemismos: 12	Singularidade: - Nesta área aparecen 2/3 dos endemismos ibéricos presentes en Galicia, en boa parte protexidos baixo algunha figura. - Representatividade: - Igualmente, dado elevado número de endemismos ibéricos presentes, considérase a fauna desta área moi representativa da Península Ibérica.
ECOLOXÍA	
Hábitats: - Esteiros - Pasteiros de Spartina (Spartinion maritimi) - Uceiras secas europeas - Uceiras ortomediterráneas endémicas con toxo - Rochedos silíceos con vexetación pioneira de Sedo-Scleranthion ou Sedo albi-Veronicion dillenii. - Bosques aluviais de Alnus glutinosa e Fraxinus angustifolia.	Alto grao de conservación Singularidade - Tódolos hábitats presentes na área figuran no anexo I da directiva HÁBITAT, de aí a súa inclusión na Rede Natura 2000 de Galicia. Este feito evidencia a elevada singularidade do Sistema Fluvial Ulla-Deza - Representatividade: - De igual modo, estes hábitats considéranse representativos das rexións bioclimáticas incluídas na Unión Europea.




VISIER ARQUITECTOS, S.L.P.

• Carballeira galaico-portuguesas con Quercus robur e Quercus pyrenaica.	• Figuras de protección: • Incluído no Sistema fluvial Ulla-Deza, pertencente á Rede Natura 2000 en Galicia.
USOS DO SOLO	
Forestal, cinxético e recreativo	
SOCIEDADE:	
Actividades: Pesca, Deportes, turismo	

ÁREA DE INTERESE AMBIENTAL Nº 2: FOZ DE GUNDIÁN

PARROQUIA: San Miguel de Castro



CARACTERÍSTICAS PRINCIPAIS:

A pesares de que a Foz de Gundián estritamente non pertence ao municipio de A Estrada, a área seleccionada corona unha das veiras do cantí rochoso que configura tal hito xeomorfolóxico. Ademais, tamén destacan os seus valores botánicos coa aparición da flora típica de ambientes mediterráneos, e polos seus valores ornitolóxicos.



AMEAZAS

Proliferación de especies de plantación como *Pinus pinaster* e sobre todo de especies de plantación de orixe exógeno como *Eucalyptus globulu*



DESCRICIÓN	VALORACIÓN
XEOLOXÍA	
Estamos ante unha falla, que conta coa presenza de cuarcitas e esquistos, con aportacións de rochas detríticas ao pé do acantilado.	Singularidade: A banda cuarcítica que se estende desde o Pico Sacro en dirección suroeste pode ser considerada como singular dada a súa extensión e a pouca presenza deste tipo de rocha con tan alto porcentaxe en cuarzo.
XEOMORFOLOXÍA	
Trátase dunha foz, no curso medio do río Ulla, xerada pola descomprensión tectónica de superficies de orixe Eóxico, asociadas a unha intensa fracturación. Posteriormente, relacionase coa acción erosiva do río Ulla, favorecida polo encaixamento do seu curso.	Singularidade: A ruptura da banda cuarcítica polos movementos tectónicos e o posterior reforzo fluvio-erosivo, adquire unha elevada singularidade e un alto grao de espectacularidade. Representatividade: Estamos ante un caso moi representativo da dinámica tectónica e fluvial de Galicia.
EDAFOLOXÍA	
Solos: Atopamos presenza regosais e leptosais úmbricos, acompañados de fluvisais. Permeabilidade: baixa-media.	Valoración agrolóxica: Só as zonas de fluvisais son aptas para a agricultura.
BOTÁNICA	
- Asociación ou formación: atopamos bosquetes e matogueiras, froito da degradación da asociación Rusco acuelati-Quercetum roboris, subas Quercetum suberis, dada a clara influencia mediterránea nesta área. - Especies: As especies de dita asociación figuran na táboa 6 do anexo I. As especies do matorral serial correspóndense a especies de xesteiras e toxais e queirugais as cales figuran nas táboas 7 e 8 do mesmo anexo. As outras especies arbóreas predominantes son froito da expansión das especies de plantación, Pinus pinaster e Eucalyptus globulus. A influencia mediterránea queda manifesta na	Naturalidade: - Trátase dunha formación semi-cultural dada a forte influencia de especies de plantación como Pinus pinaster e Eucalyptus globulus e outras foráneas como Acacia dealbata. O seu grao de naturalidade é medio. Singularidade: - A pesar do seu estado de conservación a asociación Rusco acuelati-Quercetum roboris, subas Quercetum suberis pódese considerar singular dada a presenza de especies termófilas practicamente fóra dos seus límites corolóxicos.





aparición de <i>Quercus suber</i> (sobreira), así como a carrasca <i>Cistus psilosepalus</i>. Entre as especies de porte medio destaca a xesta branca <i>Cytisus multiflorus</i>.	Madureza e complexidade: Baixa pola súa condición serial, a xesta branca evidencia a etapa de degradación do bosque precedente, a carballeira, e á vez é síntoma da súa recuperación. Á formación encóntrase, polo tanto, nunha etapa serial de dexeneración.
ZOOLOXÍA	
Especies (Vertebrados): As especies que se poden encontrar figuran na táboa 12 do anexo I. Débense destacar a poboación semisedimentaria de Anduriña dos penedos (<i>Hirundo rupestris</i>) e o Halcón peregrino (<i>Falco peregrinus</i>). Outras aves son o busardo ratonero (<i>Buteo buteo</i>) e a lechuza común (<i>Strix aluco</i>) Nº Endemismos: 4	Singularidade: A avifauna confírelle certa singularidade debido sobre todo ao <i>Falco peregrinus</i>, especie non moi característica desta zona galega, inclinándose máis por áreas litorais. Baixa representatividade, debido o discreto número de endemismos presentes.
ECOLOXÍA	
Hábitats: - Bosquetes de carballeira galaico-portuguesa termófila. - Bosquetes de especies de plantación: <i>Pinus pinaster</i> e <i>Eucalyptus globulus</i>. - Monte medio-baixo de xesteiras, toxais e queirugais. - Rochedos esquistosos e cuarcítios.	Grao de conservación medio. Singularidade: A pesar do seu estado de conservación, a asociación <i>Rusco acuelati-Quercetum roboris</i>, subas <i>Quercetum suberis</i>, carballeira galaico-portuguesa termófila, confírelle certa singularidade, ao ser un hábitat "híbrido" de dúas rexións bioclimáticas Baixo grao de representatividade.
USOS DO SOLO	
Forestal (monte baixo), recreativo (miradoiro) e de infraestruturas, xa que hai un reemisor da T.V.G. e discorre unha liña de ferrocarril.	
SOCIEDADE:	
Turismo ao aire libre. Excelente vista da chaira do Ulla, sobre todo cara ao municipio de Vedra	

ÁREA DE INTERESE AMBIENTAL 3: CARBALLEIRA INSULAR DE ARNOIS

PARROQUIA: Arnois

CARACTERÍSTICAS PRINCIPAIS:



A carballeira insular de Arnois é un área de interese ambiental a destacar dentro da ribeira do Ulla, debido á singularidade que supón o que se trate dunha das carballeiras mellor conservadas nunha formación xeomorfolóxica tan particular. Ademais, merecen ser resaltados os seus valores faunísticos.

AMEAZAS

Introducción e proliferación dunha especie invasora: *Eucalyptus globul*



DESCRIPCIÓN	VALORACIÓN
XEOLOXÍA	
Estamos ante unha zona con presenza de rochas detríticas do Cuaternario.	Baixa singularidade.
XEOMORFOLOXÍA	
Trátase dunha illa fluvial no leito do tramo medio do río Ulla, orixinada por unha diminución da pendente no val, probablemente debio á diminución da súa enerxía de erosión e transporte, tras o esforzo realizado augas arriba ao seu paso pola foz.	Singularidade: Trátase dunha formación superficial, relativamente frecuente do modelado fluvial galego, pero coa peculiaridade de conformar unha illa fluvial madura. Representatividade: Podería cualificarse de representativa dos procesos de diminución da enerxía e sedimentación dos ríos, característicos do modelado fluvial galego.
EDAFOLOXÍA	
Solos: Atopamos presenza fluvisois. Permeabilidade: alta.	Valoración agrolóxica: Trátase de solos moi aptos para a agricultura, pero dada a súa situación relativamente illada non se aproveitou esta aptitude.
BOTÁNICA	
- Asociación ou formación: atopamos a asociación <i>Senecio bayonensis-Alnetum glutinosae</i> e <i>Rusco acuelati-Quercetum roboris</i>. - Especies: As especies correspondentes a ditas formacións figuran nas táboas 2 e 5 do anexo I. Tamén aparece o eucalipto: <i>Eucalyptus globulus</i>.	Naturalidade: - Conta cun estado aceptable de conservación, debido, en grande medida, o grao de illamento. Singularidade: - As formacións presentes son moi representativas da rexión Eurosiberiana, pero non teñen un carácter singular. Madureza e complexidade: - Tamén debido a este grao de illamento estes bosques encóntranse preto ao estadio sucesional máis avanzado.



ZOOLOXÍA	
Especies (Vertebrados): Trátase das especies que aparecen nas táboas 9 e 10 do anexo I, exceptuando á ictiofauna, posto que non se incluíu á lámina de auga na área. Trátase pois de case todas as especies faunísticas presentes na AIA I, Ribeira do Ulla, posto que a illa fluvial pertence á mesma. Nº Endemismos: 9	Singularidade: Ao igual que na Ribeira do Ulla, o elevado número de endemismos e de especies protexidas fan desta área un enclave singular desde o punto de vista faunístico Así mesmo, este elevado porcentaxe de endemismos confírenlle unha alta representatividade da fauna ibérica.
ECOLOXÍA	
Hábitats: - Bosques aluviales de <i>Alnus glutinosa</i> e <i>Fraxinus angustifolia</i> - Carballeiras galaico-portuguesas	Bo estado de conservación. Singularidade: Os hábitats presentes na área non merecen ser cualificados de singulares debido a que son característicos da Rexión Eurosiberiana Representativos da Rexión Eurosiberiana.
USOS DO SOLO	
Forestal	

ÁREA DE INTERESE AMBIENTAL 4: BOSQUE MIXTO BUMIO-COUSO

PARROQUIAS: San Miguel de Barcala, Couso

CARACTERÍSTICAS PRINCIPAIS:



O bosque mixto Bumio Couso destaca pola presenza de *Quercus suber*, posto que é unha das poucas áreas do concello onde aínda se encontra con certa abundancia, e ademais nun contexto de elevado valor ecolóxico como a ribeira do río Ulla. Posiblemente a maior ameaza é a expansión de *Eucalyptus globulus* e *Pinus pinaster*.



AMEAZAS

- A proliferación de *Pinus pinaster* (existe unha plantación no outro lado da estrada) e *Eucalyptus globulus*.
- Vertido de augas residuais urbanas por unha canalización sostida por un dique no extremo superior dun barranco



DESCRIPCIÓN	VALORACIÓN
XEOLOXÍA	
Nesta zona domina nas ochas metasedimentarias (esquistos e paragneises), con algunha representación de rochas migmatíticas-diatexitas e detríticas cuaternarias nos seus límites.	Baixa singularidade.
XEOMORFOLOXÍA	
Trátase dunha zona de ladeira do val do río Ulla. É un dos tramos máis encaixonados do val do Ulla, polo que a pendente chega a ser moi elevada, sendo crecente de leste a oeste.	Singularidade: Outorgalle singularidade o forte contraste de pendentes no seu límite inferior co río.
EDAFOLOXÍA	
Solos: Aparecen representados distintos tipos de solos: regosol úmbrico e cambisol húmico, con algo de cambisol húmico e ferrálico no extremo este da área . Permeabilidade: Impermeable case toda a área, exceptuando o extremo leste correspondente ao cambisol húmico e ferrálico, algo máis permeable.	Valoración agrolóxica: Pouco apto para a agricultura.
BOTÁNICA	
- Asociación ou formación: Bosque mixto procedente da degradación de carballeiras galaico-portuguesas de clara influencia mediterránea con <i>Quercus pyrenaica</i> e <i>Quercus suber</i>, (<i>Rusco acuelati-Quercetum roboris</i>, subas <i>Quercetum suberis</i>). Presenta inicios de invasión de especies de plantación como <i>Pinus pinaster</i> e <i>Eucaliptos globulus</i>. - Especies: As especies figuran na táboa 6 do anexo I. Débense destacar as especies termófilas como <i>Quercus pyrenaica</i>, <i>Quercus suber</i> e <i>Cistus psilosepalus</i>.	Naturalidade: - Medio debido á presenza de especies invasoras. Singularidade: - Pode cualificarse de singular a presenza de <i>Quercus suber</i> e outras especies temófilas na formación, posto que se encontran practicamente fóra dos seus límites corolóxicos . Madureza e complexidade: - Formación madura, aínda que degradada por accións antrópicas.




ZOOLOXÍA	
Especies (Vertebrados): As especies encóntranse na táboa 9 do anexo I, destacando á salamandra rabilarga (<i>Chioglossa lusitanica</i>) e ao rousinol común (<i>Luscinia megarhyncho</i>). Nº Endemismos: 3	Pouca singularidade e representatividade.
ECOLOXÍA	
Hábitats: • Bosque da <i>Asociación Rusco acuelati- quercetum roboris subas Quercetum suberis</i> (carballeira galaico-portuguesa termófila) degradado pola inclusión de <i>Pinus pinaster</i> e <i>Eucalyptus globulus</i> .	Estado de conservación medio-baixo. Non se pode considerar representativo nin singular.
USOS DO SOLO	
Forestal e cinexético. Cabe destacar o uso forestal relacionado coa extracción de cortiza das sobreiras.	

ÁREA DE INTERESE AMBIENTAL 5: CARBALLO DE AZOREIROS

PARROQUIA: San Xurxo de Veá

CARACTERÍSTICAS PRINCIPAIS:



O carballo de Azoreiros pode considerarse coma o exemplar máis desenvolvido de *Quercus robur* dentro do municipio de A Estrada, como demostran as súas dimensións. Con todo, non chega as dimensións nin posúe as características necesarias para propoñelo coma monumento natural.

AMEAZAS

A concentración parcelaria podería levar á súa tala.



DESCRIPCIÓN	VALORACIÓN
XEOLOXÍA	
Rochas migmatíticas-diatexitas s	
XEOMORFOLOXÍA	
Formación superficial: Pequena vaguada no extremo superior da ladeira esquerda do río Veá, afluente do río Ulla .	
EDAFOLOXÍA	
Solos: Cambisol húmico e ferrálico. Permeabilidade: Baixa.	Valoración agrolóxica: É o solo con meirande aptitude agrolóxica do Concello de A Estrada.
BOTÁNICA	
- Asociación ou formación: Pé aillado de <i>Quercus robur</i>, pertencente á asociación <i>Rusco acuelati_quercetum roboris</i>. Posúe un diámetro de 96 cm e unha proxección da copa de diámetro 8 veces superior á anterior. - Especies: <i>Quercus robur</i>.	Singularidade: - Trátase do exemplar de <i>Quercus robur</i> máis desenvolvido que se coñece no municipio, de maneira que cabe calificarse de singular . Madureza e complexidade: - É un exemplar de <i>Quercus robur</i> moi maduro, grazas ao tipo de solo e ao enclave nunha zona de vaguada, xunto cos usos compatibles que se foron desenvolvendo nas súas inmediacións
ZOOLOXÍA	
Estamos ante un exemplar que conforma por si mesmo un ecosistema vivo, xa que é o hábitat de especies avícolas e de invertebrados, sendo ademais un recurso útil para outros grupos animais xa que proporciona sombra, frescura, refuxio, alimentos, etc.	
ECOLOXÍA	
Hábitats: Pé aillado de <i>Quercus robur</i> nunha matriz de pastizal de gramíneas do xénero <i>Agrostis</i>.	Estado de conservación medio-baixo. Non se pode considerar representativo nin singular.
USOS DO SOLO	
Agropecuaria e forestal.	



ÁREA DE INTERESE AMBIENTAL 6: BOSQUE MIXTO FRONDOSO DE SANTELES

PARROQUIA: Santeles

CARACTERÍSTICAS PRINCIPAIS:

O bosque mixto frondoso de Santeles destaca polos seus valores botánicos xa que é unha das zonas onde se conserva nun estado evolucionado a carballeira galaico-portuguesa e outras especies frondosas como *Castanea sativa* e *Betula pubescens*.

AMEAZAS

A posible proliferación de *Pinus pinaster* ou *Eucalyptus globulus* debido á proximidade de plantacións e bosquetes xurdiidos espontaneamente dos mesmos.





DESCRIPCIÓN	VALORACIÓN
XEOLOXÍA	
Rochas detríticas cuaternarias con presenza de outras migmatíticas-diatexitas na zona sur.	Singularidade baixa
XEOMORFOLOXÍA	
Trátase dunha zona de ladeira de pendente suave do val do Ulla.	Baixo grao de singularidade ou representatividade.
EDAFOLOXÍA	
Solos: Fluvisol e cambisol húmico e ferrálico. Permeabilidade: Permeable na súa metade máis próxima ao río Ulla (Fluvisol) e de baixa permeabilidade na súa metade máis distante.	Valoración agrolóxica: Zona moi apta para a agricultura.
BOTÁNICA	
Asociación ou formación: <i>Rusco acuelati-quercetum roboris</i> cunha elevada proporción de <i>Castanea sativa</i> (20%) e con presenza de <i>Betula pubescens</i> nun 10%. Especies: figuran na táboa 6 do anexo I. Estado sucesional: Encóntrase nun estadio sucesional climácico.	Naturalidade: trátase dunha formación semi-natural debido a que a explotación que se fai do mesmo non altera significativamente a estrutura da formación. De ahí que o seu grao de naturalidade sexa alto. Singularidade: A pesar de que a formación de caraballeira galaico-portuguesa é a asociación representativa da rexión eurosiberiana, a elevada proporción de <i>Castanea sativa</i> e <i>Betula pubescens</i> confírelle certa singularidade. Madureza e complexidade: A asociación encontrase no seu nivel maduro de evolución.
ZOOLOXÍA	
Especies (Vertebrados): As especies encóntranse na táboa 9 do anexo I. Nº Endemismos: 3	Pouca singularidade e representatividade.
ECOLOXÍA	
Hábitats: - Carballeira galaico-portuguesa (<i>Rusco acuelati-Quercetum roboris</i>). - Souto (<i>Castanea Sativa</i>)	Estado de conservación medio-alto. Non se pode considerar singular, porén, debido ao estado de conservación e a presenza de especies relevantes da rexión Eurosiberiana, pódese consiedrar unha zona representativa da devandita rexión.
USOS DO SOLO	
Forestal	


ÁREA DE INTERESE AMBIENTAL 7: BARRANCO DE PINA

PARROQUIAS: Paradela e Santeles

CARACTERÍSTICAS PRINCIPAIS:

O bosque mixto frondoso de Santeles destaca polos seus valores botánicos xa que é unha das zonas onde se conserva nun estado evolucionado a carballeira galaico-portuguesa e outras especies frondosas como *Castanea sativa* e *Betula pubescens*.

O barranco de Pina posúe un elevado valor ecolóxico gracias ao bo estado de conservación que presentan as súas dúas formacións vexetais (representativas da rexión Eurosiberiana), as cales sosteñen toda unha complexa rede de relacións tróficas. Este bo estado de conservación foi posible, en parte, polas elevadas dimensións do barranco e a súa forte pendente, nalgúns tramos, superior ós 45°. Sen embargo, a construción da mini-central hidroeléctrica está mermando gran parte dos seus valores. Aínda así, pódese incluír na delimitación de Solo Rústico de Protección de Espazos Naturais.



AMEAZAS

- A construción dunha central hidroeléctrica, trouxo da man a apertura de pistas, e que xa están mermando a riqueza natural desta área.
- Vertido de augas residuais urbanas por unha canalización sostida por un dique no extremo superior dun barranco



DESCRIPCIÓN	VALORACIÓN
XEOLOXÍA	
Rochas metamórficas, (Ortogneises de dúas micas), principalmente, xunto con pequenas áreas de rochas detríticas e rochas migmatíticas-diatexitas.	Trátase de rochas prehercínicas de orixen ígneo, moi pouco representadas no municipio, polo que podemos calificalas como singulares.
XEOMORFOLOXÍA	
Formación superficial: Barranco formado polo río Liñares, de pendente moi forte, nalgúns tramos superiores ós 45° (100%)	Singularidade: A elevada pendente e o encaixamento do río neste tramo do seu curso fan desta formación superficial unha das máis singulares do municipio. Representatividade: Podería considerarse representativa da formación superficial “barranco”, dadas as súas dimensións e a súa pendente.
EDAFOLOXÍA	
Solos: Neste área conflúen os catro tipos edafolóxicos presentes no municipio de A Estrada: Regosol úmbrico e cambisol húmico, Cambisol húmico e ferrálico, Leptosol e regosol úmbrico e fluvisol. (No orden decreciente de participación na área). Permeabilidade: impermeable na súa meirande parte.	Valoración agrolóxica: Zona pouco apta polas súas elevadas pendentes.
HIDROLOXÍA	
Forma superficial: Río Liñares, afluente do río Ulla. Cunca hidrográfica: Ulla.	
BOTÁNICA	
Asociación ou formación: <i>Rusco acuelati-querceto roboris</i> e <i>Senecio bayonensis-Alnetum glutinosae</i> Especies: táboa 4 do anexo I. Estado sucesional: Pódese afirmar que se encontran no estadio sucesional máis avanzado, alcanzando tódolos estratos o seu grao de madurez.	Naturalidade: Trátase dunha formación semi-natural polo que o seu grao de naturalidade é alto. Singularidade: As formacións ou asociacións botánicas presentes poden calificarse de orixinais no contexto peninsularl, pero non así no contexto galego, moi abundantes, aínda que non moi conservadas. Madureza e complexidade: A presenza de tódalas especies características destas asociacións, en tódolos estratos, así como os excepcionais exemplares das especies máis representativas de cada un, evidencian a proximidade ao clímax desta área.




ZOOLOXÍA	
Especies (Vertebrados): As especies encóntranse na táboa 9 e 10 do anexo I. Nº Endemismos: 12	Singularidade: A representación faunística desta AIA debe considerarse singular dado que representa dúas terceiras partes dos endemismos ibéricos presentes en Galicia. Representatividade: Por este mesmo motivo débese considerar a este conxunto faunístico como representativo da diversidade peninsular.
ECOLOXÍA	
Hábitats: • Carballeira galaico-portuguesa (Rusco acuelati-querceto roboris) e bosque de ribeira (Senecio bayonensis-Alnetum glutinosae). • Sistema acuático lótico	Estado de conservación alto. Estes hábitats son os máis representativos da rexión Eurosiberiana, non exclusiva de Galicia, non se pode considerar singulares. Representatividade: Debido ao elevado grao de conservación das formacións, podemos considerar a estos hábitats como representativos da rexión Eurosiberiana.
USOS DO SOLO	
Forestal, cinexético e enerxético.	

ÁREA DE INTERESE AMBIENTAL 8: BICO CURANTES

PARROQUIA: Callobre

CARACTERÍSTICAS PRINCIPAIS:

Bico de Curantes supón mellor representación da morfoloxía fluvial galega no municipio de A Estrada, acompañada de formacións vexetais autóctonas en bo estado de conservación, aínda que de extensión reducida, e unha fauna de elevada singularidade.



AMEAZAS

- A apertura de pistas para a concentración parcelaria ou o aproveitamento forestal.
- A cercana fábrica de mobles, aínda que só si actúa de forma especialmente perxudicial para a zona, como podería ser vertendo residuos sólidos ou sustancias tóxicas.
- A proliferación de *Eucalyptus globulus* e *Pinus pinaster*, en menor medida.



DESCRIPCIÓN	VALORACIÓN
XEOLOXÍA	
Rochas metasedimentarias (Esquistos e paragneises, principalmente)	Baixa singularidade.
XEOMORFOLOXÍA	
Fervenza no río Curantes. A súa xénese pode ser debida á modificación do perfil de equilibrio do río, e a súa consecuente resposta erosiva para volver a alcanzalo. A existencia de materiais de distinta dureza como os esquistos micáceos e cuarzosos e as paragneises e anfíbolitas, fixeron que por erosión diferencial se orixinaran saltos e cascadas. O val neste tramo, presentase moi encaixado, con pendentes de hasta 45°.	Singularidade: rátase do salto de auga natural de maiores dimensións de todo o municipio. Ademais presentase bifurcado en dous ramais de auga. Representatividade: Nesta área pódense observar os resultados da acción dun dos dous mecanismos que posúen os ríos para alcanzar de novo o seu perfil de equilibrio tras unha perturbación no mesmo: a formación de saltos e fervenzas. Este proceso é moi dado en Galicia debido ós intensos movementos tectónicos a que se veu sometida con anterioridade ao Mioceno.
EDAFOLOXÍA	
Solos: Regosol úmbrico e cambisol húmico . Permeabilidade: impermeable	Valoración agrolóxica: Zona pouco apta polas súas elevadas pendentes.
HIDROLOXÍA	
Forma superficial: Río Curantes, afluente do Liñares, á súa vez afluente do río Ulla. Cunca hidrográfica: Ulla.	Calidade da auga: Observouse vida macroscópica e ictiofauna, o cal indica que a calidade da auga é alta
BOTÁNICA	
Asociación ou formación: <i>Rusco acuelati-querceto roboris</i> (con algunha inclusión de <i>Eucalyptus globulus</i>) e <i>Senecio bayonensis-Alnetum glutinosae</i> Especies: táboas 3 e 5 do anexo I.	Naturalidade: Trátase dunha formación semi-natural posto que as especies son autóctonas e espontáneas na súa maioría, polo que goza dunha naturalidade alta. Singularidade: Non pode afirmarse que estas asociacións sexan singulares debido a que son representativas desta rexión bioclimática. Madurez e complexidade: Podería dicirse que a asociación correspondente ao bosque de ribeira se encontra nunha etapa serial dado que se trata dun ambiente rochoso. En canto á carballeira galaico-portuguesa, a inclusión de <i>Eucalyptus globulus</i> provocará unha mínima degradación que detonará unha nova etapa de evolución serial.



ZOOLOXÍA	
Especies (Vertebrados): As especies encóntranse na táboa 9 e 10 do anexo I. Cabe destacar o merlo acuático (<i>Cinclus cinclus</i>), o martín pescador (<i>Alcedo attis</i>) e a nurtia (<i>Lutra lutra</i>). Tódalas especies están incluídas nalgún catálogo de protección. Nº Endemismos: 12	Singularidade: Dado o elevado número de endemismos ibéricos (dous tercios de tódolos presentes en Galicia), débese calificar á fauna deste AIA como singular. Representatividade: Tamén por este motivo débese considerar como representativa a fauna da Península Ibérica.
ECOLOXÍA	
Hábitats: • Bosque de ribeira (Senecio bayonensis-Alnetum glutinosae). • Carballeira galaico-portuguesa (Rusco acuelati-Quercetum roboris). • Sistema acuático lótico	Estado de conservación alto. Non se pode decir que estos hábitats sexan singulares, posto que están presentes en todo o municipio e, por ende, en toda Galicia. Trátase de hábitats representativos da rexión Eurosiberiana nun estado de conservación aceptable, polo que teñen de se calificar como representativos.
USOS DO SOLO	
Forestal e forestal-madereira, e patrimonial (zona de protección arqueolóxica pola presenza dun Castro).	

ÁREA DE INTERESE AMBIENTAL 9: BRAÑAS DE XESTOSO

PARROQUIAS: Curantes e Olives

CARACTERÍSTICAS PRINCIPAIS:

Trátase de pequenas áreas de turbeiras e toxeias con presenza de carballeiras de reducida extensión. Na zona cría unha pequena poboación de sisón menor, ave característica de hábitats esteparios. A súa inclusión na Rede Natura 2000 demostra que este área representa a un dos ecosistemas característicos das rexións bioclimáticas europeas, como son as turbeiras, en concreto, da rexión Atlántica coa representación dalgún hábitat típico da rexión Mediterránea.



AMEAZAS

Elevado risco de incendios forestais.



DESCRICIÓN	VALORACIÓN
XEOLOXÍA	
Rochas migmatíticas-diatexitas	As rochas migmatíticas-diatexitas proceden dun metaformismo intenso, concretamente dunha migmatización “in situ”, sobre rochas de orixe sedimentario. Ademais, posúen no seu interior numerosos enclaves de cuarcitas, ortogneises, anfibolitas, etc. Pódense considerar singulares dentro do contexto galego.
XEOMORFOLOXÍA	
Área de cumio chan, lixeiramente deprimida, onde nace o río Curantes, afluente do río Liñares, resultando un área encharcada debido á baixa permeabilidade do substrato.	Trátase dunha área encharcada en zonas de cumio cunha variabilidade na permanencia do nivel de asolagamento, polo que pode calificarse de singular. Representativa da xeomorfoloxía galega.
EDAFOLOXÍA	
Solos: Cambisol húmico e ferrálico principalmente Permeabilidade: baixa	
BOTÁNICA	
Asociación ou formación: Uceiras e queirugais das brañas. Especies: As especies figuran na táboa 9 do anexo I. Debe destacarse a <i>Sphagnum pylaisii</i> (Esfagno) como representante do estrato muscinal.	Naturalidade: Trátase dunha formación vexetal natural ou seminatural, de maneira que o seu grao de naturalidade é de alto a moi alto. Singularidade: Estas asociacións poden cualificarse de singulares, pois a súa composición e estrutura dependen fortemente de factores estresantes como as variacións temporais do nivel de auga, a pendente do terreo e o desagüe do sistema. Madurez e complexidade: Considerando as brañas como formación climácica, as asociacións están no seu grao de madurez. Porén, o ciclo de vida das brañas culmina na súa colmatación ou desecación polo que neste caso, as formacións vexetais actuais non serían máis que unha etapa serial máis.



ZOOLOXÍA	
Especies (Vertebrados): As especies figuran na táboa 22 do anexo I. Débense destacar a <i>Anthus campestris</i> (Pica papuda), <i>Tetrax tetrax</i> (Sisón) e a <i>Lacerta schreiberi</i> (Lagarto das silvas). Nº Endemismos: 5	Singularidade: Trátase dun grupo faunístico particular, pois algúns dos exemplares aparecen unicamente nas brañas, como o lagarto das silvas. Ademais figura unha especie tipicamente esteparia, mediterránea, o sisón. É por todo elo polo que debe cualificarse de singular. Representatividade: Debido a esto e ao seu bo estado de conservación este grupo faunístico tamén debe considerarse como representativo das brañas en Galicia.
ECOLOXÍA	
Hábitats: • Uceiras húmidas atlánticas de zonas mornas de <i>Erica ciliaris</i> e <i>Erica tetralix</i>. • Uceiras secas europeas. • Uceiras ortomediterráneas endémicas con toxo. • Turbeiras de cobertor. • Depresions sobre substratos turbosos do <i>Rhynchosporion</i>. • Rochedos silíceos con vexetación pioneira do <i>Sedo-Scleranthion</i> ou do <i>Sedo albi-Veronicion dillenii</i>.	Estado de conservación alto. Singularidade: Pódense cualificar de singulares polo estrés que as súas condicións físicas supoñen. Representatividade: A súa inclusión na Rede Natura 2000 de Galicia evidencia que se trata dunha área que representa a un dos ecosistemas característicos da rexión Atlántica.
USOS DO SOLO	
Forestal	

ÁREA DE INTERESE AMBIENTAL 10: CARBALLEIRA DE OLIVES

PARROQUIAS: Olives




CARACTERÍSTICAS PRINCIPAIS:

A carballeira de Olives encóntrase nun bo estado de conservación e o seu enclave na ladeira onde se levanta a igrexa da parroquia, confírelle ademais un aire conciliador coa vida antrópica, un síntoma da posibilidade de integración do home no seu medio



AMEAZAS

- Proliferação de *Pinus pinaster*, prantado nas áreas colindantes.
- A apertura de pistas forestais.





DESCRIPCIÓN	VALORACIÓN
XEOLOXÍA	
Rochas migmatíticas-diatexitas, rochas graníticas e rochas metasedimentarias (Esquistos e paragneises)	Únicamente se podería calificar ás rochas migmatíticas-diatexitas de singulares.
XEOMORFOLOXÍA	
Ladeira e pequeno val encaixado de regatos afluentes do río Curantes, afluente do río Liñares, a súa vez afluente do río Ulla.	Trátase dunha área pouco singular e representativa
EDAFOLOXÍA	
Solos: cambisol húmico e ferrálico, Regosol e leptosol úmbrico. Permeabilidade: baixa-impermeable	Valoración agrolóxica: a aptitude agrícola vén da man do cambisol.
HIDROLOXÍA	
Forma superficial: Regatos afluentes de Curantes, afluente do Río Liñares, afluente do Río Ulla. Cunca hidrográfica: Ulla.	
BOTÁNICA	
Asociación ou formación: Carballeira galaico-portuguesa con <i>Quercus robur</i> (<i>Rusco acuelati-queretum roboris</i>) e bosque de ribeira (<i>Senecio bayonensis- Alnetum glutinosae</i>). Especies: As especies figuran nas táboas 4 e 5 do anexo I.	Naturalidade: Trátase dunha formación semi-natural debido á intervención humana deteriorando algunhas zonas. Singularidade: Dado que se trata de formacións vexetais características da rexión Eurosiberiana, no deben cualificarse como singulares. Madureza e complexidade: Tras alteracións antrópicas (apertura de pistas e proliferación do piñeiro) comezou novas etapas seriais de sucesión nas zonas afectadas.
ZOOLOXÍA	
Especies (Vertebrados): As especies figuran nas táboas 10 e 11 do anexo I. Habería que exceptuar á ictiofauna e especies como <i>Galemys pyrenaicus</i> ou <i>Lutra lutra</i> .). Nº Endemismos: 8	Singularidade: Presenta unha proporción de endemismos considerable (44,4% dos endemismos ibéricos) polo que podemos cualificar a este conxunto faunístico de singular. Representatividade: Por este mesmo motivo pódese considerar como representaivo da fauna continental ibérica.
ECOLOXÍA	



Habitats: • Carballeira galaico-portuguesa. • Sotobosque de ericas e feitos. • Bosque de ribeira. • Pastizales, de gramíneas. • Sistema acuático lótico	Estado de conservación medio-alto. Singularidade: Trátase de habitats característicos da rexión Eurosiberiana, polo que non deben cualificarse como singulares. Representatividade: Precisamente por este motivo, unido a un estado de conservación aceptable dos mesmos, si que poden ser considerados como representativo
USOS DO SOLO	
Forestal e dotacional	

ÁREA DE INTERESE AMBIENTAL 11: MONTE ABERTO DE PARDEMARÍN E VINSEIRO

PARROQUIAS: Olives, Pardemarín e Vinseiro

CARACTERÍSTICAS PRINCIPAIS:

A zona de monte aberto de Pardemarín é unha área de monte raso de toxo principalmente, onde conviven especies de alto valor ecolóxico, pola súa situación nas cadeas tróficas e polos seus requirimentos ecolóxicos.



AMEAZAS

- Incendios forestais
- Grao de abandono





DESCRICIÓN	VALORACIÓN
XEOLOXÍA	
Rochas graníticas	Baixa singularidade.
XEOMORFOLOXÍA	
Ladeira e zona de cumbre graníticas	Trátase dunha área pouco singular e representativa
EDAFOLOXÍA	
Solos: Leptosol e Regosol úmbrico, asociados a cambisol húmico Permeabilidade: baixa	Valoración agrolóxica: baixa aptitude agrícola
BOTÁNICA	
Asociación ou formación: Toxais e queirugais Especies: As especies figuran na táboa 8 do anexo I.	Naturalidade: Trátase dunha formación semi-cultural, posto que é unha etapa de sucesión tras unha degradación do bosque inicial. O seu grao de naturalidade é, polo tanto, media Singularidade: Non pode calificarse de singular posto que representa unha etapa serial da sucesión da carballeira galaico-portuguesa, característica da rexión Eurosiberiana.. Madureza e complexidade: A sucesión encóntrase nunha etapa serial intermedia na consecución da carballeira galaico-portuguesa.
ZOOLOXÍA	
Especies (Vertebrados): As especies figuran na táboa 22 do anexo I. Destacan as Rapiñas do xénero <i>Circus</i> . Nº Endemismos: 5	Trátase dunha fauna característica de espazos abertos e de elevados requerimentos ecolóxicos, polo que pode ser calificada como singular. Por este mesmo motivo este grupo faunístico debe ser considerado como representativo de ecosistemas de monte baixo.
ECOLOXÍA	
Hábitats: - Toxais e queirugais - Rochedos silíceos	Estado de conservación medio-baixo. Singularidade baixa. Representatividade: A extensión destes hábitats faino merecedor de ser calificado como representativo dos toxais-queirugais de Galicia
USOS DO SOLO	
Forestal e gandeiro.	

ÁREA DE INTERESE AMBIENTAL 12: CARBALLEIRA DE GOLFARIZ

PARROQUIAS: Vinseiro e Lamas

CARACTERÍSTICAS PRINCIPAIS:

A carballeira de Golfariz representa unha das áreas forestais autóctonas do municipio de A Estrada, destacando pois polos seus valores botánicos.



AMEAZAS

A proliferación de *Pinus pinaster*, que xa comenza a ameazar á formación autóctona frondosa





DESCRIPCIÓN	VALORACIÓN
XEOLOXÍA	
Rochas metasedimentarias (Esquistos do grupo de Órdes e paragneises)	Baixa singularidade.
XEOMORFOLOXÍA	
Pequeno val dun regato do río Curantes, con ladeiras de pendente moderada	Trátase dunha área pouco singular e representativa
EDAFOLOXÍA	
Solos: Regosol úmbrico e cambisol húmico xunto con Leptosol e regosol úmbrico. Permeabilidade: impermeable.	Valoración agrolóxica: baixa aptitude agrícola
BOTÁNICA	
Asociación ou formación: <i>Rusco acuelati-querceto roboris</i> . Especies: As especies figuran nna táboa 5 do anexo I.	Naturalidade: Trátase dunha formación semi-natural debido á intervención humana deteriorando algunhas zonas. Singularidade: Dado que se trata de formacións vexetais características da rexión Eurosiberiana, no deben cualificarse como singulares. Madureza e complexidade: Atópase preto do seu estado clímax, pero desenvolve certas etapas seriais nos seus bordes debido ao contacto cos prados e cultivos e como consecuencia das masas de <i>Pinus pinaster</i> .
ZOOLOXÍA	
Especies (Vertebrados): As especies figuran na táboa 10 do anexo I. Nº Endemismos: 3	Baixas represetatividade e singularidade.
ECOLOXÍA	
Hábitats: • Carballeira galaico-portuguesa. • <i>Pinus pinaster</i> (30%)	Estado de conservación medio. Singularidade baixa. Representatividade: Esta unidade débese considerar representativa da asociación <i>Rusco acuelti-Quercetum roboris</i> , xa que o seu estado de conservación, a pesar da proliferación de <i>Pinus pinaster</i> e a súa proximidade ós prados e cultivos, é aceptable
USOS DO SOLO	
Forestal e forestal-madereiro.	

ÁREA DE INTERESE AMBIENTAL 13: CARBALLEIRAS E SOUTOS DE NIGOI


PARROQUIAS: Nigoi e Tabeirós

CARACTERÍSTICAS PRINCIPAIS:

As carballeiras e soutos de Nigoi é un área rica tanto para o aproveitamento humano como desde o punto de vista ecolóxico, pois presenta un amplo abanico de hábitats. Trátase do que se denomina ecosistema mosaico, de elevada riqueza e complexidade.

AMEAZAS

A proliferación de *Pinus pinaster*, que xa comenza a ameazar á formación autóctona frondosa





DESCRIPCIÓN	VALORACIÓN
XEOLOXÍA	
Rochas migmatíticas-diatexitas cunha intrusión de rochas graníticas	As rochas migmatíticas-diatexitas proceden dun metamorfismo intenso, concretamente dunha migmatización “in situ”, sobre rochas de orixen sedimentario. Ademais, posúen no seu interior numerosos enclaves de cuarcitas, ortogneises, anfíbolitas, etc. Por todo elo, pódese calificar de litoloxía singular dentro do contexto galego
XEOMORFOLOXÍA	
Val moi aberto ou depresión do río Liñares, afluente del río Ulla	Singularidade: Trátase dun dos vales que siguen unha zona de debilidade ocasionada polo sistema de fracturas secundarias paralelas á Depresión Meridiana, en dirección norte-sur, polo que podemos calificalo de singular debido ao seu trazado rectilíneo e a disposición perpendicular dos seus afluentes. Representatividade: Este val pódese considerar representativo do modelado fluvial galego, caracterizado pola súa constante retroalimentación entre tectónica e hidroloxía.
EDAFOLOXÍA	
Solos: Cambisol húmico e ferrálico Permeabilidade:baixa	Valoración agrolóxica: elevada aptitude agrícola
HIDROLOXÍA	
Forma superficial: Río Liñares e regatos afluentes. Cunca hidrográfica: Ulla	
BOTÁNICA	
Asociación ou formación: Carballeira galaico-portuguesa, (<i>Rusco acuelti-Quercetum roboris</i>), mezclada con <i>Pinus pinaster</i> e <i>Eucalyptus globulus</i> . Especies: As especies figuran na táboa 5 do anexo I.	Naturalidade: Trátase dunha formación semi-natural xa que se presenta moi fragmentada e a súa elevada superficie de borde provocou algunhas alteracións (aínda que non significativas). A súa naturalidade é, polo tanto, alta. Singularidade: Non se pode cualificar a carballeira galaico-portuguesa como singular por encontrarse na rexión bioclimática da que é característica. Madureza e complexidade: Debido á súa elevada superficie de borde, estanse desenvolvendo algunhas etapas seriais nos mesmos.
ZOOLOXÍA	
Especies (Vertebrados): As especies figuran na táboa 12 do anexo I. Nº Endemismos: 10	Singularidade: Dado que a área reúne máis do 50% dos endemismos ibéricos presentes en Galicia e que un porcentaxe importante das súas especies encontrase catalogada como ameazada, debe considerarse a este grupo faunístico como singular. Representatividade: De igual modo, debido a esa elevada proporción de endemismos ibéricos, pódese calificar á fauna desta unidade como representativa da fauna continental da Península Ibérica.




ECOLOXÍA	
Hábitats: • Carballeira galaico-portuguesa con Quercus robur • Bosque mixto de Quercus robur, Pinus pinaster, Eucalyptus globulus. • Plantación de Pinus pinaster. • Cultivos de millo • Pastizales de gramíneas. • Bosquetes de ribeira. • Sistema acuático lótico.	Estado de conservación medio-alto. Singularidade dos hábitats: Individualmente, non se trata de hábitats singulares, pois todos se encontran moi representados no contexto galego. Sin embargo, a armoniosa combinación de todos constitúe un ecosistema moi particular e de elevada biodiversidade, os ecosistemas “mosaico”, que sí podemos calificar de singular. Representatividade: Dito todo o anterior, podemos afirmar que este área supón un exemplo modelo do ecosistema “mosaico”.
USOS DO SOLO	
Forestal, agropecuario e residencial	

ÁREA DE INTERESE AMBIENTAL 14: SOMOZA E ZONAS LÍMITROFES

PARROQUIAS: Somoza e Arca

CARACTERÍSTICAS PRINCIPAIS:

Trátase dunha ampla zona, cun grade valor natural, debido á presenza dunha grande cantidade de hábitats que sustentan e proporcionan un bo grao de biodiversidade. Ademais, dada a súa altitude, desde os montes Cabalar e O Pedroso obtéñense amplas panorámicas desde as que se divisa parte das rías baixas.



AMEAZAS

- O elevado risco de incendios forestais
- A proliferación de *Eucalyptus globulus*.
- A concentración parcelaria, que continúa abrindo numerosas pistas polo monte.



DESCRICIÓN	VALORACIÓN
XEOLOXÍA	
Rochas graníticas con unha leve proporción de rochas migmatíticas-diatexitas	Pouco singular, xa que o granito é moi abundante en Galicia e as rochas migmatíticas, non teñen presenza relevante.
XEOMORFOLOXÍA	
Montes sobre material granítico atravesados por un regato, que baixa formando ao seu paso un val encaixonado, e deixando unhas brañas no lugar do seu nacemento.	A formación destas áreas encharcadas en zonas de cumbre con una variabilidade na permanencia do nivel de asolagamento pode calificarse de singular, posto que son características da xeomorfoloxía galega, aínda que non teñen entidade dabondo para se considerar singulares.
EDAFOLOXÍA	
Solos: Regosol úmbrico e cambisol húmico xunto con Leptosol. Presenza de cambisol húmico e ferrálico Permeabilidade: baixa	Valoración agrolóxica: aptitude agrícola nas zonas baixas da ladeira onde se desenvolveron os cambisois.
HIDROLOXÍA	
Forma superficial: Regatos afluentes do río Liñares, afluente á súa vez do río Ulla . Cunca hidrográfica: Ulla	
BOTÁNICA	
Asociación ou formación: • Carballeiras galaico-portuguesas (Rusco acuelati-Quercetum roboris). • Xesteiras • Toxais • Castiñeiros. Especies: As especies figuran na táboa 5, 7 e 8 do anexo I.	Naturalidade: medio, xa que estamos ante formacións semi-naturais e semi-culturais. Madureza e complexidade: As xesteiras e os toxais son formacións propias de etapas seriais da sucesión, polo que non alcanzaron o seu grao de madureza. En canto á carballeira galaico-portuguesa, debido a actuacións antrópicas como a apertura de pistas, non se encontra no seu estado máis evolucionado, presentando áreas máis degradadas




ZOOLOXÍA	
Especies (Vertebrados): As especies figuran nas táboas 21 e 22 do anexo I. Débese destacar o censo de máis de 110 especies de aves . Nº Endemismos: 6	Representatividade: Esta área pódese considerar característica do tipo ecosistemas de monte e monte baixo, alcanzando sobre todo unha elevada diversidade ornitolóxica.
ECOLOXÍA	
Hábitats: • Carballeira galaico-portuguesa • Toxeiras e xesteiras • Uceiras • Bosquete ribeira • Plantacións de Eucalyptus globulus e Castanea sativa • Pedregais silíceos	Estado de conservación medio Singularidade dos hábitats: son hábitats frecuentes en Galicia. Representatividade: Trátase de hábitats característicos de áreas de monte en proceso de evolución da sucesión ecolóxica tras perturbacións coma incendios, apertura de pistas ou talas, aparecendo toda a gradación serial da asociación <i>Rusco acuelati-Quercetum roboris</i> . Por todo elo merecen considerarse representativos de dita sucesión.
USOS DO SOLO	
Forestal, (forestal madeiro) e gandeiro, sendo relevante a posibilidade de recolección dos froitos de <i>Castanea sativa</i>	

ÁREA DE INTERESE AMBIENTAL 15: RIBEIRA FLUVIAL DO RÍO UMIA

PARROQUIAS: Ribela, Liripio, Codeseda, Souto e Arca

CARACTERÍSTICAS PRINCIPAIS:

A ribeira fluvial do Umia goza dun bo estado de conservación, que comeza polo río e remata coa relevancia das súas formacións vexetais e das súas poboacións faunísticas. Esta importante biodiversidade, da lugar a que esta área constitúa un macroecosistema, isto é, un mosaico no que ten cabida a meirande parte dos hábitats presentes en A Estrada. Trátase posiblemente dunha das áreas de maior riqueza ecolóxica, compatibilizada á vez cunha elevada diversidade de usos antrópicos.



AMEAZAS

- A proliferación de *Eucalyptus globulus*.



DESCRIPCIÓN	VALORACIÓN
XEOLOXÍA	
Este é o orden no que o río atravesa os distintos grupos litolóxicos ao longo do seu paso polo municipio: Rochas metasedimentarias (Esquistos do complexo de Ordes e paragneises). Filonianas, graníticas, migmatíticas-diatexitas, detríticas, Cuaternarias e, de novo, graníticas.	De tódolos grupos litolóxicos presentes, cabrían calificarse de singulares as rochas filonianas e as rochas migmatíticas-diatexitas. Ademais, o feito de que figuren tódolos tipos de rochas existentes no municipio (a excepción dun), confírelle a esta área unha elevada singularidade
XEOMORFOLOXÍA	
Val do Umia, moi encaixado e con pequenos saltos nunha parte, e algo máis aberto na súa outra metade. O punto de inflexión ven marcado polo cambio de Rochas graníticas a Rochas migmatíticas-diatexitas, xa máis alteradas e polo tanto, máis facilmente erosionables. A pendente media do río é do 1,5%.	Trátase dun río singular debido ao seu elevado grao de encaixamento. Presenta ademais numerosos cambios de pendente debido ao seu paso polos distintos grupos litolóxicos. Podería considerarse representativo do proceso de erosión diferencial, pois atravesa practicamente tódolos tipos de litoloxía presentes no municipio.
EDAFOLOXÍA	
Solos: Regosol úmbrico, cambisol húmico e ferrálico, Fluvisol Permeabilidade: baixa en xeral, salvo sobre as rochas detríticas	Valoración agrolóxica: aptitude agrícola nas zonas con presenza de cambisol e fluvisol. Pode calificarse como singular o feito de que aparezcan case tódolos tipos de solos presentes no municipio.
HIDROLOXÍA	
Forma superficial: Río Umia Cunca hidrográfica: Umia	Ten unha elevada calidade hídrica O seu grao de naturalización é máximo, xa que non conta con ningunha obra hidráulica.
BOTÁNICA	
Asociación ou formación: • Carballeiras galaico-portuguesas (Rusco acuelati-Quercetum roboris). • Bosques de ribeira. (Senecio bayonensis-Alnetum glutinosae) Especies: As especies figuran na táboa 3, 4 e 5 do anexo I.	Naturalidade: alto, porque as súas formacións están pouco alteradas. Madureza e complexidade: As formacións atópanse nun estado próximo á situación teórica climática, aínda que se desenvolven leves procesos seriais debido ás perturbacións anteriormente citadas
ZOOLOXÍA	
Especies (Vertebrados): As especies figuran nas táboas 14, 15 e 16 do anexo I. Nº Endemismos: 11	Conta cunha fauna singular xa que presenta 2/3 dos endemismos ibéricos presentes en Galicia Representatividade: Esta área é representativa da fauna ibérica.



ECOLOXÍA	
Hábitats: • Carballeiras galaico-portuguesas. • Bosques de ribeira. • Ribeiras rochosas silíceas. • Sistema acuático lótico. • Plantaciones de Pinus pinaster e Eucalyptus globulus. • Pastizais de gramíneas. • Cultivos. • Soutos de Carballos. • Xesteiras	Estado de conservación: alto A consideración conxunta dos hábitats, conforma unha corredora ecolóxica ao longo do río, confierelle unha entidade de macroecosistema “mosaico”, de elevada singularidade. Posto que se trata do maior ecosistema “mosaico” que pode encontrarse na Estrada, débese calificar como representativo deste tipo de ecosistema .
USOS DO SOLO	
Forestal, (forestal madeiro), agrícola, cinxético e gandeiro.	

ÁREA DE INTERESE AMBIENTAL 16: ZONA DE GRELA

PARROQUIAS: Liripio, Codeseda e Sabucedo


CARACTERÍSTICAS PRINCIPAIS:

A zona de Grela é unha ampla área onde se ven representados varios hábitats, desde carballeiras relativamente ben conservadas ata monte aberto de toxo onde se dan cita especies de gran interese. Ademais, tamén débese destacar o seu valor cultural ao ser a área onde se manteñen as bestas para as famosas festas da rapa de Sabucedo.



AMEAZAS

- A proliferación de *Eucalyptus globulus*.
- Elevado risco de incendios





DESCRIPCIÓN	VALORACIÓN
XEOLOXÍA	
Rochas metasedimentarias (Esquistos do complexo de Órdes e paragneises) con breves intrusións, de rochas graníticas e filonianas.	As intrusións de filonianas confirenlle certa singularidade
XEOMORFOLOXÍA	
Montes sobre esquistos e ladeiras graníticas.	Non representativo ou singular.
EDAFOLOXÍA	
Solos: Regosol úmbrico e cambisol húmico xunto con certas áreas de leptosol. Permeabilidade:baixa	Valoración agrolóxica: aptitude agrícola nas zonas con presenza de cambisol.
HIDROLOXÍA	
Forma superficial: Regos afluentes do Umia. Cunca hidrográfica: Umia	
BOTÁNICA	
Asociación ou formación: • Carballeira galaico-portuguesa (Rusco acuelati-Quercetum roboris) • Xesteiras (Ulici europaei-Cytisetum striati) • Toxais • Especies: As especies figuran na táboa 5, 7 e 8 do anexo I.	Naturalidade: medio, porque son formacións semi-culturais, con certo grao de alteración. Madureza e complexidade: Só goza de certo grao de madureza a carballeira galaico-portuguesa, sendo o resto de asociacións representacións de etapas seriais da sucesión ecolóxica de dita carballeira
ZOOLOXÍA	
Especies (Vertebrados): As especies figuran nas táboas 21 e 22 do anexo I. Nº Endemismos: 6	Trátase dun grupo faunístico característico de monte e monte baixo, que ademais supón a terceira parte da fauna endémica ibérica. É por isto que se pode cualificar de singular Contén unha fauna representativa dos montes peninsulares
ECOLOXÍA	
Hábitats: • Carballeiras galaico-portuguesas.	Estado de conservación: medio A excepción das repoblacións, trátase de hábitats característicos da rexión Eurosiberiana,



• Toxais • Xesteiras • Repoblacións de Eucalyptus globulus e Pinus pinaster.	polo que non cabe a súa calificación como singulares. Esta cuestión anterior, fai que se poidan considerar representativos da rexión, ademais de supoñer as primeiras etapas seriais da asociación <i>Ruscus aculeatus-Quercetum roboris</i>.
USOS DO SOLO	
Forestal, (forestal madeiro), e gandeiro.	

ÁREA DE INTERESE AMBIENTAL 17: CARBALLEIRA DE CORTEGADA

PARROQUIA: Souto (Montillón)

CARACTERÍSTICAS PRINCIPAIS:

A carballeira de Cortegada destaca polo seu enclave fisiográfico nun val moi encaixado, debuxado entre ladeiras de elevada pendente, e por representar a localización das carballeiras galaico-portuguesas cun moi bo grao de conservación, sendo carballeriras relegadas ás áreas de val debido á presión dos incendios forestais sobre os montes, polo que son moi relevantes.



AMEAZAS

- A proliferación de *Eucalyptus globulus*.



DESCRICIÓN	VALORACIÓN
XEOLOXÍA	
Rochas graníticas na metade oriental e rochas metasedimentarias (esquistos do complexo de Ordes e paragneises) na outra metade.	É un grupo moi extendido en Galicia.
XEOMORFOLOXÍA	
Profundo val dun afluente do Umia, entre montes de forte pendente como é o Cabado. Ademáis o río presenta un salto interesante.	Singularizar debido ao grao de encaixamento do val, e de estar debuxado entre montes de forte pendente. É representativo da formación de vales moi encaixados que discorren sobre materiais difilmente erosionables.
EDAFOLOXÍA	
Solos: leptosol e regosol úmbrico con certas zonas na metade oriental do regosol asociado a cambisol húmico. Permeabilidade: de baixa a impermeable	Valoración agrolóxica: baixa a nula.
HIDROLOXÍA	
Forma superficial: afluentes do Umia. Cunca hidrográfica: Umia	
BOTÁNICA	
Asociación ou formación: • Carballeira galaico-portuguesa (Rusco acuelati-Quercetum roboris) • Bosques de ribeira (Senecio bayonensis-Alnetum glutinosae) Especies: As especies figuran na táboa 4 e 5 do anexo I.	Naturalidade: alto, porque non presenta un elevado grao de alteración. Madureza e complexidade: A asociación correspondente á carballeira galaico-portuguesa encóntrase nun estadio moi avanzado da sucesión, mentras que o bosque de ribeira atópase moi reducido.
ZOOLOXÍA	
Especies (Vertebrados): As especies figuran nas táboas 15 (exceptuando as especies ictias de maiores requerimentos hidráulicos e <i>Lutra lutra</i>) e 21 do anexo I. Nº Endemismos: 8	A pesar de que a fauna é característica deste tipo de hábitats, as poboacións non gozan da entidade suficiente para ser consideradas representativas.
ECOLOXÍA	
Hábitats:	Estado de conservación: medio-alto



• Carballeiras galaico-portuguesas en ladeiras de elevada pendente. • Bosque de ribeira • Sistema acuático lótico	A carballeira galaico-portuguesa reducida á área de val, representa o caso máis frecuente de redución da distribución da mesma, debido á presión dos incendios forestais nas áreas de monte.
USOS DO SOLO	
Forestal	

ÁREA DE INTERESE AMBIENTAL 18: PIORNEDO DE ENVIANDE

PARROQUIA: Souto (Montillón)

CARACTERÍSTICAS PRINCIPAIS:

O Piornedo de Enviande é a única formación desta xesta tan extensa e de exemplares de tan grandes dimensións. É de destacar, pois, o seu elevado valor ecolóxico, posto que supón unha etapa na sucesión serial cara ao bosque autóctono da rexión bioclimática, a carballeira galaico-portuguesa.



AMEAZAS


- A proliferación de *Eucalyptus globulus*.
- Elevado risco de incendios.



DESCRIPCIÓN	VALORACIÓN
XEOLOXÍA	
Rochas graníticas	É un grupo moi extendido en Galicia.
XEOMORFOLOXÍA	
Ladeira e zona de cumio graníticas, de pendente moderada.	
EDAFOLOXÍA	
Solos: Cambisol húmico e ferrálico xunto con Regosol úmbrico asociado co cambisol Permeabilidade: baixa	O tipo cambisol é un tipo edafolóxico de calidade agrolóxica, non así o regosol úmbrico
BOTÁNICA	
Asociación ou formación: Xesteira de piorno branco (<i>Ulici europaei</i>-<i>Cytisetum multiflori</i>) e toxais Especies: As especies figuran na táboa 7 e 8 do anexo I.	Naturalidade moderada: Trátase dunha formación semi-cultural; supón unha etapa serial tras unha perturbación, xeralmente antrópica. Singularidade: A abundancia e uniformidade de <i>Cytisus multiflorus</i> (Piorno branco) confírelle a esta xesteira unha elevada uniformidade. Ademais, a súa presenza é síntoma da recuperación do bosque precedente. Madureza e complexidade intermedios, como representación dunha etapa serial previa á constitución do bosque climácico.
ZOOLOXÍA	
Especies (Vertebrados): As especies figuran nas táboas 22 do anexo I. Nº Endemismos: 5	Singularidade: As especies son características do hábitat no que se enmarcan e o seu escaso número de endemismos non permiten calificalas como singulares. Representatividade: Este grupo faunístico non goza da entidade suficiente para calificalo de representativo.
ECOLOXÍA	
Hábitats: Monte baixo con xesteiras de retama branca e toxais.	Estado de conservación: medio-alto A extensión e uniformidade da xesta branca confírelle a este monte unha elevada singularidade, único no municipio. Representatividade: Dada a non elevada singularidade, non cabe calificarse de representativo.
USOS DO SOLO	
Forestal e gandeiro	



Compre tamén ter en conta a existentecia dunha zona prioritaria para a **Avifauna** delimitada na resolución de 28 de novembro de 2011 da Dirección de Conservación da Natureza (Consellería de Medio Rural), pola que se delimitan as áreas rpioritarias de reprodución, de alimentación, de dispersión e de concentración local de aves incluídas no Catálogo galego de especies ameazadas na que será de aplicación as medidas indicadas no Real Decreto 1432/2008, de 29 de agosto, para a protección da avifauna contra a colisión e a electrocución en liñas eléctricas de alta tensión e que afecta á parte leste do concello nas parroquias de Curantes, Olives, Pardemarin, Ribela e Liripio.





2.5. ELEMENTOS DA PAISAXE RURAL

2.5.1. Introducción

A paisaxe é a composición que mellor define un territorio. É a consecuencia visible da dialéctica entre unha sociedade, que segue unha traxectoria histórica, e os límites ou oportunidades que lle brinda o medio físico no que se asenta. É dicir, explica as relacións seculares entre o ser humano e o medio. A paisaxe está composta por unha longa serie de elementos naturais ou construídos, visibles ou non, e interdependentes entre si, unidos mediante intensas ligazóns que ás veces se amosan ante nós, e por veces se manteñen ocultas ós nosos sentidos primarios, pero que constitúen unha complicada rede de transmisións que a converten nun produto moi elaborado. A combinación deses elementos e os factores que os definen dan lugar a composicións orixinais, únicas, que deben ser valoradas como algo vivo e dinámico, en constante mutación, nunca estático nin a perpetuar como escena inmóbil. Esta última opción levaría a contravir a propia definición de paisaxe.

A partires da paisaxe podemos entender a maneira de pensar dun grupo humano, a forma de entender a súa liña vital, que fenómenos históricos condicionaron o seu desenvolvemento, que modos de vida imperaron ao longo da súa historia. Representa pois á sociedade que nela vive. As construcións humanas, a vexetación natural, a introducida, os cultivos, as vías de comunicación, os afloramentos rochosos, as masas de auga, forman parte da fenopaisaxe, a súa parte visible; a litoloxía, os solos, a tectónica, as augas subterráneas, son exemplos de elementos do criptosistema paisaxístico, a parte oculta ós nosos ollos pero que finalmente se manifesta indirectamente no aspecto formal dos elementos do fenosistema. O conxunto razoado, xa que logo a paisaxe, é a nosa mellor carta de presentación ante os visitantes, ante as xentes que se achegan a coñecer a nosa terra, o Camiño, a coñecernos a nós entón.

Por esta razón é obrigatorio para a nosa sociedade coidar as súas paisaxes. Para coidalas é necesario coñecer o seu significado, entender o noso propio produto, analízalo, estudalo e, por último, poñelo en valor e amosalo. Desta valoración debe xurdir a súa protección, tan necesaria e xustificada como a do patrimonio arqueolóxico, arquitectónico, natural ou humano; máis aínda se cabe, pois a paisaxe engloba ao resto dos recursos e os presenta de maneira harmonizada e razoada.

Para o estudo desta variable, ademais de analizar a paisaxe dende unha perspectiva sistémica e anotar fraxilidades e calidades visuais, propónse valorar unha posible protección do punto de observación e da área observada. Unha protección que non pretende anquilosar o territorio e impedir o seu progreso, senón permitir unha convivencia entre os usos do solo e a protección do patrimonio. Unha proposta flexible e razoada, polo tanto duradeira que poida, antes que gravar economicamente ós grupos humanos acadados, favorecer unha correcta ordenación do territorio.

2.5.2. Caracterización da paisaxe da Estrada

O territorio do concello de A Estrada presenta diferentes e fermosas paisaxes froito da abundosa presenza de regueiros, regos e ríos que, a súa vez drenan e fertilizan as súas terras altamente



produtivas e soporte dunha importante actividade agrogandeira que pervive ata hoxe en día con numerosas pegadas na paisaxe.

A pesares de que a paisaxe sexa o compendio de numerosas variables, os usos do solo son o tapiz máis visible da interacción destas. No caso da Estrada estes usos responden ás lóxicas de aproveitamento agropecuario. Os mesmos teñen unha repercusión directa na conformación da paisaxe e na estrutura urbanística do poboamento rural. Dentro do concello é posible facer unha diferenciación entre a zona norte e a do sur.

As parroquias situadas na zona setentrional de val vanse caracterizar por unha maior presenza dos cultivos intensivos tipo da vide, das froiteiras, hortalizas,... que alternan con zonas de prados e espazos forestais de piñeiros e eucaliptos, en moitas ocasións en zonas de repoboación. Este modelo de ocupación do solo está en función de factores como a benignidade climática, a fertilidade dos solos ou a topografía que implican un significativo potencial agrológico. Segundo se avanza cara ao sur os cultivos van perdendo importancia, pasando a destacar sobremaneira todo tipo de forraxes. Estes ocupan as zonas máis chairas, mentres nas áreas de pendente e nas zonas máis elevadas, xa no sur do concello, o uso forestal e o de monte baixo pasan a ser predominantes. O espazo forestal asociado a monte

baixo domina claramente nos rebordes montañosos da Estrada pola zona sur, leste e tamén no vértice noroccidental, onde a rocha espida fai acto de presenza. En lóxica ocupa aqueles espazos de maior altura e máis forte pendente, desfavorables para outros usos. Tamén aparecen en outras zonas asociado este uso maioritariamente a zonas de ruptura de pendente. Un punto e aparte o merecen as paisaxes ribeiregas, a xulgar pola riqueza hídrica do territorio estradense, e a súa combinación harmónica cos cultivos e prados e elementos de destacado valor singular como os elementos etnográficos, patrimonio artístico ou cultural. O concello de estudo áchase ben dotado destes elementos polo que goza de fermosas e namoradizas paisaxes dignas de preservar.

2.5.3. Obxectivos

Ao utilizar a dimensión visual da paisaxe preténdese obter unha valoración do mesmo en función do seu atractivo estético. Este valor estético servirá para chegar a establecer Áreas de Interese Paisaxístico que as determinacións urbanísticas se encargarán de xestionar de forma sostible, de maneira que se compatibilicen os usos coa conservación dos seus valores estéticos.

2.5.4. Metodoloxía e resultados

Para valorar a dimensión estética da paisaxe optouse polo estudo da súa calidade visual e a súa fragilidade visual.

A calidade visual enténdese como a valoración estética do territorio, mentres que a fragilidade fai referencia á susceptibilidade dunha paisaxe cando se desenvolve un uso ou actividade sobre el, o cal é directamente proporcional á súa capacidade para ser observado. Así, se se coñece a calidade visual de, por exemplo, un punto e tamén se dispón da súa probabilidade de ser observado, é posíbel chegar á conclusión de se é ou non un punto de interese paisaxístico.



Utilizouse para o estudo de ambas variábeis un método indirecto baseado na combinación de escalas cualitativas e cuantitativas para a medición das compoñentes da paisaxe. Ademais, non se definiron unidades irregulares de paisaxe previas, se non que se realizou unha análise sistemática do territorio referendo os datos a unha malla poligonal cadrada de 20x20 metros, de maneira que cada retícula actúa como unha unidade da paisaxe. Tratase pois de unidades regulares de paisaxe.

2.5.4.1. Calidade visual da paisaxe

O valor estético do territorio abranxido polo municipio de A Estrada vaise valorar en cada unha das celas da malla cadrada anteriormente citada.

É preciso aclarar que a calidade visual da paisaxe presenta á súa vez dúas dimensións: a calidade visual intrínseca e a calidade visual extrínseca. A primeira delas referise ao atractivo estético asociado a cada cela, mentres que a calidade visual extrínseca considera os elementos atractivos e negativos (que aumentan e diminúen o atractivo visual, respectivamente) que son observábeis desde cada cela a unha distancia dada.

2.5.4.1.1. Calidade visual intrínseca da paisaxe

As variábeis que se consideraron para valorar a calidade visual intrínseca foron as seguintes:

- a) Tipos de ocupación do solo, usos do solo.
- b) Diversidade da ocupación do solo, heteroxeneidade.
- c) Xeomorfoloxía.

Os criterios de valoración utilizados en cada unha delas foron resultado da consulta a peritos do ámbito xeográfico afectado e á consideración de diversos autores (Martínez, Martín e Romeiro, 2003; Alberruche do Campo, 2002).

a) Tipos de ocupación do solo

A distribución de usos do solo que se considerou é a reflectida no mapa forestal de España MFE50, a escala 1:50000, modificada de maneira que se aumentou a súa segregación para facer posíbel unha valoración exhaustiva. Así, onde aparecía a denominación “Bosque”, e en función das proporcións das especies dominantes, agora figuran “Carballeira”, “Pinar”, “Eucaliptal”, “Bosque misto frondoso”... O resultado atopase no mapa de usos do solo que figura no anexo cartográfico.

A continuación procedeuse á valoración estética de cada un dos usos, asociando-lle unha puntuación de 1 a 5 (1 mínimo e 5 máximo) considerando o atractivo visual de cada uso e a súa distribución espacial (se se trataba dunha formación arbórea). Na táboa 1 do anexo 2 pode verse a valoración da calidade paisaxística otorgada a cada un dos tipos de ocupación presentes no municipio. A máxima calificación corresponde a cubertas vexetais de especies autóctonas frondosas e de distribución uniforme, mentres que os valores máis baixos foron asignados as zonas construídas, urbanas e industriais, así como a zonas degradadas.

b) Diversidade da ocupación do solo: fragmentación da paisaxe



Os estudos realizados mostran unha predilección da poboación por paisaxes diversas, heteroxéneas e fragmentadas, fronte a superficies homoxéneas que resultan monótonas para o observador.

Para estimar esta diversidade de usos, ou o que é o mesmo, a fragmentación da paisaxe, aplicouse un filtro de 25 hectáreas a todo o municipio, calculándose o número de tipos de ocupación presentes en cada xanela. Así asociáronse valores tamén de 1 a 5 (mínima e máxima calidade paisaxística) de maneira que a maior número de usos do solo presentes, maior calidade visual. A táboa 2 do anexo 2 mostra esta valoración.

Antes de considerar a terceira variable, a fisiografía, combináronse os mapas de calidade visual dos usos e de fragmentación, de forma que a calidade de ocupación do solo é a variable dominante respecto á fragmentación que, por tanto, modifica o valor de aquela só en algúns casos, tal e como reflicte a táboa 3 do anexo 2. Así, a fragmentación supón un valor engadido á calidade dos usos do solo.

c) Xeomorfoloxía

A xeomorfoloxía mostra o resultado de tódolos procesos xeolóxicos externos e parte dos internos da Terra. A paisaxe será pois resultado, en parte, de todos eles. Para abordar a valoración da xeomorfoloxía estudáronse dúas das variábeis máis relevantes para unha aproximación: o relevo e a litoloxía.

O relevo supón a base estrutural da paisaxe sobre a que se sustentan os biotopos e os usos antrópicos e determina o encadre visual. Para valorar este aspecto da xeomorfoloxía e, por tanto, da paisaxe determináronse unhas unidades fisiográficas a partir de tres variábeis: altitude, pendente e curvatura, calculadas sobre un Modelo Dixital do Terreo realizado a partir do Mapa Topográfico 1:5000 da Xunta de Galicia.

Realizouse unha análise multiespectral con unha clasificación non supervisada optando por seis clases. Estas seis unidades fisiográficas descríbense e valóranse segundo o seu atractivo visual (tamén de 1 a 5) na táboa 4 do anexo 2.

A litoloxía considerada é a correspondente ao Mapa Xeolóxico de España a escala 1:50000, dixitalizado polo SITGA para o Plano de Desenvolvemento Comarcal (Tabeirós-Terra de Montes é a bisbarra onde se enmarca o municipio de A Estrada). Os seis grupos litolóxicos presentes no municipio puntuáronse en función do seu valor estético de 1 a 5. Dita valoración figura na táboa 5 do anexo 2.

Para chegar a unha valoración da xeomorfoloxía realizouse unha tabulación cruzada da calidade visual das unidades de relevo e da calidade visual da litoloxía, prevalecendo o valor da primeira, afectando só en algúns casos a litoloxía. Esta dominancia figura na táboa 6 do anexo 2, resultando así a valoración da xeomorfoloxía.

Así pois, a obtención da **calidade visual intrínseca** chegou tras a combinación da síntese da calidade da ocupación do solo e da fragmentación paisaxística, e da valoración da calidade da xeomorfoloxía, seguindo o esquema de agrupamento que se recolle na táboa 7 do anexo II.

O resultado apenas modificou os valores do primeiro mapa combinado pois considerouse que a xeomorfoloxía só engadía e non restaba calidade visual á paisaxe.




2.5.4.1.2. Calidade visual extrínseca da paisaxe

Ademais das características intrínsecas de cada cela en que se dividiu o territorio, a valoración da paisaxe debe incluír a calidade visual do entorno xa que a presenza de determinados elementos ou actuacións pode engadir ou restar calidade á paisaxe. Para este estudo, ditos elementos e actuacións foron os seguintes:

- Ríos
- Elementos arquitectónicos
- Estradas e a auto-estradas en construción
- Canteiras
- Área industrial
- Núcleo urbano

A valoración da calidade visual do entorno levouse a cabo calculando as concas visuais dos elementos mencionados considerando unha distancia visual de 3 km e unha altura media do observador de 1,80 metros. Unha vez achadas, sumáronse as dos elementos positivos por un lado (ríos e arquitectónicos) e as dos elementos negativos por outro (o resto). Á hora da suma foi preciso considerar a contribución diferenciada de cada un dos elementos. Así, por exemplo, nos visualmente atractivos, os ríos interveñen nun 80% do peso en relación ós elementos arquitectónicos. As ponderacións dos distintos elementos figuran na táboa 8 do anexo 2.

Unha vez sumadas as concas visuais segundo a importancia de cada un dos sumandos, primeiro engadíronse ao mapa de calidade intrínseca as dos elementos visualmente atractivos segundo o agrupamento seguido na táboa 9 do anexo II. Ao resultado restóuselle a suma das concas negativas tal e como figura na táboa 10 do anexo II. A disposición espacial das categorías da calidade visual da paisaxe pódese observar no anexo cartográfico. As áreas de maior calidade visual se corresponden con asociacións de frondosas situadas en zonas con elevada diversidade de usos cercanas aos ríos. As de menor calidade con áreas de usos homoxéneos, sobre todo áreas agrícolas e gandeiras, mais frecuentes na metade norte do municipio.

**MAPA DE CALIDADE PAISAXÍSTICA**



2.5.4.2. Fraxilidade visual da paisaxe

A fraxilidade visual defíníase como a susceptibilidade dunha paisaxe ao cambio cando se desenvolve un uso ou actividade sobre el. Isto mesmo equivale á probabilidade de que esa paisaxe poida ser observada. Para calcular esta probabilidade é preciso considerar, ao igual que no caso da calidade visual, a fraxilidade visual intrínseca e a fraxilidade visual extrínseca.

A primeira ven determinada polas características ambientais do territorio que aumentan ou diminúen a súa capacidade de absorción visual, mentres que a fraxilidade visual extrínseca fai referencia á accesibilidade visual do territorio.

2.5.4.2.1. Fraxilidade visual intrínseca da paisaxe

As características ambientais seleccionadas como determinantes da capacidade de absorción visual do territorio foron as seguintes:

- a) Altura da vexetación
- b) Características topográficas: orientación e pendente.

a) Altura da vexetación

A información de partida neste caso é o Mapa Forestal de España MFE50, modificado aumentando a súa segregación. Este mapa recalificouse en valores de 1 a 5 (de menor a maior fraxilidade visual) segundo o poder de camuflaxe das formacións vexetais; así as carballeiras e demais asociacións boscosas presentan un menor grao de fraxilidade que os prados e cultivos. Os valores de fraxilidade asignados a cada tipo de cuberta presente en A Estrada aparecen reflectidos na táboa 11 do anexo II (excluíronse da valoración o núcleo urbano e a zona industrial).

b) Características topográficas: orientación e pendente.

Neste caso a información de base foi o modelo dixital de elevacións (MDE), anteriormente utilizado na valoración do relevo.

A pendente condiciona o ángulo de incidencia visual do observador de maneira que as zonas con maior pendente son mais visíbeis, presentando polo tanto unha maior fraxilidade visual. Considerando esta premisa, recalificouse o mapa de pendentes en cinco categorías de 1 a 5, de menor a maior fraxilidade visual.

A orientación afecta á probabilidade de ser observado no que a iluminación se refire. Así, as orientacións sur gozan dunha maior luminosidade, e con iso, dunha maior fraxilidade, seguidas das orientacións este. Con esta información, reclasificouse o mapa de orientacións en cinco categorías de 1 a 5, de menor a maior fraxilidade visual.

Para achar a fraxilidade visual intrínseca combináronse os tres mapa reclasificados anteriores (altura da vexetación, pendente e orientación), de maneira equitativa, resultando o mapa de fraxilidade visual intrínseca con valores de 1 a 5, de menor a maior fraxilidade. Dito mapa figura no anexo fotográfico.



2.5.4.2.2. Fraxilidade visual extrínseca da paisaxe


A capacidade de absorción visual do territorio depende ademais da accesibilidade visual. Para iso, consideráronse como puntos de observación potencial os seguintes:

- Núcleo urbano e os núcleos rurais que superan a media de poboación (excluindo o núcleo urbano).
- Rede viaria e auto-estrada en construción.
- Liña de ferrocarril.
- Elementos arquitectónicos.
- Ríos

(Estes últimos, por ser lugares de potencial frecuentación por uso turístico e recreativo).

Calculáronse as concas visuais obtidas desde estes puntos, liñas e áreas de observación potencial, con un alcance de 3 km e unha altura media do observador de 1,8 metros. A continuación combináronse de forma ponderada segundo a potencialidade de observación. A ponderación figura na táboa 12 do anexo II. O resultado obtido tras a combinación de tódalas concas visuais é o mapa de fraxilidade visual extrínseca, con valores de 1 a 5, de menor a maior fraxilidade.

A fraxilidade visual da paisaxe obtívose finalmente por combinación dos mapas de fraxilidade visual intrínseca e extrínseca, cuxo esquema de agrupamento figura na táboa 13 do anexo II. Pode observarse como a maior parte do municipio goza dunha fraxilidade visual media, sendo moi común atopar áreas de fraxilidade alta, sendo inexistentes as zonas da máxima fraxilidade. En xeral as áreas de fraxilidade alta correspóndense coas zonas de vale sulcadas por unha densa rede viaria.


**MAPA DE FRAXILIDADE PAISAXÍSTICA**



2.5.4.3. Interese paisaxístico

Como paso último para chegar á delimitación de Áreas de Interese Paisaxístico, foi preciso combinar os mapas de calidade visual e fragilidade visual da paisaxe. Isto é así debido a que non só hai que considerar as áreas de elevada calidade visual, se non que ademais teñen que ter a capacidade de poder ser observadas.

Así, e seguindo o esquema de agrupamento da táboa 14 do anexo II, obtívose o mapa de interese paisaxístico, asignándolle unha puntuación de 1 a 5 segundo o interese fose moi baixo, baixo, moderado, alto ou moi alto, respectivamente.

**MAPA DE INTERESE PAISAXÍSTICO**



2.5.5. Áreas de interese paisaxístico


2.5.5.1. Delimitación das áreas de interese paisaxístico

Partindo da distribución de celas de interese paisaxístico, procedeuse á delimitación de Áreas de Interese Paisaxístico (AIP), abranxendo os polígonos que representaban celas de interese paisaxístico alto e moi alto, recorrendo en algunhas delimitacións á incorporación de polígonos de interese moderado para definir áreas continuas.

Unha vez realizada unha primeira delimitación, con 10 AIP, procedeuse á súa comprobación. Primeiro na fotografía aérea do municipio e máis tarde “in situ” realizando saídas de campo. O resultado foi a eliminación de dúas áreas, por resultar de escaso peso territorial e presentar demasiada proporción de monte baixo. A delimitación do resto foi acertada e mesmo se aumentou no caso de algunhas. Unha vez realizada esta comprobación procedeuse ao axuste do trazado a referencias territoriais, tales como curvas de nivel, ríos e regatos ou rede viaria.

As Áreas de Interese Paisaxístico resultantes foron as seguintes:

1. San Miguel de Castro
2. Bumio-Couso
3. San Miguel de Barcala
4. Val final do liñares
5. Val do Curantes
6. Nigoi-Tabeirós
7. Arca
8. Grela



MAPA DE ÁREAS DE INTERESE PAISAXÍSTICO



2.5.5.3. Descripción das áreas de interese paisaxístico

1. San Miguel de Castro

Situada no pico nororiental do municipio, nesta AIP aparecen pinares e eucaliptales con algunhas proporcións de carballo (*Quercus robur*), e mesmo se atopa unha pequena plantación de *Pinus pinaster*. Tamén existen zonas de prados e cultivos. Sen embargo os elementos que maior calidade visual lle aportaron foron o río Ulla e o seu bosque de ribeira asociado, ambos nun destacado estado de naturalidade. O único inconveniente desta AIP é que só pode observarse con plenitude desde o mirador de San Miguel de Castro, desde o cual a visión do trazado do río protexido polo bosque de ribeira pode calificarse de espectacular.

Isto é así debido a que está separada do resto do municipio pola banda cuarcítica que se estende desde o Pico Sacro, con unha altitude media na liña de cresta comprendida entre os 150 e os 250 metros.

O extraño trazado desta área responde á prevalencia da cuadrícula mineira da canteira adxacente fronte ás delimitacións urbanísticas.

2. San Miguel de Barcala – Barcala

Trátase dunha AIP onde se atopa unha elevada diversidade de usos, sobre todo forestais, pois aparecen pinares, eucaliptales, bosques de *plantación de Pinus pinaster*, bosques “mixtos” de *Pinus pinaster*, *Eucalyptus globulus* e *Quercus robur*, bosquetes e bosque de ribeira.

Ademais, polo extremo norte da área discorre o río Ulla, no que desemboca un regato afluente seu que percorre todo a área lonxitudinalmente. Nas ribeiras deste regato desenvolveuse o uso agrícola, contribuíndo así a aumentar a mostra de usos do solo deste AIP.

O elemento desde o que se obtén a visión da área, aínda que algo parcial, é unha pista que a atravesa paralela ao regato.

3. Bumio-Couso

Este AIP caracterízase polo elevado contraste entre os prados e cultivos situados nas coutas topográficas máis baixas e as formacións arbóreas, nas cotas máis elevadas. Estas formacións son moi variadas: bosque de plantación de *Quercus robur* con *Pinus pinaster* e *Eucalyptus globulus*, bosques espontáneos das tres especies, plantación de *Pinus pinaster*..... A isto hai que engadir o discorrer do río Ulla e o seu corredor de ribeira.

Por ela discorren unha estrada de segunda orde e unha pista, ademais das numerosas pistas forestais que atravesan as plantacións.

4. Val final do liñares

A fisiografía deste AIP presentase algo máis elevada do resto do vale do Ulla, e sulcada polo río liñares de maneira que orixina un barranco de pendente superior aos 45º en certos tramos. As formacións vexetais son de elevada calidade visual, como unha carballeira nun estado óptimo de conservación. Ademais, figuran varias clases de formacións arbóreas como nas áreas anteriores e mesmo aparece algo de monte baixo. Xa no último tramo o val ábrese algo máis, permitindo o uso



agrícola. Así, esta área destaca polas súas características fisiográficas, pero tamén por ser unha das que maior variedade de usos presenta.

O modo de a observar pasa por dúas estradas de terceiro orde e unha pista que a bordean case completamente.

5. Val do Curantes

A ampla apertura deste val permite unha visión integral do mesmo na que prados e cultivos xunto a soutos de ribeira do río Curantes e os seus afluentes convértense nos protagonistas da escena. Aparecen adicionalmente áreas de pinar e eucaliptal para tentar equilibrar a balanza por parte das formacións arbóreas fronte aos cultivos.

Para observar esta área globalmente só hai que percorrer a estrada nacional 640, e se se queren obter aproximacións parciais existen pistas que dicorren entre os campos de cultivo.

6. Nigoi-Tabeirós

Trátase da máis armoniosa combinación de áreas forestais arbóreas con prados e campos de cultivo. A distribución de ambas morfloxías ao longo deste tramo do val do río liñares é irregular e á vez equitativa. Os soutos de ribeira aportan un elemento lineal de permanente cromatismo. Entre as formacións arbóreas destacan áreas de carballeira no extremo sul e outras nas que se combinan as tres especies dominantes no municipio: *Pinus pinaster*, *Eucalyptus globulus* e *Quercus robur*. Conforme se avanza cara o extremo norte da área aumenta a proporción de *Pinus pinaster* nas formacións, até chegar ao pinar.

Para observar este AIP débese de percorrer unha estrada de terceiro orde polo seu perímetro occidental, e unha pista polo seu perímetro oriental.

7. Arca

Esta AIP caracterízase por ser unha ladeira do val do Umia, orientada ao sur, na que a calidade visual a aporta o contraste entre zonas de monte baixo, áreas de pinar, eucaliptal, carballeira (e outras como resultado da combinación das tres especies) e os prados e hortas. Ademais, o río Umia aparece circunscrito no seu bosque de ribeira.

Unha estrada de terceiro orde e unha pista, ambas paralelas, permiten a súa observación lonxitudinal.

8. Grela

Trátase dun AIP no que predominan as áreas forestais, tanto monte baixo como de pinar, eucaliptal e bosque “mixto” das tres especies dominantes. Os prados circunscríbense ao seu perímetro occidental, e a carballeira ao oriental. Tres regatos, afluentes do Umia percórrense parcialmente cos seus soutos de ribeira.

Dúas estradas de terceiro orde bordéana lonxitudinalmente, en dirección norte -sur, ambas paralelas.



2.6. RISCOS

Todas estas riquezas naturais estanse vendo minguadas ultimamente polo cambio de uso do chan, polo cambio da economía rural a actual, que na parroquia foi moi significativa. Así no monte estanse levando a cabo numerosas plantacións, sobre todo de eucalipto que deron o traste con elementos de gran valor ecolóxico e de patrimonio (mámoas), aínda que por outro lado en lugares semiabandonados aparece de novo a carballeira con gran forza. A ver se os incendios non acaban con elas, pois durante décadas, e aínda hoxe seguen a ser un dos principais inimigos da zona.

Dentro daqueles elementos contaminantes ou susceptibles de xerar algún tipo de risco natural identificamos fundamentalmente os seguintes:

- Evacuación de residuos.
 - Incendios forestais.
 - Erosión e desprendementos de terras.
 - Enchentes.
-
- **A evacuación de residuos** é unha actividade susceptible de xerar un gran impacto ambiental no referente á calidade das augas. Na Estrada pódense diferenciar tres tipos de residuos:
 - Residuos Industriais. Unha gran maioría das industrias localízanse nas proximidades da Estrada (sobre todo en Matalobos e Lagartóns) e no Polígono de Toedo. Estas están conectadas na súa maioría á rede local de sumidoiros e depuración. Atopamos tamén industrias dispersas polo medio rural, especialmente asociadas ao subsector da madeira -moble, agroalimentarias ou pequenos talleres mecánicos que non están conectadas á rede de depuración. Neste caso, aparte do impacto paisaxístico dalgunha destas actividades, ábrese un potencial risco de contaminación ao non contar con depuración dos residuos (aceites, augas sucias por lacado de maquinaria, graxas,...). Todas aquelas industrias que pertencen a un polígono industrial, xa sexa existente ou a programar, deberán contar con depuración de residuos mentres que, cando se trate de industrias illadas no territorio non asimilables a un conxunto industrial, considerase que a súa ubicación non é a adecuada e polo tanto deberán trasladarse a un polígono coas características de seguridade que dita industria precise.
 - Residuos Urbanos: A Estrada conta con recollida selectiva do lixo e depuración dos residuos urbanos no núcleo urbano e nalgúns parroquias. Existe ademais un punto limpo para os residuos que requiren dunha recollida e tratamento especializados. Restan non obstante unha gran cantidade de núcleos rurais sen depuración de augas residuais degradadas (deterxentes, augas fecais,...) que son enviadas ao solo directamente ou a través de pozos negros particulares e para os que se prevé a dotación das infraestruturas de saneamento.
 - Residuos Agrogandeiros: A actividade agropecuaria xera unha serie de elementos contaminantes, utilizados habitualmente dentro do proceso produtivo agropecuario, que supoñen un modelo de contaminación difusa que afecta á calidade das augas. Entre os elementos de maior risco contaminantes están os xurros e os abonos químicos que implican un sobreaporte de materiais nitroxenados, microorganismos patolóxicos ou metais pesados que o solo non ten capacidade de absorber e depurar. A maior carga gandeira aparece nas



parroquias do sur e do centro que, por conseguinte, teñen un maior risco de contaminación por este motivo.

- Un forte risco ambiental é o asociado á problemática dos **incendios forestais**. A Estrada pola súa extensión superficial é a importante zona con uso forestal e de monte baixo ten un risco de incendio potencialmente elevado. As consecuencias derivadas pasan a ser a perda da calidade paisaxística, o incremento do risco de erosión pola perda da capa vexetal, e a emisión á atmosfera de diversos elementos contaminantes.

Se atendemos á distribución dos incendios forestais historicamente, pódese concluír afirmando que na zona sur existe un maior risco de incendio. As causas son varias: menores densidades humanas, maior cantidade de espazo abandonado, maior presenza de zona de monte baixo, dificultades de acceso ás áreas de maior risco. Nas parroquias do norte e da zona centro o número de sinistros redúcese, xa que nos topamos cunha máis importante presenza humana traducida nun incremento da superficie cultivada e nunha máis ampla distribución dos asentamentos de poboación.

- **A erosión e a perda de solo por correntamento de terras** é un risco que se centra exclusivamente nas zonas de elevada pendente (entorno dos afloramentos cuarcíticos, zonas de contacto entre as superficies de aplanamento e as terrazas fluviais). O efecto de risco xurde a partir de diversas accións antrópicas que alteran o perfil das pendentes. O trazado de vías de comunicación ou o aplanamento de fincas rompen a pendente natural e aumentan o grao potencial de que se desencadee un correntamento de terras. Polo que respecta á erosión por causas naturais o risco é practicamente nulo, coa excepción das áreas incendiarias nas que, unha vez perdida a capa vexetal, o risco de perda de solo por arrastre, especialmente por chuvias estivais, é significativo, implicando un empobrecemento da área afectada.


Este tipo de risco é máis forte nas parroquias do sur xa que aquí ao grosor do solo é máis débil, o risco de incendios (cos efectos engadidos) é maior, a capa vexetal ten unha menor intensidade, e nas zonas elevadas temos áreas de forte pendente.

Un dos principais riscos naturais con incidencia directa nas actividades humanas é o **risco de enchentes**, a inundación das marxes dos leitos fluviais, en momentos de sobreaporte por chuvia e incapacidade de drenaxe dos niveis freáticos. Segundo os técnicos redactores do Plan de Desenvolvemento Comarcal de Tabeirós-Terra de Montes, os maiores riscos de enchentes danse no tramo do propio río Ulla, especialmente nas chairas aluviais e na área agrícola aterrada máis próxima ao curso. O Plano Hidrolóxico de Galicia considera que esta área ten un risco de asolagamento mínimo. Non obstante, os últimos traballos realizados por Augas de Galicia en cumprimento da primeira fase da Directiva 2007/60/CE, identificaron no Concello 3 Áreas de Risco Potencial Significativo de Inundación (ARPSIs).


- Rego de A Somoza, A Estrada (ES014PO050621)
- Río Ulla – Ponte Ulla (ES014CP050313)
- Río Ulla – Pontevea (ES014CP050312)


Nestas ARPSIs, e segundo a mesma Directiva, o Organismo de Conca está a realizar os estudos de detalle para a delimitación de mapas de perigosidade e de risco de inundación que finalizarán nun plan de xestión de risco de inundación.

Para prever prexuízos económicos, materiais e mesmo humanos faise necesario contemplar unha franxa de protección asociada ás potenciais áreas de inundación a fin de minimizar a incidencia e o impacto negativo dos posibles momentos puntuais de inundación. O mesmo sucede, aínda que acada unha menor importancia, nas chairas aluviais dos seus afluentes máis importantes. Pola súa parte o Umia, ao discorrer por un área máis elevada, ter un caudal máis reducido e unhas menores densidades humanas, presenta un risco asociado ás inundacións moito menor.




PLANO HIDROLÓXICO GALICIA-COSTA


**MAPA DE RISCOS XEOLÓXICOS**




MAPA AMBIENTAL



ZONA DE FLUXO PREFERENTE NO TRAMO ULLA-PONTEVEA



CHAIRAS DE INUNDACIÓN NO TRAMO ULLA-PONTEVEA



ÁREAS DE RISCO POTENCIAL SIGNIFICATIVO DE INUNDACIÓN (ARPSIS) DO CONCELLO DA ESTRADA

2.7. POTENCIALIDADES


O Concello de A Estrada e a comarca de Tabeirós-Terra de Montes representa unha grande superficie rural próxima á área metropolitana de Pontevedra-Vigo e á de Santiago de Compostela xa na provincia de A Coruña.

A vila de A Estrada, ademais da capitalidade municipal, é a cabeceira comarcal de Tabeirós-Terra de Montes, concentrando a rede de servizos e comercios, creando así dinámicos e fluxos de intercambios dentro da comarca, e desta cara fóra, principalmente con Santiago de Compostela e Pontevedra.

A Estrada conta cunha serie de características xeolóxicas e edafolóxicas que deron lugar á formación de solos cun desenvolvemento importante que determinan unha boa capacidade agraria así como unha potencialidade para o desenvolvemento de gandería de leite e de horticultura, sobre todo na súa zona norte e, principalmente asociados ós leitos fluviais. Ademais, os condicionantes orográficos e xeomorfolóxicos ocasionan un clima de temperaturas suaves e uns índices de precipitacións axeitados, como para favorecer aínda máis as potencialidades anteriores, que enriquecerían a posibilidade da diversificación económica e suporían un pulo probable do sector primario.

Ademais das potencialidades reais coas que conta o territorio da Estrada en relación coas súas características endóxeas, hai que sumar outros de procedencia antrópica directamente


relacionados cos usos do solo e o aproveitamento humano do territorio. No mapa 1, pódense apreciar as diferentes unidades que, potencialmente contan con distinto tipo de interese.



MAPA 1: POTENCIALIDADE EN FUNCIÓN DAS CARACTERÍSTICAS AMBIENTAIS

Por outra banda, tendo especial coidado na análise da topografía, condicións climáticas, riscos de erosión e edafoloxía e seguindo as recomendacións emitidas pola FAO sobre a medición da Capacidade Agrolóxica dos Solos e elaborouse no mapa 2 unha conclusión sobre a capacidade de cada unha das unidades anteriormente analizadas.

MAPA DE TENDENCIAS POTENCIAIS DE DESENVOLVEMENTO VALORACIÓN AGROLÓXICA DOS SOLOS



MAPA 2: VALORACIÓN AGROLÓXICA DO SOLO

Así, cando se está ante unha zona con valoración agrolóxica baixa, significa que conta con limitacións severas ou moi severas para a agricultura, sendo recomendable os usos pasteiros, forestais, ecolóxicos, silvícolas, etc. Ante unha valoración media, as limitacións agrolóxicas son acentuadas, polo que a potencialidade agraria vén da man da agricultura extensiva. Por último, para unha medida alta, a lectura é que as condicións son moi favorables para a agricultura que se desenvolvería sobre solos ricos e fértiles (Fluvisols e Cambisols ben desenvolvidos, neste caso). A Estrada conta cunha moi boa calidade ambiental, resulta do interese da súa biodiversidade potencial que concentra, debido ás peculiaridades anteriores e a ser unha zona de confluencia entre os sectores Atlántico e Mediterráneo.


Esta realidade pódese apreciar na cantidade e calidade de hábitats e áreas de interese coas que conta o concello. Por unha banda ten, nas súas zonas máis baixas, nos vales, interesantes hábitats fluviais que chegan a desenvolver asociacións potenciais en forma de ripisilvas. Por outra banda, aparecen representado o estrato colino atlántico, con presenza de *Quercus robur* e *Quercus*

pyrenaica, asociados tanto a bosques caducifolios maduros que poboan as zonas de val e pé de monte, e que teñen unha intrusión mediterránea que incrementa notablemente a súa biodiversidade aparecendo formacións esclerófilas de *Quercus suber*, reflexo da influencia mediterránea desta zona de transición.


Esta grande biodiversidade pode ser unha fonte potencial de desenvolvemento xa que pode ser interesante para estudos específicos, turismo, lecer, etc.

En relación co anterior, aparece o mapa 3 no que se presentan as Áreas de Interese Ambiental que poden desencadear un reclamo turístico, de lecer ou de posta en valor do medio, dentro do concello, sendo complementario con outras liñas de desenvolvemento.

MAPA DE TENDENCIAS POTENCIAIS DE DESENVOLVEMENTO
ÁREAS DE INTERESE AMBIENTAL




MAPA 3: ÁREAS DE INTERESE AMBIENTAL



MAPA DE POTENCIALIDADES TURÍSTICAS

Por último, no mapa 4 sinálanse aquelas zonas que contan cun desenvolvemento potencial de áreas de uso industrial. Estas están maioritariamente, tal como se pode apreciar, na proximidade da vila da Estrada, polo que a súa alteración ou efectos sobre o medio minimízanse xa que se trata da área máis alterada do Concello.

Porén, existen outras áreas probables máis distantes ou situadas en áreas máis sensibles, que poden compatibilizar os seus usos industriais cos propios de desenvolvemento endógeno do seu contorno inmediato, de maneira que a alteración sexa minimizada.



MAPA 4: ÁREAS CON POTENCIALIDADE INDUSTRIAL



2.8. APTITUDE DOS TERREOS PARA A SÚA TRANSFORMACIÓN URBANÍSTICA

Mediante o estudio do medio físico coñecemos as áreas de maior valor ambiental e paisaxístico pero existen outras que, sen constituír unha Área de Interese Ambiental ou Paisaxística, posúen un gran valor natural por constituír hábitats naturais para moitas especies. Trátase do resto das áreas constituídas por bosques de carballos e castiñeiros, por bosques de ribeira e por matogueiras. As masas de bosques de plantación formados por eucaliptos e piñeiros son zonas con valores naturais medios debido ao seu elevado grao de intervención. O mesmo sucede cos prados con arboredo e as superficies de cultivo que ocupan unha gran parte do termo municipal. Polo tanto é necesario asegurar que o desenvolvemento do plan non supoña unha presión adicional que implique un maior deterioro dos diversos ecosistemas con gran valor natural e serva para mellorar a súa conservación.

Ademais da valoración anterior, á hora de estudar e propoñer as áreas máis favorables para a expansión urbanística da Estrada, tivéronse en conta as seguintes limitacións e condicionantes:

- Pendentes

As pendentes topográficas marcan a accesibilidade e as posibilidades de utilización do territorio en distintos conceptos. Os crecementos deberán propoñerse nas zonas de menor pendente e sempre tendo en conta a estrutura urbana xa existente e o espazo circundante. No mapa de pendentes estableceuse unha clasificación en tres categorías:


- Zonas con pendentes menores do 7%, con elevada aptitude para súa transformación urbanística, identificadas como de pendente chaira e suave no mapa de pendentes.
- Zonas con pendentes comprendidas entre o 7 e o 15% que precisan dun estudo de máis detalle (a maior escala) para coñecer as súas verdadeiras limitacións para a construción, identificadas como de pendente moderada e forte.
- Zonas con pendentes superiores ao 15%, non aptas para urbanizar, identificadas como de pendente moi forte e escarpada.

Considérase que empezan a ofrecer problemas, ou que non admiten un uso intensivo, aquelas zonas con pendentes superiores ao 7%, que loxicamente, se agravan a medida que esta aumenta.

Tras a análise do mapa de pendentes observamos que as zonas de pendente máis favorable para o desenvolvemento urbano encóntrase na zona centro, concretamente nas parroquias de Toedo, Matalobos, A strada, Ouzande Guimarei, Lagartóns, Calobre, Moreira e Rubín.

No sur, ao norte das parroquias de Souto e Codeseda existe outra grande área onde predominan as pendentes de menos do 7% e no norte, en Loimil e Oca.

As zonas máis desfavorables por existir unha pendente mais pronunciada encontrámolos ao oeste nas parroquias de San Miguel e Santa Mariña de Barcala e Frades, onde existe unha grande concentración de pendentes superiores ao 15%. No norte, en Santeles e Barbude, no Barranco de Pina do río Liñares e en Castro na ribeira do Ulla. Na parte este nas parroquias de Pardemarín e Olives. No centro a parte de maior pendente correspondería co sur da Somoza e, no sur, en Souto, Codeseda e Arca.




MAPA DE PENDENTES

- Orientación

A orientación definirá as zonas de maior confort climático, sendo xeralmente as orientadas ao sur ou sueste as máis adecuadas para urbanizar, considerando tamén a irregularidade ou regularidade do relevo pois a presenza de superficies máis amplas fai que aumente o confort climático.


A zona con mellor orientación solar do concello correspóndese case integramente coa parroquia de Arca. É unha grande extensión con total orientación sur, surlleste e suroeste. No norte destaca outra área que tamén practicamente se corresponde cos límites das parroquias de San Xurxo e Santo André de Veá, incluíndo tamén a parte oriental de Frades. No norte, as parroquias de Toedo e Santeles e máis lonxe Oca e Loimil. No centro os arredores da Estrada das parroquias de Ouzande, Guimarei, Lagartóns xunto ao norte da Somoza e Callobre teñen unhas boas orientacións sur, surlleste. No sur, máis escasas, nas parroquias de Ribela e áreas de Sabucedo e sur de Codeseda.



MAPA DE ORIENTACIÓNS

- Capacidade portante


Para determinar a capacidade portante do terreo haberá que ter en conta, dende o punto de vista xeotécnico, o tipo de material, morfoloxía, etc aqueles depósitos de materiais soltos, conectados coa alteración de rochas que forman o substrato rochoso. Pero tras esta análise non se desprenden limitacións en canto á capacidade portante, tan só impóñense restricións para a execución de obras nos cursos dos ríos e nas súas áreas inundables.



MAPA LITOLÓXICO

- Riscos naturais

O risco é o resultado da composición da función frecuencia de que se produza coa función vulnerabilidade e os elementos expostos aos riscos. A definición de risco debe ter en conta tanto a probabilidade de ocorrencia dos riscos así coma dos niveis alcanzados.



MAPA DE RISCOS NATURAIS



Os riscos xeolóxicos abarcan un gran número de catástrofes naturais: terremotos, inundacións dos leitos fluviais e zonas aluviais, correntamentos de terra, desprendementos de rochas en zonas de cortes do terreo nos bordes das estradas ou nos cantís... cobrando cada vez maior importancia á hora de radicar os asentamentos residenciais, industriais, deseñar e construír. Os terremotos na estrada non supoñen un risco de importancia. O risco de enchentes, a inundación das marxes dos leitos fluviais, en momentos de sobreaporte por chuvia e incapacidade de drenaxe dos niveis freáticos pode producirse no tramo do propio río Ulla, especialmente nas chairas aluviais e na área agrícola aterrazada máis próxima ao curso. O Plano Hidrolóxico de Galicia considera que esta área ten un risco de asolagamento mínimo pero para previr prexuízos económicos, materiais e mesmo humanos faise necesario contemplar unha franxa de protección asociada ás potenciais áreas de inundación a fin de minimizar a incidencia e o impacto negativo dos posibles momentos puntuais de inundación. O mesmo sucede, aínda que acada unha menor importancia, nas chairas aluviais dos seus afluentes máis importantes. O río Umia, ao discorrer por un área máis elevada, ter un caudal máis reducido e unhas menores densidades humanas, presenta un risco asociado ás inundacións moito menor.

Así mesmo, tamén débense considerar outros riscos que son producidos pola acción do home sobre o medio como son os asociados á erosión e ao tema dos vertidos sen ter en conta o substrato xeolóxico como reserva de auga e polo tanto como subministro de auga aos mananciais e fontes. As áreas de maior risco de erosión son aquelas afectadas por incendios forestais localizadas en áreas das parroquias de Santa Mariña de Barcala e Frades, Arca, Souto e Codeseda, Orazo, Remesar, Agar e Curantes e Arnois, Berres, Ribeira e Barbude.

- **Riscos tecnolóxicos e contaminación**

As zonas próximas ás gasoleiras e outros emisores locais tanto de contaminación líquida como sólida e gasosa, as zonas industriais e tecnolóxicas.

Zonas industriais e tecnolóxicas son:

- Polígono de Toedo.
- Polígono da Grela (Arnois).
- Polígono de Moreira.
- Polígono de Matalobos.
- Cidade do Moble.

Estas accións que poden producirse nas zonas definidas serán consideradas á hora de planificar nelas calquera área que vaia albergar usos residenciais, industriais, comerciais ou dotacionais para preservalas de calquera risco ao propio uso e ao medio no que se insere e asegurar a idoneidade do emplazamento.



2.9. O PATRIMONIO CULTURAL

O concello da Estrada posúe un gran número de elementos patrimoniais de carácter cultural, histórico ou arqueolóxico. A continuación se enumerarán os elementos existentes no concello, os cales serán analizados co fin de seleccionar os que serán incluídos no Catalogo de bens e elementos a protexer.

2.9.1. ARQUITECTÓNICO

IGREXAS

NOME	PARROQUIA	LUGAR
Igrexa parroquial de San Paio	A Estrada	Praza da Inmaculada
Igrexa parroquial de Santo Andrés	A Somoza	A Somoza
Igrexa parroquial de Santa Mariña	Agar	Sorribas
Igrexa parroquial de Santa María	Aguíóns	Os Cebados
Igrexa parroquial de San Miguel	Arca	Xustín
Igrexa parroquial de San Xiao	Arnois	San Xiao
Igrexa parroquial de San Salvador	Baloira	A Igrexa
Igrexa parroquial de Santa Mariña	Barcala	Santa Mariña
Igrexa parroquial de San Martiño	Callobre	A Riba
Igrexa parroquial de San Xurxo	Cereixo	A Igrexa
Igrexa parroquial de San Xurxo	Codeseda	A Sagrada
Igrexa parroquial de San Miguel	Cora	Cora
Igrexa parroquial de Santa María	Couso	Maíndo
Igrexa parroquial de San Miguel	Curantes	Curantes
Igrexa parroquial de Santa María	Frades	Frades
Igrexa parroquial de San Xiao	Guimarei	San Xiao
Igrexa parroquial de Santo Estevo	Lagartóns	O Viso
Igrexa parroquial de San Breixo	Lamas	Sobrado
Igrexa parroquial de San Xoán	Liripio	Igrexa
Igrexa parroquial de Santa María	Loimil	Loimil
Igrexa parroquial de Santa Baia	Matalobos	Santa Baia
Igrexa parroquial de San Miguel	Moreira	Sestelo
Igrexa parroquial de Santa María	Nigoi	O Pazo
Igrexa parroquial de Santa María	Olives	Pazos
Igrexa parroquial de San Pedro	Orazo	A Igrexa
Igrexa parroquial de San Lourenzo	Ouzande	O Redondo
Igrexa parroquial de San Pedro	Parada	Parada
Igrexa parroquial de Santa María	Paradela	A Igrexa
Igrexa parroquial de Santa Baia	Pardemarín	Castrelo de Abaixo
Igrexa parroquial de San Cristovo	Remesar	A Vilasusán
Igrexa parroquial de Santa Mariña	Ribeira	O Pazo



Igrexa parroquial de Santa Mariña	Ribela	A Pedreira
Igrexa parroquial de Santa María	Rubín	A Igrexa
Igrexa parroquial de San Lourenzo	Sabucedo	Sabucedo
Igrexa parroquial de Santo André	Santo André de Veá	Celeirón
Igrexa parroquial de San Miguel	San Miguel de Barcala	Cimadevila
Igrexa parroquial de San Miguel	San Miguel de Castro	San Miguel
Igrexa parroquial de San Xiao	San Xiao de Veá	A Igrexa
Igrexa parroquial de San Xurxo	San Xurxo de Veá	Piñeiro
Igrexa parroquial de Santa Cristina	Santa Cristina de Veá	Sorribas
Igrexa parroquial de San Xoán	Santeles	Godoi
Igrexa parroquial de Santo André	Souto	Souto
Igrexa parroquial de Santiago	Tabeirós	Tabeirós
Igrexa parroquial	Tabeirós	A Consolación
Igrexa parroquial de San Pedro	Toedo	A Igrexa
Igrexa parroquial de Santa Cristina	Vinseiro	O Moucho
Igrexa parroquial de San Martiño	Barbude	San Martiño
Igrexa parroquial de Santo Estevo	Oca	Oca de Arriba
Igrexa parroquial de San Vincenzo	Berres	A Igrexa
Igrexa parroquial de San Martiño	Riobó	San Martiño
Igrexa parroquial de San Xiao	San Xiao de Veá	Dorelle
Igrexa parroquial de San Tomé	San Tomé de Acorados	San Tomé
Igrexa parroquial de San Pedro de Acorados	San Pedro de Acorados	San Pedro

CAPELAS

NOME	PARROQUIA	LUGAR
Capela das Neves	Arnois	Os Golmados
Capela do Amparo	Berres	Rocaforte
Capela de Nosa Señora de Guadalupe	Codeseda	A Grela
Capela	Codeseda	Monteagudo
Capela dos Milagres	Frades	Requián
Capela da Virxe de Guadalupe	Lamas	Riamonde
Capela da Virxe da Saleta	Loimil	Loimil
Capela do San Lois	Orazo	O San Lois
Capela de San Vicente de Constela	Ribeira	San Vicente
Capela Santo Antón	Rubín	O Foxo
Capela do Carme	San Miguel de Barcala	A Negreira
Capela de Nosa Sra. das Angustias	San Miguel de Castro	O Seixo
Capela de Santa María	Orazo	Castrovite
Capela de Nosa Señora de Aránzazu	Santa Cristina de Veá	A Cerqueira
Capela da Ascensión	Arca	O Carballal
Capela de San Bieito	Souto	Montillón de Abaixo

**ERMIDAS**

NOME	PARROQUIA	LUGAR
Ermida de San Xoan	Barcala	Trasande
Ermida de Santa Lucía	Liripio	Cabanelas

PAZOS

NOME	PARROQUIA	LUGAR
Pazo do Preguecido ou Pazo dos Condes de Ramanes	Aguíóns	O Preguecido
Pazo de Cervela	Callobre	O Vilar
Pazo de Xerlís	Guimarei	Xerlís
Pazo de Oca – Ben de Interese Cultural	Oca	A Praza
Pazo de Correáns	Vinseiro	Correáns

CASAS

NOME	PARROQUIA	LUGAR
Casa Grande de Bermúdez de Castro	A Estrada	Estrada a Santiago
Casa Tenencia da Veiga	Arnois	A Veiga
Casa da Silva	Arnois	O Bruñado
Casa con Capela e cruceiro	Arnois	Ribadulla
Casa de Marcial Valladares	Berres	Vilancosta
Casa de Monteagudo	Codeseda	Monteagudo
Casa de Armadáns	Cora	Piñeiro
Casa de Barcia	Cora	Piñeiro
Casa do Conde de Xiamonde	Couso	Maíndo
Casa de Recarei	Curantes	Pousada
Casa de Varela	Curantes	As Pereiras
Casa	Curantes	O Porto
Casa dos Marqueses de Aranda	Guimarei	A Torre
Casa e Capela de San Ildefonso	Guimarei	A Panceira
Casa da Pica	Moreira	A Pica
Casa de Vendexa	Orazo	Vendexa
Casa da Silva	Orazo	Vendexa
Casa de Ulloa	Orazo	A Igrexa
Casa de Brea	Orazo	A Igrexa
Casa do Gordo	Parada	
Casa de Leira de Muros	Parada	Os Muros
Casa Orixinaria	Paradela	
Casa dos Arauxo	Ribeira	A Ponte
Casa dos Otero	Ribeira	A Ribeira
Casa e Capela de Cobián	Ribeira	A Ribeira



Casa de Piñeiro	Ribeira	O Piñeiro
Casa Orixinaria	Ribela	Sesto
Casa de Ballesteros	Ribela	Fondo da Vila
Casa de Cobián	Riobó	A Mota
Casa da Mota ou dos Oteros	Riobó	A Mota
Casa de Miranda	Santeles	Traspedra

CASAS REITORAIS

NOME	PARROQUIA	LUGAR
Casa Reitoral	Aguións	Os Cebados
Casa Reitoral	Agar	Sorribas
Casa Reitoral	Callobre	A Riba
Casa Reitoral	Couso	Couso
Casa Reitoral	Curantes	Curantes Novo
Casa Reitoral	Olives	Pazos
Casa Reitoral	Paradela	A Igrexa
Casa Reitoral	Remesar	A Vilasusán
Casa Reitoral	Ribeira	O Piñeiro
Casa Reitoral	Ribela	Fondo da Vila
Casa Reitoral	Sto Andrés de Veá	Celeirón
Casa Reitoral	San Xiao de Veá	A Igrexa
Casa Reitoral	San Xurxo de Veá	Piñeiro
Casa Reitoral	Sta Cristina de Veá	Sorribas
Casa Reitoral	Santeles	O Pazo
Casa Reitoral	Tabeirós	Tabeirós

TORRES

NOME	PARROQUIA	LUGAR
Torre de Touceda	Cora	Cora
Torre de Guimarei – Ben de Interese Cultural	Guimarei	A Torre

HÓRREOS

NOME	PARROQUIA	LUGAR
Hórreo da Casa Reitoral	Arca	Arca
Hórreo da Casa dos Cervela (Valiñas)	Callobre	O Vilar
Hórreo da Casa de Nodar	Cereixo	Viso de Arriba
Hórreo da Casa de Pena	Cereixo	Viso de Arriba
Hórreo do Bertolo	Cereixo	Vilapouca
Hórreo da Casa de Monteagudo	Codeseda	Monteagudo
Hórreo	Couso	Couso
Hórreo	Couso	Couso



Hórreo	Couso	Couso
Hórreo	Couso	Sequeiró
Hórreo	Couso	Sequeiró
Hórreo	Couso	Sequeiró
Hórreo	Couso	Sequeiró
Hórreo	Couso	Sequeiró
Hórreo	Couso	Fontenlo
Hórreo	Couso	Fontenlo
Hórreo	Couso	Fontenlo
Hórreo	Couso	Fontenlo
Hórreo	Couso	Fontenlo
Hórreo	Couso	Fontenlo
Hórreo	Couso	Fontenlo
Hórreo de Martís	Loimil	Riomao
Hórreo	Curantes	Curantes Novo
Hórreo da Casa de Ulloa	Orazo	A Igrexa
Hórreo de Pampín	Orazo	Currelo
Hórreo de Valdás	Orazo	Baldarís
Hórreo de Rodríguez	Orazo	A Silva
Hórreo de Moreira	Orazo	Currelo
Hórreo de Faluante	Orazo	A Igrexa
Hórreo da Casa do Cereiro	Ouzande	Alemparte
Hórreo	Ouzande	Alemparte
Hórreo	Tabeirós	O Outeiro
Hórreo	Tabeirós	O Outeiro
Hórreo da Leira	Parada	Os Muros
Hórreo do Gordo	Parada	Parada
Hórreo da Casa de Araujo	Ribeira	Ponte
Hórreo da Casa de Otero	Ribeira	Ribeira
Hórreo da Casa da Condessa	Ribeira	O Piñeiro
Hórreo da Casa de Ramón de Piñeiro	Ribeira	O Piñeiro
Hórreo da Casa de Pichel	Rubín	Bemposta
Hórreo da Casa Reitoral	Rubín	Bemposta
Hórreo de Rosende	Santo André de Veá	Calvelo
Hórreo de Cimadevila	San Miguel de Barcala	Cimadevila
Hórreo de Rogelio Rey	San Miguel de Castro	Ponte
Hórreo de Louzao da Baixo	San Miguel de Castro	Prado
Hórreo da Casa do Regueiro	San Miguel de Castro	Lagos
Hórreo do Igrexario	San Miguel de Castro	San Miguel
Hórreo de Iglesias	San Miguel de Castro	Prado
Hórreo de Failde	San Miguel de Castro	Cova – Silva
Hórreo de Calvo	San Miguel de Castro	Cova
Hórreo de Reimóndez	San Miguel de Castro	A Carballeira



Hórreo de Camino	Toedo	A Igrexa
Hórreo de Calviño	Toedo	Toedo
Hórreo de Calviño	Toedo	Toedo
Hórreo da Casa Reitoral	Olives	Pazos
Hórreo do Igrexario	San Xurxo de Veá	Piñeiro
Hórreo de Santiso	Santa Cristina de Veá	Tracesto
Hórreo do Igrexario	Santa Cristina de Veá	O Outeiro
Hórreo	San Xiao de Veá	Vixín
Hórreo	San Xiao de Veá	Vixín
Hórreo	San Xiao de Veá	Vixín
Hórreo	San Xiao de Veá	Dorelle
Hórreo	San Xiao de Veá	Dorelle
Hórreo	San Xiao de Veá	Dorelle
Hórreo	San Xiao de Veá	Gondomar de Abaixo
Hórreo	San Xiao de Veá	Gondomar de Abaixo
Hórreo	San Xiao de Veá	Gondomar de Arriba
Hórreo	San Xiao de Veá	A Igrexa
Hórreo	San Xiao de Veá	A Igrexa
Hórreo	San Xiao de Veá	Sandelle
Hórreo	Frades	Chaín
Hórreo	Frades	Chaín
Hórreo	Frades	Chaín
A Hórrea da Casa de Rodríguez	Moreira	A Pica
Hórreo da Casa de Rodríguez	Moreira	A Pica
A Hórrea da Casa de Espinosa	Moreira	A Pica
Hórreo da Casa de Modesto	Moreira	Vilagude
Hórreo	Oca	Castrotión
Hórreo	Oca	Castrotión
Hórreo de Piñeiro	Oca	Castrotión
Hórreo de Ruibal	Oca	A Valiña
Hórreo do Mestre de Rendo	Oca	Rendo

MUÍÑOS

NOME	RÍO	PARROQUIA	LUGAR
Da Agroeira 1	Río Figueroa	A Estrada	A Granxa
Da Agroeira 2	Río Figueroa	A Estrada	A Granxa
Da Casa Grande	Río Figueroa	A Estrada	Figueiroa de Abaixo
De Gendos	Río Figueroa	A Estrada	Pedregal
De Magariños	Río Figueroa	A Estrada	Figueroa de Abaixo
Do Castrelo	Río Figueroa	A Estrada	Figueroa de Abaixo
Do Maestro	Río Figueroa	A Estrada	Figueroa de Arriba
Do Bico	Río Figueroa	A Estrada	Figueroa de Abaixo
Do Rodeiro 1	Río Figueroa	A Estrada	Figueroa de Abaixo
Do Rodeiro 2	Río Figueroa	A Estrada	Figueroa de Abaixo



Figueiroa de Abaixo	Río Figueroa	A Estrada	Figueiroa de Abaixo
Novo	Río Figueroa	A Estrada	Figueiroa de Abaixo
Da Cima	Regato da Serra	Agar	Gonxar
De Amado	Regato do Río	Agar	Sorribas
De Barcielas	Regato da Serra	Agar	Penalobeira
De Fuentes	Regato da Serra	Agar	Gonxar
De Gonxar	Presa	Agar	Gonxar
De Paraxó	Regato do Río	Agar	O Río
De Porto	Regato do Río	Agar	Sorribas
De Rogelio	Presa	Agar	Gonxar
De Valiñas	Regato da Serra	Agar	Gonxar
Do Crego	Regato da Serra	Agar	O Outeiro
Do Río	Regato do Río	Agar	O Río
Dos Vicentes	Regato da Serra	Agar	Gonxar
Novo	Regato da Serra	Agar	Gonxar
Da Frieira	Río Figueroa	Aguións	A Frieira
Da Laxe	Río Figueroa	Aguións	A Aldea Grande
Da Ponte	Río Figueroa	Aguións	A Aldea Grande
Das Canizas	Río Liñares	Aguións	O Preguecido
Do Calvelo	Río Liñares	Aguións	A Aldea Grande
Enxeño de Pina	Río Liñares	Aguións	Pina
O Inferniño	Río Figueroa	Aguións	A Aldea Grande
Retortoiro	Río Figueroa	Aguións	A Aldea Grande
Ruínas da Laxe	Río Figueroa	Aguións	A Aldea Grande
Da Agra	Regato	Arca	A Amarelle
Da Benita	Regato de Xustín	Arca	Xustín
Da Cortiza	Regato da Igrexa	Arca	O Cruceiro
Da Couceira	Regato de Xustín	Arca	Xustín
Da Fonte	Regato de Moimenta	Arca	Nodar
Da Paradola	Río Umia	Arca	A Penela
Da Perita	Río Umia	Arca	Pedriña
Da Veiga Vella	Río Umia	Arca	Nodar
Da Zamorana	Regato do Porto	Arca	O Cruceiro
De Fortunato	Regato de Xustín	Arca	Xustín
De Abaixo	Río Umia	Arca	Pedriña
De Ameixeira	Rto. Da Ascensión	Arca	O Carballal
De Canabal	Regato de Xustín	Arca	Xustín
De Carbia	Río Umia	Arca	Nodar
De Fontenla	Regato de Canles	Arca	A Amarelle
De Jesús de Canabal	Regato de Xustín	Arca	Xustín
De Monteagudo	Río Umia	Arca	A Goleta
De Nemesio Coto	Regato do Porto	Arca	O Cruceiro
De Perfecto Eirín	Regato da Igrexa	Arca	Xustín
De Porto de Baixo	Regato do Porto	Arca	A Amarelle



De Roque	Río Umia	Arca	Nodar
De Villamarín	Río Umia	Arca	A Goleta
Do Canabal	Río Umia	Arca	A Goleta
Do Cura	Regato da Igrexa	Arca	Igrexa
Do Pego Negro	Río Umia	Arca	Carnabal
Do Picouzo	Río Umia	Arca	Nodar
Do Prado	Regato da Ascensión	Arca	A Ascensión
Do Regueiro	Regato do Porto	Arca	O Cruceiro
Froces de Baixo	Regato do Porto	Arca	O Cruceiro
Froces de Riba	Regato do Porto	Arca	O Cruceiro
Calzada 2	Regato da Calzada	Arnois	A Calzada
Da Calzada 1	Regato de Lagos	Arnois	A Calzada
Da Ponte	Río Bo	Arnois	Ribadulla
De Abelleiro	Regato de Lagos	Arnois	Vieites
De Camanceiro 2	Presa de Lagos	Arnois	A Veiga
De Frey	Río Bo	Arnois	Ribadulla
De Mario	Río Ulla	Arnois	Ribadulla
De Paulos	Río Bo	Arnois	Ribadulla
De Xestoso	Río Bo	Arnois	Ribadulla
De Camanceiro 1	Presa de Lagos	Arnois	A Veiga
De Caxaraville	Regato Baloira	Baloira	Baloira
De Mato	Regato Baloira	Baloira	Baloira
De Montoiro	Pozo	Baloira	Baloira
Das Carballas	Regato das Carballas	Barbude	As Carballas
O Salgueiro 1	Río Liñares	Barbude	Trasmonte
O Salgueiro 2	Río Liñares	Barbude	Trasmonte
Da Aldea	Presa	S. Miguel de Barcala	Casa do Frade
Da Barcia	Regato Caldeirón	S. Miguel de Barcala	Barcia
Da Frieira	Río Ulla	S. Miguel de Barcala	Bandín
Da Ponte	Regato de Caldeirón	S. Miguel de Barcala	Souto
De Bumio	Regato de Bumio	S. Miguel de Barcala	De Bumio
De Fondevila	Presa	S. Miguel de Barcala	Bumio
De Garaboa	Presa	S. Miguel de Barcala	Bumio
De López	Regato Caldeirón	S. Miguel de Barcala	Igrexa (A Boca)
De Magariños	Regato Caldeirón	S. Miguel de Barcala	Igrexa (A Boca)
De Meda	Regato de Meda	S. Miguel de Barcala	O Redondo
Do Bao	Río Ulla	S. Miguel de Barcala	O Bao
Do Cura	Regato Caldeirón	S. Miguel de Barcala	Igrexa (A Boca)
Novo de Herbogo	Regato Caldeirón	S. Miguel de Barcala	Souto
Vello de Herbogo	Regato Caldeirón	S. Miguel de Barcala	Souto
Da Costa	Regato Caldeirón	Barcala	Trasande
Da Forxa	Regato Caldeirón	Barcala	Trasande
Da Veiguiña	Regato Caldeirón	Barcala	Santa Mariña
Das Trasandes	Presa de Sta. Mariña	Barcala	Igrexa



De Abaixo	Presa de Sta. Mariña	Barcala	Igrexa
De Arriba	Presa de Sta. Mariña	Barcala	Igrexa
De Laceiras	Presa de Sta. Mariña	Barcala	Igrexa
De Pazos	Presa de Sta. Mariña	Barcala	Igrexa
De Pedro	Presa de Sta. Mariña	Barcala	Igrexa
Do Agro de Baixo	Regato Caldeirón	Barcala	Trasande
Dos Duros	Presa de Sta. Mariña	Barcala	Igrexa
Da Besada	Regato de Ulla	Berres	Ulla
Da Ferreira	Regato de Ulla	Berres	A Mouteira
Da Ponte	Riobó	Berres	A Ribeira
Das Baloiras	Regato de Ulla	Berres	A Mouteira
De Abraldes	Regato de Ulla	Berres	Vilancosta
De Espinosa	Regato de Ulla	Berres	Vilancosta
De Louzao	Regato de Ulla	Berres	Ulla
De Ramón Piñeiro	Regato de Ulla	Berres	Vilancosta
De Ribadavia	Regato de Ulla	Berres	Vilancosta
Do Cruceiro	Regato de Ulla	Berres	Ulla
Do Palluzo	Regato de Ulla	Berres	Vilancosta
Do Pazo	Regato de Ulla	Berres	Vilancosta
Do Pereiro	Regato de Vela	Berres	O Pereiro
Dos Barros	Regato de Ulla	Berres	A Mouteira
Dos Neiras	Regato de Ulla	Berres	Ulla
Ferreira de Abaixo	Regato de Ulla	Berres	A Mouteira
Novo	Regato de Ulla	Berres	Ulla
Novo de Tofín	Río Bo	Berres	Tofín
Vello de Tofín	Río Bo	Berres	Tofín
Alberto	Río Rubín	Callobre	Fervenza
Da Pantenla	Presa do prada	Callobre	Pousada
De Abaixo	Río Rubín	Callobre	A Aldea Grande
De Cimadevila	R. de Cimadevila	Callobre	Cimadevila
De Ribadavia	Presa de regar	Callobre	Vilafruxil
De Salvador	Rgto. de Friamonde	Callobre	Pousada
De Valiñas	Río Liñares	Callobre	O Vilar
De Villanueva	Rgto. de Friamonde	Callobre	Friamonde
Do Maceiro	Rgto. de Friamonde	Callobre	Pousada
Do Maraño	Rgto. de Friamonde	Callobre	Friamonde
De Pontillón	Rgto. de Friamonde	Callobre	Friamonde
Do Señorano	Presa Liñares	Callobre	Viso
Enxeño da Fervenza	Río Rubín	Callobre	Fervenza
Serra de Álvarez	Presa Liñares	Callobre	Liñares
Da Besada	Presa da Ponte	S. Miguel de Castro	A Burata
Das Mimosas	Regato de Lagos	S. Miguel de Castro	Lagos
De Agustín	Regato de Lagos	S. Miguel de Castro	Lagos
De Barreiro	Regato de Lagos	S. Miguel de Castro	Lagos



De Niveiros	Regato de Lagos	S. Miguel de Castro	Lagos
De Prado	Regato de Vilar	S. Miguel de Castro	Peizás
De Vilar	Regato de Vilar	S. Miguel de Castro	Vilar
De Vázquez	Regato de Lagos	S. Miguel de Castro	Lagos
Do Crego	Regato de Lagos	S. Miguel de Castro	Lagos
Do Regueiro	Regato de Lagos	S. Miguel de Castro	Lagos
Dos Bertóns	Regato de Lagos	S. Miguel de Castro	A Burata
Dos Mareques	Regato de Lagos	S. Miguel de Castro	Lagos
Da Igrexa	Río Rubín	Cereixo	A Igrexa
Da Laxe	Río Pego Negro	Cereixo	Viso de Arriba
Da Muiñeira	Río Rubín	Cereixo	A Igrexa
Das Quintas	Río Liñares	Cereixo	Viso de Arriba
De Abaixo	Regato de Señoráns	Cereixo	Señoráns
De Arturo	Río Liñares	Cereixo	Pernaviva
De Bautista	Regato de Correáns	Cereixo	Costenla
De Caldeirón	Río Pego Negro	Cereixo	Viso de Arriba
De Guimaráns	Regato de Correáns	Cereixo	Costenla
De Maceira	Río Rubín	Cereixo	A Fervenza
De Penide	Río Pego Negro	Cereixo	Viso de Arriba
De Sanmartín	Presa de regar	Cereixo	Costenla
De Vilar	Regato de Correáns	Cereixo	Costenla
Do Carrizo	Regato de Correáns	Cereixo	Costenla
Dos Pasos	Regato de Señoráns	Cereixo	Señoráns
Da Devesa	Río Campos	Codeseda	Fragoso
Da Eira	Río Umia	Codeseda	Fontenlo
Da Fervenza	Regato das Quintas	Codeseda	As Quintas
Da Laxe	Regato Insuela	Codeseda	Insuela
Da Matagueira	Regato Insuela	Codeseda	Insuela
Da Penela	Regato Insuela	Codeseda	Insuela
Da Ponte de Barro	Regato de Barro	Codeseda	Barro
Da Ponte de Pedra	Río Umia	Codeseda	Marcenlos
Da Veiga	Río Umia	Codeseda	Marcenlos
Das Lousas	Río de Campos	Codeseda	Fragoso
De Abaixo	Regato de Vilaboa	Codeseda	Vilaboa
De Abaixo	Regato da Grela	Codeseda	A Agrela
De Abaixo	Regato de Barro	Codeseda	Barro
De Abragán	Río Umia	Codeseda	Abragán
De Arriba	Regato de Vilaboa	Codeseda	Vilaboa
De Arriba	Regato da Grela	Codeseda	A Agrela
De Arriba	Regato de Barro	Codeseda	Barro
De Balado	Regato de Quintas	Codeseda	As Quintas
De Buela	Río Umia	Codeseda	Filgueiras
De Cadeirón	Río Umia	Codeseda	Marcenlos
De Campos	Río de Campos	Codeseda	Campos



De Cerviño	Regato Insuela	Codeseda	Insuela
De Currelo	Regato de Currelo	Codeseda	Os Currelos
De Currelos	Regato de Currelo	Codeseda	Os Currelos
De Fernando	Regato de Barro	Codeseda	Barro
De Lois	Regato de Quintas	Codeseda	As Quintas
De Parrondo	Regato de Codeseda	Codeseda	Codeseda
De Penide	Río Campos	Codeseda	Fragoso
De Quiben	Regato de Quintas	Codeseda	As Quintas
De Silva	Río Umia	Codeseda	Marcenlos
De Xubrei	Río de Campos	Codeseda	Fragoso
Do Castiñeiro	Río Campos	Codeseda	Fragoso
Do Ferreiro	Río Umia	Codeseda	Fontenlo
Do Panadeiro	Río Liñares	Codeseda	A Ponte
Do Xordo	Regato de Quintas	Codeseda	As Quintas
Dos Blancos	Regato Insuela	Codeseda	Insuela
Dos Cabadas	Regato da Grela	Codeseda	A Agrela
áNovo	Río Umia	Codeseda	Fontenlo
Vello de Parrondo	Regato Currelos	Codeseda	Codeseda
Da Aceña	Río Ulla	Cora	A Aceña
Da Dorna	Río Ulla	Cora	Sieiro
Da Gándara	Regato de Sieiro	Cora	Sieiro
Da Gándara 2	Regato de Sieiro	Cora	Sieiro
Da Rigueira	Regato da Torre	Cora	Cora
De Barro	Regato de Barro	Cora	Barro
De Miráns	Río Vea	Cora	Cora
Do Freixo	Regato da Torre	Cora	Cora
Dos Calvelos	Río Vea	Cora	Cora
Cortiña do Río	Regato de Sequeiró	Couso	Sequeiró
Da Pedra Mexadoira	Regato de Sequeiró	Couso	Sequeiró
Da Ponte Nova	Río Vea	Couso	Couso
De Arriba	Río Vea	Couso	Fontenlo
De Fontenlo	Río Vea	Couso	Fontenlo
Do Barco	Río Vea	Couso	Couso
Do Ferreiro	Río Vea	Couso	Couso
Carballeira do Rei	Regato S. Martiño	Curantes	As Pereiras
Da Carballeira	Regato de Porto	Curantes	Curantes Novo
Da García	Río Curantes	Curantes	Pousada
Da Nogueira	Río de Porto	Curantes	O Porto
Da Ponte	Río Curantes	Curantes	Pousada
Da Revolta	Regato de Curantes	Curantes	Curantes Vello
De Apolinar	Río Curantes	Curantes	Pousada
De Aurelio	Regato de S. Martiño	Curantes	As Pereiras
De Basteiros	Río de Porto	Curantes	O Porto
De Bras	Regato de S. Martiño	Curantes	As Pereiras



De Brea	Río Curantes	Curantes	Curantes Vello
De Brea	Regato de S. Martiño	Curantes	As Pereiras
De Breis	Río de Porto	Curantes	O Porto
De Gamallo	Presa	Curantes	As Pereiras
De Martinete	Río Curantes	Curantes	Pousada
De Recemil	Río Porto	Curantes	O Porto
De Suárez 1	Río Curantes	Curantes	Pousada
De Suárez 2	Río Curantes	Curantes	Pousada
De Sánchez	Regato de Curantes	Curantes	Curantes Vello
De Toirís	Regato de Curantes	Curantes	Curantes Vello
De Varela	Regato de S. Martiño	Curantes	As Pereiras
Do Cura	Río de Porto	Curantes	Curantes
Do Fondo	Río Curantes	Curantes	Pousada
Do Medio	Río Curantes	Curantes	Pousada
Do Medio	Río de Porto	Curantes	O Porto
Do Muiñeiro	Río Curantes	Curantes	Pousada
Do Outeiro	Río Curantes	Curantes	Pousada
Do Roxo	Regato de Curantes	Curantes	Sinteirol
Do Xastre	Regato de Curantes	Curantes	Curantes Vello
Do Serrao	Regato de Curantes	Curantes	Curantes Vello
Do Torizo	Regato de Curantes	Curantes	Sinteirol
Dos Batáns	Regato de S. Martiño	Curantes	As Pereiras
Dos Herdeiros	Río Curantes	Curantes	Pousada
Enxeño Hidroeléctrico	Regato de S. Martiño	Curantes	As Pereiras
Muíño do Roxo	Ponte Retorta	Curantes	Sinteirol
Da Fervenza	Regato Fervenza	Frades	Subión
Das Tresande	Regato de Cachón	Frades	Requián
De Bragaña	Regato Vilariño	Frades	Vilariño
De Casal Sampaio	Pozo	Frades	Casalpaio
De Correa	Presa	Frades	Frades
De Frades	Presa	Frades	Frades
De Magariños	Regato Cachón	Frades	Requián
De Vilar	Regato Vilar	Frades	Vilar
De Vilariño	Regato Cachón	Frades	Requián
Do Agüeiro	Regato Subión	Frades	Subión
Dos Vilares	Regato Cachón	Frades	Requián
Eira de Arriba	Regato Subión	Frades	Subión
Eiras de Abaixo	Regato Subión	Frades	Subión
Novo	Regato Cachón	Frades	Requián
Tres Fontes	Presa	Frades	Frades
Vello	Regato Cachón	Frades	Requián
Do Medio	Regato Cachón	Frades	Requián
Da Cardavella	Regato Pinguela	Guimarei	A Cardavella
Da Devesa	Regato Pinguela	Guimarei	A Devesa



Da Portela	Regato Pego Negro	Guimarei	A Portela
De Durán	Regato Pinguela	Guimarei	A Torre
De Picáns	Regato Pego Negro	Guimarei	Xerlís
De Pinguela	Regato Pinguela	Guimarei	A Cardavella
De Robíns	Regato Pego Negro	Guimarei	Xerlís
De Zarabeto	Regato Pinguela	Guimarei	Zarabeto
Do Agüados	Regato Pego Negro	Guimarei	Pontenova Outeiriño
De Ouzamerxe	Regato Pinguela	Lagartóns	Ouzamerxe
Veigas de Abaixo	Río Liñares	Lagartóns	O Viso
Das Moreiras	Río Liñares	Lagartóns	O Viso
Chouso	Gollufe	Lamas	Salouzáns
Da Veiga de Arriba	Regato de S. Lonzán	Lamas	Salouzáns
Das Carballas	Regato de Sobrado	Lamas	Sobrado
De Andión	Regato Mesadoiro	Lamas	Lamas
De Boade	Presa	Lamas	Riamonde
De Gallufe	Regato de Gallufe	Lamas	Gallufe
De José García	Pozo	Lamas	Riamonde
De súa Aldea	Regato de Gallufe	Lamas	Gallufe
De Vicente	Regato de Sobrado	Lamas	Sobrado
Veiga Grande	Gallufe	Lamas	Salouzáns
Da Carballeira	Regato do Esqueiro	Liripio	A Canda
Da Devesa	Regato da Devesa	Liripio	Cabanelas
Da Veiga de Arriba	Regato da Devesa	Liripio	Cabanelas
Das Laxes	Río Umia	Liripio	A Igrexa
Da Abaixo	Regato dos Santos	Liripio	Cabanelas
De Arca	Regato do Esqueiro	Liripio	A Canda
De Arriba	Regato do Esqueiro	Liripio	A Canda
De Patricio	Regato do Esqueiro	Liripio	A Canda
De Riba	Regato dos Santos	Liripio	Cabanelas
De Xestás	Regato do Esqueiro	Liripio	Xestás
Do Abelao	Río Umia	Liripio	A Igrexa
Do Inferniño	Regato do Esqueiro	Liripio	A Canda
Dos Silvares	Regato do Esqueiro	Liripio	A Canda
Novo	Regato do Esqueiro	Liripio	A Canda
Das Ulloas	Río Mao	Loimil	Igrexa
De Arriba	Regato Mao	Loimil	Riomao
De Loimil	Río Mao	Loimil	Riomao
De Riomaio	Río Mao	Loimil	Riomao
Papeleira de Loimil 1	Río Mao	Loimil	Riomao
Papeleira de Loimil 2	Río Mao	Loimil	Riomao
Papeleira de Loimil 3	Río Mao	Loimil	Riomao
Da Pachanga	Regato de Matalobos	Matalobos	Matalobos
Da Veiguiña	Regato de Matalobos	Matalobos	Matalobos
Do Granxo	Regato de Matalobos	Matalobos	Matalobos



De Vilagude -Xestoso	Regato Vilagude	Moreira	Vilagude
Do Regueiro	Regato Regueiro	Moreira	O Outeiro
Do Tres Dedos	Río Liñares	Moreira	Ponte Nogueira
Enxeño das Cañizas	Río Liñares	Moreira	Moreira Nova
Fouleiro	Río Liñares	Moreira	A Devesa
Ponte Nogueira	Río Liñares	Moreira	Ponte Nogueira
Da Braña de Baixo	Regato Lougáns	Nigoi	Costenla
Da Braña de Riba	Regato Lougáns	Nigoi	Costenla
Da Brea	Regato Lougáns	Nigoi	Costenla
De Acoirán	Regato Pousiño	Nigoi	Parafita
De Arriba	Regato de Silva	Nigoi	Escaríz
De Capelle	Regato dos Pousiños	Nigoi	Parafita
De García	Regato de Silva	Nigoi	A Silva
De Goldar	Regato de Silva	Nigoi	Escaríz
De Labrador	Regato de Baeiros	Nigoi	A Carballeira
De Loureiro	Regato Lougáns	Nigoi	Costenla
De Manrique	Regato Lougáns	Nigoi	Costenla
De Nodar	Río Zon	Nigoi	Costenla
De Pichel	Regato de Silva	Nigoi	A Silva
De Porto	Regato de Silva	Nigoi	A Silva
De Ruza	Regato de Baeiros	Nigoi	A Carballeira
Do Cambote	Regato de Silva	Nigoi	Escaris
Do Cura	Regato Lougáns	Nigoi	Igrexa
Do Medio	Regato de Silva	Nigoi	Escaríz
Dos Cucheiros	Río Zon	Nigoi	Costenla
De García	Regato de Silva	Nigoi	A Silva
Chancelas de Riba	Regato Riobo	Oca	Chancelas
Da Goleta	Regato Riobó	Oca	Abelao – Goleta
Da Ponte de			
Chancelas	Regato Riobó	Oca	Chancelas
De Chancelas	Regato Riobó	Oca	Chancelas
De Evaristo	Río Mao	Oca	Oca de Arriba
De Evaristo (2)	Río Mao	Oca	Oca de Arriba
Do Abelao	Regato Riobó	Oca	Abelao
Do Pazo de Oca	Regato de Riobó	Oca	A Praza
Da Devesa	Regato Fieitoso	Olives	O Fieitoso
Da Reitoral	Regato de Olives	Olives	Pazos
Da Somoza	Presa	Olives	A Somoza
De Fidalgo	Regato de Olives	Olives	A Somoza
De Menor	Regato de Fraiz	Olives	Fraiz
De Moreira	Rgto de S. Martiño	Olives	San Martiño
De Recimil	Rgto de S. Martiño	Olives	San Martiño
De Requeixo	Regato de Somoza	Olives	A Somoza
De Requián	Rgto de S. Martiño	Olives	San Martiño



De Vilela	Presa	Olives	A Somoza
De Xulián	Pozo	Olives	A Viladafonso
Do Chousiño	Regato de Olives	Olives	Pazos
Do Chousiño 1	Regueiro de Pazos	Olives	Pazos
Do Meilón	Regato de Fraiz	Olives	Fraiz
Do Pereiro	Regato de Fraiz	Olives	Fraiz
Sanguiñal (2)	Rgto de S. Martiño	Olives	San Martiño
Sanguiñal (3)	Rgto de S. Martiño	Olives	San Martiño
Sanguiñal (1)	Rgto de S. Martiño	Olives	San Martiño
Da Casanova	Regato de Orazo	Orazo	Vendexa
Da Silva de Arriba	Regato de Orazo	Orazo	A Silva
De Anselmo	Pazo	Orazo	Castrovite
De Currelo de Abaixo	Regato de Orazo	Orazo	Currelo
De Currelo de Arriba	Regato de Orazo	Orazo	Currelo
De Orosa	Regato da Serra	Orazo	Orosa
De Vilanova	Regato de Orazo	Orazo	Vilanova
Dos Calveiros	Regato de Orazo	Orazo	Vendexa
Da Silva de Abaixo	Regato de Orazo	Orazo	A Silva
Da Arqueta	Regato de Ouzande	Ouzande	O Redondo
Do Freixo	Regato de Ouzande	Ouzande	O Redondo
Do Iglesario	Regato de Ouzande	Ouzande	O Redondo
Do Pozo	Regato de Ouzande	Ouzande	O Redondo
Do Regueiro	Regato de Ouzande	Ouzande	O Redondo
Do Rubio	Regato de Ouzande	Ouzande	O Redondo
Do Salgueiro	Regato de Ouzande	Ouzande	O Redondo
Vello	Regato de Ouzande	Ouzande	O Redondo
Da Insúa	Río Umia	Parada	Eiriz
De Abaixo	Presa de Leira	Parada	Eiriz
De Andújar	Regato da Coba	Parada	As Vilas
De Antón	Presa dos Vilas	Parada	Fermil
De Arriba	Presa dos Vilas	Parada	Fermil
De Baixo	Presa dos Vilas	Parada	Fermil
De Belarmina	Regato da Coba	Parada	Sobre da Cova
De Benita	Río Zon	Parada	Paredes
De Brea	Río Zon	Parada	Paredes
De Carbón	Río Zon	Parada	Paredes
De Laxe	Regato da Coba	Parada	Sobre da Cova
De Leira	Presa de Leira	Parada	Os Muros
De Neiriña	Presa dos Vilas	Parada	Fermil
De Picáns	Regato da Presa	Parada	Picáns
De Zon	Río Zon	Parada	Vilademeus
Do Barreiro	Presa de Leira	Parada	Eiriz
Do Ferreiro	Río Zon	Parada	Paredes
Do Loureiro	Río Umia	Parada	Eiriz



Do Medio	Presa de Leira	Parada	Eiriz
Da Igrexa	Regato de Pina	Paradela	A Igrexa
Das Covas	Regato das Covas	Paradela	As Covas
De Pereiras 1	Río Liñares	Paradela	A Aldea Grande
De Pereiras 2	Río Liñares	Paradela	A Aldea Grande
De Pereiras 3	Río Liñares	Paradela	A Aldea Grande
Do Cura	Regato de Pina	Paradela	A Igrexa
De Baixo	Río de Baixo	Pardemarín	Parada
Da Carballeira	Regato de Parada	Pardemarín	Parada
Da Ponte	Regato de Parada	Pardemarín	Parada
Da Poza	Rgto de Mesadoiro	Pardemarín	O Mesadoiro
Da Rigueira	Regato de Parada	Pardemarín	Parada
De Baixo	Regato de Mesadoiro	Pardemarín	O Mesadoiro
De Montoiro	Regato de Mesadoiro	Pardemarín	O Mesadoiro
De Sueiro	Regato de Mesadoiro	Pardemarín	O Mesadoiro
De Vidal	Regato de Mesadoiro	Pardemarín	O Mesadoiro
Do Medio	Regato de Mesadoiro	Pardemarín	O Mesadoiro
Do Medio	Regato de Parada	Pardemarín	Parada
Novo	Regato de Parada	Pardemarín	Parada
Da Cruz	Regato da Serra	Remesar	A Vilasusán
Da Penela	Regato da Serra	Remesar	Remesar
De Vilanova	Regato da Serra	Remesar	Vilanova
Da Condessa	Regato de Ulla	Ribeira	O Piñeiro
De Baltar	Regato de Baltar	Ribeira	Baltar
De Barbude	Regato dos Carballos	Ribeira	Barbude
De Lois	Regato de Ribeira	Ribeira	A Ribeira
De Vilar 1	Regato dos Carballos	Ribeira	Vilar
De Vilar 2	Regato dos Carballos	Ribeira	Vilar
Ribeira de Baixo	Regato de Ribeira	Ribeira	A Ribeira
Badoucos	Regato de Barcia	Riobó	Barcia
Da Barreira	Regato Riobó	Riobó	Os Besteiros
Da Pena	Regato de Gontén	Riobó	Portecelo
Da Torre da Barreira	Regato Riobó	Riobó	Os Besteiros
De Cabaleiro	Regato Riobó	Riobó	Os Besteiros
De Gontan	Regato Jardíñeira	Riobó	Barcia
De Oubel	Regato Riobó	Riobó	Barcia
A distribución dos asentamentos rurais non é uniforme. No termo municipal é posible facer unha diferenciación entre as parroquias de media montaña, da zona sur, e as de val, da zona norte. No primeiro caso a densidade de poboamento é máis reducida debido a que as condicións do medio son máis duras, co que tradicionalmente ten presentado un menor atractivo para o asentamento demográfico. Nas zonas de val a situación é a inversa, contándose cun elevado número de asentamentos rurais.





PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE A ESTRADA

TOMO III. Estudio do medio rural e análise do modelo de asentamento poboacional do documento refundido para Aprobación Definitiva segundo a Orde do 3 de xuño de 2013



PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE A ESTRADA

TOMO III. Estudio do medio rural e análise do modelo de asentamento poboacional do documento refundido para Aprobación Definitiva segundo a Orde do 3 de xuño de 2013 Páxina 265



ASENTAMENTOS DE POBOACIÓN- A ESTRADA SUR



As 458 entidades singulares de poboación dan unha densidade media municipal elevada: 1,63 asentamentos por km². Estamos ante unha elevada densidade de poboamento que responde a un modelo de forte dispersión dos núcleos rurais. As maiores densidades aparecen en Arnois, con 5,81 entidades por km² e en Guimarei con 4,32, xa que son, xunto a Codeseda, as parroquias cun maior número de entidades singulares de poboación, 18 e 16 respectivamente. En número de entidades só son superadas por Codeseda que debido á súa grande extensión presenta, non obstante, unha densidade media de poboamento moito máis reducida: só 1,07 asentamentos por km². Outras parroquias con baixas densidades de núcleos rurais son: Sabucedo, Santa Mariña de Barcala, Souto, Frades ou Olives, situadas todas elas nunha situación periférica dentro do concello, en zonas de elevada altitude relativa e cunha topografía de pendentes que dificulta a presenza humana. Non obstante, parroquias situadas nas zonas de val como Berres, Castro, Santeles, San Xurxo, Santa Cristina e Santo André de Vea ou Santeles contan con máis de 12 núcleos de poboación o que, de modo claro, nos fala dunha intensa ocupación do territorio nestas áreas. Se nos estendemos ao resto das parroquias con máis de 12 núcleos de poboación, Agar, Callobre, Curantes, Rubín e Tabeirós, vemos que están todas elas na parte norte do concello.

PARROQUIA	Nº ENTIDADES RURAIS	SUPERFICIE (km ²)	DENSIDADE
A Estrada (San Paio)	4	3,70	1,08
A Somoza (Santo André)	8	9,30	0,86
Agar (Santa Mariña)	13	3,70	3,51
Aguíóns (Santa María)	8	3,10	2,58
Ancorados (San Pedro)	8	3,70	2,16
Ancorados (San Tomé)	5	2,50	2,00
Arca (San Miguel)	10	7,50	1,33
Arnois (San Xiao)	18	3,10	5,81
Baloira (San Salvador)	4	2,50	1,60
Barbude (San Martiño)	4	3,70	1,08
Barcala (San Miguel)	4	4,30	0,93
Barcala (Santa Mariña)	2	4,30	0,47
Berres (San Vincenzo)	12	5,60	2,14
Callobre (San Martiño)	12	3,10	3,87
Castro (San Miguel)	12	6,20	1,94
Cereixo (San Xurxo)	7	2,50	2,80
Codeseda (San Xurxo)	24	22,50	1,07
Cora (San Miguel)	6	3,10	1,94
Couso (Santa María)	6	1,80	3,33
Curantes (San Miguel)	12	9,30	1,29
Frades (Santa María)	7	11,20	0,63
Guimarei (San Xiao)	16	3,70	4,32
Lagartóns (Santo Estevo)	6	2,50	2,40
Lamas (San Breixo)	8	2,50	3,20
Liripio (San Xoán Bautista)	6	5,00	1,20
Loimil (Santa María)	10	3,10	3,23
Matalobos (Santa Baia)	6	6,20	0,97
Moreira (San Miguel)	9	6,20	1,45
Nigoi (Santa María)	7	4,30	1,63



Oca (Santo Estevo)	9	4,30	2,09
Olives (Santa María)	5	7,50	0,67
Orazo (San Pedro)	11	6,80	1,62
Ouzande (San Lourenzo)	6	3,70	1,62
Parada (San Pedro)	9	5,00	1,80
Paradela (Santa María)	4	1,20	3,33
Pardemarin (Santa Baia)	7	5,60	1,25
Remesar (San Cristovo)	5	3,10	1,61
Ribeira (Santa Mariña)	11	3,10	3,55
Ribela (Santa Mariña)	8	7,50	1,07
Riobó (San Martiño)	9	2,50	3,60
Rubín (Santa María)	14	5,00	2,80
Sabucedo (San Lourenzo)	1	5,00	0,20
Santeles (San Xoán)	13	6,20	2,10
Souto (Santo André)	9	18,10	0,50
Tabeirós (Santiago)	13	3,70	3,51
Toedo (San Pedro)	5	3,70	1,35
Vea (San Xiao)	11	5,00	2,20
Vea (San Xurxo)	15	4,90	3,06
Vea (Santa Cristina)	15	4,50	3,33
Vea (Santo André)	12	5,60	2,14
Vinseiro (Santa Cristina)	11	6,0	1,83

Se atendemos ao tamaño medio dos núcleos rurais en función do número de vivendas, topamos unha gradación que vai dende as 188 de Figueroa de Arriba, na Estrada, a só 1 vivenda existente en varias entidades de poboación.

Os asentamentos de maior tamaño véñense a caracterizar por localizarse en cruces de vías de comunicación locais, en zonas ben comunicadas co núcleo urbano da Estrada (Figueroa de Arriba, Os Bolos) ou, curiosamente, en zonas afastadas do propio centro urbano, circunstancia que foi favorable para poder presentar unha certa dinámica interna como núcleo organizador do seu espazo próximo (Sabucedo ou Berres).

RELACIÓN DOS NÚCLEOS DE MAIOR NÚMERO DE VIVENDAS

Entidade	nº vivendas
Figueroa de Arriba (A Estrada)	188
Berres (Berres)	103
Os Bolos (Lagartóns)	70
A Aldea Grande (Remesar)	61
Sabucedo (Sabucedo)	59
A Igrexa (S. Miguel de Barcala)	58

Fonte: I.N.E ano 2001

Aínda que se identifica unha distribución bastante heteroxénea dos núcleos de poboación en función do seu tamaño, pódese observar na cartografía que se xunta, unha certa tendencia a que os núcleos



de menor tamaño (os que teñen menos de 10 vivendas) se sitúen na zona sur, nas zonas de val e sureste, en parroquias como Arnois, Remesar, Santeles ou Santa Cristina de Veá.

RELACIÓN DOS NÚCLEOS DE MENOR NÚMERO DE VIVENDAS

Entidade	nº vivendas
A Lagoa (Agar)	1
Paraxó (Agar)	1
O Río (Agar)	1
O Preguecido (Aguións)	1
O Regueiro (Arnois)	1
A BURATA, A CALZADA (Arnois)	1
A Costa (Arnois)	1
Carballas de Abaixo (Barbude)	1
Carballas de Arriba (Barbude)	1
As Bouzas (Codeseda)	1
Bugalleira (Codeseda)	1
O Fieitoso (Curantes)	1
O Ouzamerxe (Guimarei)	1
A Abelleira (Lamas)	1
Os Muros (Parada)	1
Cruxeira (Santeles)	1
Patanín (Santeles)	1
A Casa do Monte (Sta. Cristina de Veá)	1

Fonte: I.N.E ano 2001

3.2.2. Evolución da poboación

A evolución demográfica dos asentamentos é unha variable fundamental que é necesario contemplar no planeamento urbanístico, ao marcarnos as tendencias e dinámicas de crecemento ou decrecemento dos mesmos. Unha vez analizados os datos estatísticos tírase unha primeira e xeral conclusión: a meirande parte dos asentamentos perden poboación nos últimos anos. De feito na década 1991-2001 só 139 asentamentos (un 30,7%) presentan un comportamento positivo e, se ampliamos o período de comparación, podemos ver como desde 1981 ata o 2001 só 51 asentamentos (un 11,2%) presentan unha dinámica positiva.

Non obstante á hora de expor as liñas do planeamento débese considerar o feito de que os asentamentos rurais da Estrada perden poboación na súa meirande parte, pero non obstante o seu número de vivendas e edificacións mantéñense e mesmo se incrementan nun significativo número deles. A comparativa 1981-1991 sáldase cun aumento do número de vivendas nunha importante porcentaxe de asentamentos. Os motivos que explican esta tendencia contraditoria poboación - vivendas son:



- A redución do volume das unidades familiares.
- Abandono dos asentamentos rurais pero mantemento das vivendas.
- Construción ou rehabilitación de vivendas como segundas residencias.

Na Estrada predominan os núcleos rurais de pequeno tamaño e volume demográfico. No ano 2001 un 38,7% dos núcleos, o que supón un número de 175, teñen menos de 20 habitantes. Apréciase un aumento dos núcleos de menor tamaño nas últimas décadas (en 1981 o número era só de 103) como consecuencia do despoboamento que incide con maior forza nos núcleos máis pequenos, caracterizados pola ausencia de substitución xeracional, por presentar problemas de accesibilidade, un forte avellentamento da base demográfica e unha escasa actividade agropecuaria. De modo paralelo tamén aumenta a porcentaxe de poboación que dentro do concello viven neste tipo de asentamentos de reducido tamaño, tal e como se pode apreciar na táboa adxunta.

ASENTAMENTOS DE POBOACIÓN POR TAMAÑO DE POBOACIÓN E HABITANTES POR TAMAÑO DOS NÚCLEOS

	1981			1991			2001		
	nº de asenta- mentos	poboaci- ón	% pobl concello	nº de asenta- mentos	poboaci- ón	% pobl concello	nº de asenta- mentos	poboaci- ón	% pobl concello
0 a 20	103	1.265	4,92	169	1.982	9,03	175	1.975	8,77
21-40	135	4.175	16,23	149	4.439	20,23	153	4.583	20,34
41-60	89	4.640	18,04	72	4.010	18,27	67	3.370	14,96
61-80	64	4.437	17,25	23	1.665	7,59	25	1.874	8,32
81-100	22	1.951	7,59	15	1.375	6,27	11	1.095	4,86
> 100	28	4.056	15,77	13	1.953	8,90	10	1.584	7,03
A Estrada	1	5.842	22,71	1	6.218	28,33	1	7.707	34,21

Fonte: Nomenclátors de Poboación, I.N.E. e Padrón Municipal

A localización de núcleos deste tamaño mostra unha distribución xeral por todo o termo municipal, se ben márcase unha lixeira tendencia a contar cun maior número nas parroquias do sur (Codeseda ten 14 núcleos con menos de 20 habitantes, en Liripio 4) e na zona nordeste na que se identifica unha elevada densidade de núcleos rurais (en Arnois hai 9, en Agar 10, en Loimil 6).

Se ós anteriores ampliamos o prazo ata chegar aos menores de 40 habitantes prodúcese un gran aumento numérico. Un total de 328 núcleos, o que significa un 72% dos núcleos rurais da Estrada, presentan no 2001 un número de habitantes por debaixo dos 40 individuos. Non obstante neste 72% das entidades singulares de poboación só reside un 29% da poboación do concello, en razón do reducido tamaño medio dos propios núcleos rurais. Igual que na anterior franxa numérica tamén se identifica unha tendencia ao aumento numérico dos núcleos deste tamaño xa que o descenso de poboación de moitos deles implica un descenso na xerarquía demográfica e, por conseguinte, un aumento numérico dos de menor tamaño. No ano 1981 nos núcleos menores de 40 residentes vivían un 21% da poboación estradense, non obstante no 2001 esta porcentaxe increméntase a un 29%.



Se comparamos cos últimos datos de poboación de 2008, aumentan considerablemente os asentamentos con menos de 40 habitantes, pasando de representar un 72% a ser na actualidade un 80% dos asentamentos do concello. O despoboamento rural e a redución do tamaño do asentamento reflíctense en que representan o 30% da poboación do concello, só un 1% máis que sete anos atrás e confirman a tendencia ao despoboamento do rural, acrecentado tamén, no caso da Estrada, pola suspensión das licencias urbanísticas.

Os de maior tamaño, os que teñen máis de 100 habitantes, son unha porcentaxe moi reducida. No 2001 só 10 núcleos rurais superaban a cifra de 100 habitantes, o que supón un 2,2% dos núcleos que, non obstante, significa un 7,03% da poboación residente na Estrada. Estes núcleos de maior tamaño tenden a reducirse nos últimos anos: no 1981 contabamos con 28 deste tipo, mentres no 1991 son 13, fronte ós 10 actuais. Significativa é tamén a perda porcentual dos habitantes neste tipo de núcleos sobre o total do concello: en 1981 a poboación residente nestes asentamentos significaba un 15,77% da total, no 1991 a porcentaxe redúcese a un 8,9% e xa no 2001 é dun 7,03%.

Os núcleos con máis de 100 habitantes no 2001:

- Santa Baia (Matalobos).
- Ramiráns (Sto. André de Veá).
- A Aldea Grande (Remesar).
- A Igrexa (San Miguel de Barcala).
- Castro (Ouzande).
- Os Bolos (Lagartóns).
- Figueroa de Arriba, Figueroa de Abaixo (A Estrada).
- A Consolación (Tabeirós).
- Godoi, Renda (Santeles).
- Berres (Berres).

Os núcleos rurais de maior tamaño están situados fundamentalmente en parroquias das zonas de val e próximos ao núcleo da Estrada medrando polo efecto difusor da pequena cidade. Noutros casos sitúanse en cruces de vías locais dentro das áreas rurais ou nas marxes das vías de comunicación máis significativas.

Se observamos os asentamentos de maior poboación no ano 2008 vemos que hai dous menos dos que existían en 2001.

- A Igrexa, en San Miguel de Barcala.
- Berres, en San Vincenzo de Berres.
- Figueroa de Arriba, en San Paio da Estrada.
- Os Bolos, en Santo Estevo de Lagartóns.
- O Castro, en San Lourenzo de Ouzande.
- A Aldea Grande, en San Cristovo de Remesar.
- Godoi e Renda, en San Xoán de Santeles.
- Ramiráns, en Santo André de Veá.

Santa Baia, Figueroa de Abaixo e A Consolación deixaron de ter máis de 100 habitantes. Todos eles reduciron a súa poboación en como mínimo 9 habitantes e no caso de Santa Baia a redución chegou



a 30 habitantes o que supón un 29% menos de poboación en tan só 7 anos. Figueroa de Abaixo perde habitantes a pesar de estar situado moi preto do solo urbano da Estrada, ao contrario do que lle sucede a Figueroa de Arriba, caso único en todo o concello que duplica a súa poboación con 478 habitantes como consecuencia da súa situación estratéxica preto da Estrada e na saída á Santiago. Do resto que continúan a ter máis de 100, todos perden poboación, no caso do Castro de Ouzande, ata un 25% e en Berres, A Aldea Grande e Godoi sobre un 18%.

A distribución demográfica a partires da rede de núcleos rurais é un factor fundamental a contemplar no planeamento urbanístico e na elaboración das diferentes propostas de desenvolvemento do concello. As prestacións dunha serie de servizos fundamentais (recollida lixo, rede de sumidoiros, abastecemento, accesos,...) ten un custe fixo independente do número potencial de beneficiados directos. A existencia dun número moi importante de núcleos rurais e o feito de que sexan dun tamaño reducido, implica unha enorme capacidade de gasto para as administracións á hora de acometer a dotación de servizos, co cal estes servizos básicos para garantir a calidade de vida da poboación, chegan de xeito secuencial e lento aos diferentes núcleos rurais. Ademais, e vista a tendencia dos últimos anos na que os núcleos reducen progresivamente o seu número de habitantes, a situación aumenta a súa complexidade.

Esta dinámica contrasta, por outra parte, co incremento demográfico experimentado pola pequena cidade da Estrada, que incrementa o seu volume demográfico nos últimos anos e o seu peso porcentual dentro da estrutura poboacional do concello.

Respecto á dinámica experimentada polos núcleos nas pasadas décadas márcase unha redución directa dos efectivos humanos. No período 1991-2001 a meirande parte dos asentamentos perden poboación (un total de 316 que supoñen un 69%), mentres o resto dos núcleos incrementan os seus efectivos humanos (136 que supoñen un 30,1%).

A perda tipo neste período é de 0 a 10 habitantes por núcleo. Un número de 272 núcleos, un 60% do total, sitúase nesta franxa. Aínda que non é unha redución moi importante numericamente, non obstante desde o punto de vista porcentual si pode acadar valores significativos ao contar o concello cun número moi significativo de núcleos de reducido tamaño. Un reducido número de núcleos, un total de 10, presentan unha redución neste período de máis de 20 habitantes, sendo neste caso núcleos de tamaño medio, medio - grande.

DINÁMICA DEMOGRÁFICA DOS NÚCLEOS DE POBOACIÓN

Variación poboacional	1981-2001	1991-2001
superior a -20 habitantes	125	10
de -19 a -10 habitantes	106	34
de - 9 a -5 habitantes	88	84
de -4 a 0 habitantes	82	185
de 1 a 5 habitantes	29	96
de 6 a 10 habitantes	8	28
de 11 a 20 habitantes	4	9
máis de 20 habitantes	10	6

Fonte: Nomenclátors de Poboación, I.N.E. e Padrón Municipal.



Os incrementos poboacionais dos núcleos rurais son fundamentalmente reducidos. A meirande parte dos núcleos que experimentan crecementos sitúan este entre 1 e 5 individuos. Os aumentos superiores aos 10 habitantes son escaso. Só 15 núcleos, un 3,3% do termo municipal, aumentan os seus efectivos humanos en máis de 10. Se mesmo ampliamos o incremento a máis de 20 persoas o número de núcleos restrínxese aínda máis, pois só 6 núcleos, un 1,3%, presentan este nivel de incremento que si se poden considerar xa como significativo.

Os núcleos de maior crecemento no seu número de habitantes desde 1991 a 2001 son:

- Castrotión (Oca).
- Figueroa de Arriba (A Estrada).
- O Redondo (Ouzande).
- Os Vilas (Rubín).
- A Consolación (Tabeirós).
- Eiriz (Parada).

O reparto espacial dos núcleos que aumentan de poboación entre 1991 e 2001 non presentan diferenzas substantivas entre a zona do norte e a do sur do concello. Todas as parroquias contan con núcleos que incrementan ou reducen o seu número de habitantes, en razón de aspectos como a localización de cada núcleo respecto aos eixes comunicativos, a maior ou menor proximidade ao casco da Estrada, a desigual presenza de actividades produtivas e outros.

Si se amplía o período temporal de referencia a 1981-2001, identifícase unha acentuación das anteriores tendencias. Un total de 402 núcleos, é dicir, un 88,9% dos mesmos presentan entre 1981 e o 2001 unha dinámica demográfica negativa. As perdas totais de cada núcleo supoñen unha redución significativa, xa que un 27% de todos os núcleos da Estrada perden máis de 20 habitantes, dato alarmante xa que estamos a falar de entidades dun número moi reducido de poboación. Se reducimos a perda ao conxunto de núcleos que perden máis de 10 individuos, entón as cifras mostran como máis dun 50% dos núcleos rurais perden máis desta cantidade nos anos de referencia.

Polo que respecta aos aumentos de poboación de 1981 a 2001 atopámonos con que só 51 núcleos, un 11,2% dos mesmos, gañan poboación neste período, estando a maioría situados nun modesto incremento de 1 a 5 habitantes (un 56,8% dos que gañan poboación están entre 1 e 5) mentres un moi reducido grupo de 10 núcleos gañan máis de 10 habitantes e mesmo dentro deles só 6 presentan incrementos realmente significativos con aumentos superiores a 20 habitantes.

Núcleos rurais de crecemento superior a 20 habitantes entre 1981 e 2001:

- Tarrío (Santa Cristina).
- San Pedro (San Pedro de Acorados).
- Renda (Santeles).
- Godoi.
- Berres (Berres).





Respecto á localización dentro do termo municipal obsérvase na cartografía xunta como a meirande parte dos núcleos que perden máis de 20 habitantes sitúanse fundamentalmente na zona norte e leste do concello. É dicir, nas áreas máis elevadas e de carácter montañoso: a parroquia de Codeseda presenta 11 núcleos, dun total de 22 que perden máis de 20 habitantes (só 1 a gaña entre 1981 e 2001), na de Souto 8 núcleos dun total de 9 perden máis de 20 habitantes, Parada ten na mesma situación a 7 de 10 núcleos, etc. Pola contra os núcleos de maior ritmo de crecemento nas décadas de referencia sitúanse fundamentalmente nas parroquias de val ou da zona norte. Así dos de maior crecemento (os de máis de 20 habitantes) están: en Santeles dous asentamentos, en Santa Cristina de Veá e en Berres, aparte da propia capital municipal. En xeral márcase un moi claro límite entre a zona sur e a zona norte. Presentando a primeira unha evolución poboacional dos núcleos rurais moito máis regresiva que os situados na zona de val.


Vistos os datos anteriormente expostos é posible establecer unha tipoloxía dos núcleos rurais en función da súa dinámica demográfica. Diferéncianse neste 4 niveis:


- **Núcleos fortemente regresivos:** aqueles que dispoñen dun máximo de tres vivendas e, entre 1991 e o 2001, perden máis dun 20% da súa poboación e/ou vivendas. Tamén se integran no mesmo os núcleos actualmente deshabitados.
- **Núcleos regresivos:** aqueles que dispoñendo de máis de tres vivendas, perden menos do 20% da súa poboación e/ou vivendas entre as mesmas datas.
- **Núcleos dinámicos:** aqueles que dispoñen de máis de tres vivendas e incrementan os seus efectivos demográficos e/ou vivendas por debaixo do 20%.
- **Núcleos fortemente dinámicos:** aqueles que dispoñen de máis de tres vivendas e, entre 1991 e o 2001, aumentan a súa poboación e/ou vivendas en máis dun 20%. Tamén se integran no mesmo os núcleos cabeceira de parroquia.


Os datos presentados ata o momento mostran un panorama no pasado máis recente dun mercado retroceso da poboación rural. Esta dinámica regresiva ten repercusións directas na calidade de vida dos cidadáns, especialmente en relación co elevado custe que para as administracións pasa a ter a oferta e o mantemento dos diferentes servizos públicos. O medio rural demanda un número crecente de servizos (depuración, abastecemento...) que implica fortes investimentos para dar cobertura a un número reducido de veciños. Por tales motivos é de gran importancia fixar a acción construtiva nas áreas delimitadas de “solo de núcleo rural”, a fin de evitar un incremento da dispersión poboacional, por conseguinte un incremento do custe dos servizos e tamén dotar ós mesmos daqueles servizos básicos que poden incrementar o atractivo dos núcleos rurais como lugares de residencia.

**NÚMERO DE VIVENDAS NOS ASENTAMENTOS DE POBOACIÓN EN 1991**

**NÚMERO DE HABITANTES NOS ASENTAMENTOS DE POBOACIÓN**

**EVOLUCIÓN NOS ASENTAMENTOS DE POBOACIÓN ENTRE 1981 E 2001**

**EVOLUCIÓN NOS ASENTAMENTOS DE POBOACIÓN ENTRE 1991 E 2001**



TIPOLOXÍA DE ASENTAMENTOS SEGUNDO A EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN NOS ASENTAMENTOS ENTRE 1991 E 2001

3.3. PARROQUIAS

Como xa dixemos, unha entidade colectiva de poboación é unha unidade intermedia entre o concello e a entidade singular de poboación, formada por varias entidades singulares de poboación, con personalidade propia e unha orixe histórica. En Galicia, as entidades colectivas son as parroquias e A Estrada encóntrase dividida en 51 parroquias:



PARROQUIAS DA ESTRADA



PARROQUIAS DA ESTRADA

- | | |
|----------------------------------|--------------------------------|
| 1. - AGAR (Santa Mariña) | 46.- TOEDO (San Pedro) |
| 2. - AGUIÓNS (Santa María) | 47.- VEA (San Xiao) |
| 3. - ANCORADOS (San Pedro) | 48.- VEA (San Xurxo) |
| 4. - ANCORADOS (San Tomé) | 49.- VEA (Santa Cristina) |
| 5. - ARCA (San Miguel) | 50.- VEA (Santo André) |
| 6. - ARNOIS (San Xiao) | 51.- VINSEIRO (Santa Cristina) |
| 7. - BALOIRA (San Salvador) | |
| 8. - BARBUDE (San Martiño) | |
| 9. - BARCALA (San Miguel) | |
| 10.- BARCALA (Santa Mariña) | |
| 11.- BERRES (San Vicenzo) | |
| 12.- CALLOBRE (San Martiño) | |
| 13.- CASTRO (San Miguel) | |
| 14.- CEREIXO (San Xurxo) | |
| 15.- CODESEDA (San Xurxo) | |
| 16.- CORA (San Miguel) | |
| 17.- COUSO (Santa María) | |
| 18.- CURANTES (San Miguel) | |
| 19.- A ESTRADA (San Paio) | |
| 20.- FRADES (Santa María) | |
| 21.- GUIMAREI (San Xiao) | |
| 22.- LAGARTÓNS (Santo Estevo) | |
| 23.- LAMAS (San Breixo) | |
| 24.- LIRIPIO (San Xoán Bautista) | |
| 25.- LOIMIL (Santa María) | |
| 26.- MATALOBOS (Santa Baia) | |
| 27.- MOREIRA (San Miguel) | |
| 28.- NIGOI (Santa María) | |
| 29.- OCA (Santo Estevo) | |
| 30.- OLIVES (Santa María) | |
| 31.- ORAZO (San Pedro) | |
| 32.- OUZANDE (San Lourenzo) | |
| 33.- PARADA (San Pedro) | |
| 34.- PARADELA (Santa María) | |
| 35.- PARDEMARÍN (Santa Baia) | |
| 36.- REMESAR (San Cristovo) | |
| 37.- RIBEIRA (Santa Mariña) | |
| 38.- RIBELA (Santa Mariña) | |
| 39.- RIOBÓ (San Martiño) | |
| 40.- RUBÍN (Santa María) | |
| 41.- SABUCEDO (San Lourenzo) | |
| 42.- SANTELES (San Xoán) | |
| 43.- SOMOZA, A (Santo André) | |
| 44.- SOUTO (Santo André) | |
| 45.- TABEIRÓS (Santiago) | |



3.3.1. Distribución territorial e evolución da poboación

Aínda exceptuando a parroquia da Estrada, existen fortes contrastes demográficos entre as parroquias do rural. No ano 2008, as de menor volume demográfico, situadas no sur, son Sabucedo con 63 habitantes e Liripio con 80; as parroquias de maior número de habitantes, situadas no norte, son Callobre e Berres con 446 habitantes.

Todas as parroquias, con excepción da do núcleo, teñen menos de 600 habitantes. A meirande parte das parroquias, en concreto trinta, sitúanse nuns volumes poboacionais entre os 201 e os 400 habitantes. Neste segmento residen un total de 8.471 habitantes que supoñen un 38,1% dos residentes totais do municipio.

TAMAÑOS DEMOGRÁFICOS DAS PARROQUIAS

habitantes	nº parroquias	habitantes
de 0 a 200	10	1.344
201 a 400	30	8.471
401 a 600	10	4.569
601 a 800		
801 a 1.000		

Fonte: Padrón Municipal.

As 10 parroquias de menor tamaño poboacional xuntan un 6% do total do concello. Trátase fundamentalmente de parroquias situadas na zona sur e montañosa da Estrada: Sabucedo, Liripio,... ou en áreas de intensa pendente que teñen dificultado historicamente o aproveitamento humano do territorio: Agar, San Miguel de Barcala,...

Polo que respecta ás de maior tamaño, as situadas entre 401 e 600 residentes, temos un número de 10 que concentran 4.569 habitantes que supoñen o 20,5% do total municipal. Intégranse neste grupo algunhas próximas ao casco da Estrada, como Ouzande ou Guimarei, que medran polo efecto difusor do núcleo. Outras sitúanse en zonas ben comunicadas das áreas máis fértiles do val do Ulla, tales como Santeles, San Xurxo de Veá, Arnois ou Berres que, ademais, contan con algúns equipamentos industriais, comerciais ou de servizos. Neste grupo tamén se integra Codeseda debido fundamentalmente ao seu gran tamaño.

No tocante ás densidades demográficas apréciase un marcado e claro contraste entre a zona norte e sur do concello. As parroquias situadas máis ao sur, na zona montañosa, teñen uns índices de ocupación humana reducidos. Os valores de parroquias como Souto, Codeseda, Liripio ou Sabucedo é inferior aos 25 hab./km². Estes valores tamén aparecen noutras zonas elevadas como poden ser Curantes ou Frades.

As máximas densidades sitúanse, en lóxica, na parroquia da Estrada e no seu entorno próximo, parroquias de Lagartóns, Callobre ou Guimarei, nas que as densidades superan os 100 hab/km². Desde esta zona toda a caída en dirección ao curso do Ulla conta cunhas densidades poboacionais



importantes, en razón da capacidade agrolóxica que tradicionalmente posibilitou un alto volume de poboación residente no medio rural. Destacan algunhas entidades como Couso, Paradela ou Ribeira.

As parroquias da Estrada teñen experimentado nas décadas máis recentes uns ritmos evolutivos desiguais. A súa meirande parte perden poboación de modo continuo entre o 1981, o 1991, e o 2001. A caída máis forte ten lugar na década de 1980 cando a saída migratoria “toca fondo”, pechándose a partires de aquí o éxodo rural. A única entidade que aumenta os seus efectivos demográficos é o núcleo urbano da Estrada. Entre 1991 e o 2001 a redución é menor. Conxélanse as saídas migratorias e, mesmo nalgún caso, algunhas parroquias experimentan a chegada de novos residentes atraídos por factores relacionados coa busca dunha mellor calidade de vida. Ademais da Estrada parroquias próximas como Matalobos ou Aguións medran de poboación e outras como San Pedro de Acorados ou Oca tamén presentan lixeiros incrementos. Tamén nesta década se identifica unha tendencia á estabilización poboacional das parroquias rurais ou polo menos un freo dos tan fortes ritmos de decrecemento precedentes. Esta situación é máis patente nas proximidades da pequena cidade, nas parroquias mellor situadas dentro do val do Ulla e polas que discorren as principais estradas (N-525, N-640 e PO-841). Pola contra, na zona montañosa do sur mantéñense ritmos fortemente decrecentes.

Deste modo entre 1981 e 1991 numerosas parroquias perden máis dun 30% dos seus habitantes, o cal para un período de só 10 anos é unha moi significativa redución. Atópanse nesta situación, fundamentalmente, as da zona montañosa do sur, nas que a incidencia migratoria ten sido tradicionalmente maior, e que contan con hándicaps engadidos como a súa situación periférica e pouco accesible.

As parroquias que perden máis do 30% dos seus habitantes entre 1981 e 1991 son Sabucedo, Souto, Barcala, Arca, Codeseda, Liripio, Ribela, Vinseiro, San Miguel de Castro, Riobó, Remesar e Cereixo.

As que teñen experimentado unha menor perda neste período son parroquias situadas na zona de val, de pequeno tamaño e que, tal é o caso de San Xurxo de Veá, contan con significativas actividades non agrarias no núcleo rural.

Entre 1991 e o 2001 as dinámicas de decrecemento fréanse. Só unha parroquia diminúe en máis dun 30% os seus habitantes: San Tomé de Acorados cunha inusual perda de 86 persoas. Entre un 30 e un 20% sitúase tamén Sabucedo. Outras como Souto, Balloira, Vinseiro, Tabeirós, Rubín, Curantes ou Barbude decrecen entre un 10 e un 20%, estando, deste xeito, a redución maioritaria situada en valores inferiores ao 10%.

Por outra parte os aumentos poboacionais xa non se dan só na Estrada. Outras parroquias como Santa Cristina de Veá, San Pedro de Acorados ou A Somoza incrementan os seus efectivos poboacionais. Mentres, outras como Aguións ou Lagartóns teñen unha situación semiestabilizada.


En resumo, no concello da Estrada pódese identificar unha dinámica demográfica de fortes contrastes entre, por unha parte, as zonas rurais e o núcleo urbano, e por outra as parroquias do sur montañoso e as do norte do val do Ulla que, respecto ás anteriores, presentan uns maiores volumes demográficos, unhas densidades poboacionais máis elevadas e uns ritmos evolutivos menos desfavorables.




3.3.2. Evolución do número de vivendas

Se agregamos os núcleos a escala parroquial identificamos un crecemento xeral do número de vivendas por parroquia entre 1981 e 1991. As de maior crecemento pasan a ser parroquias próximas ao casco urbano que medran polo efecto difusor da Estrada, as situadas nas vías de comunicación principais que cruzan o concello, que xeran un efecto de atracción e aquelas en xeral situadas na zona norte, no entorno do val do Ulla. Pola contra un número moi escaso presenta unha evolución negativa. Neste caso estamos ante algunhas parroquias da zona sur e outras situadas na periferia do termo municipal e correspóndense con zonas de elevada altitude e forte pendente. A redución é un efecto estatístico vinculado ao abandono das edificacións.


- **Parroquias cun crecemento do número de vivendas superior ao 10% entre 1981 e 1991:** Vinseiro, Curantes, Santa Cristina de Veá, Aguións, Oca, Codeseda, Calobre, Matalobos, Santo Tomé de Ancorados.
- **Parroquias cun crecemento negativo do número de vivendas entre 1981 e 1991:** Pardemarín, Frades, Rubín, Orazo, Souto.





DENSIDADE DE ASENTAMENTOS DE POBOACIÓN NAS PARROQUIAS EN 1991




EVOLUCIÓN DO NÚMERO DE VIVENDAS NAS PARROQUIAS ENTRE 1981 E 1991


**NÚMERO DE VIVENDAS NAS PARROQUIAS EN 1991**

**NÚMERO DE HABITANTES NAS PARROQUIAS EN 2001**


**DENSIDADE DE POBOACIÓN NAS PARROQUIAS EN 2001**



EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN NAS PARROQUIAS ENTRE 1991 E 2001



EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN NAS PARROQUIAS ENTRE 1981 E 2001



VARIACIÓN DA POBOACIÓN NAS PARROQUIAS ENTRE 1981 E 2001

3.4. ASENTAMENTOS TRADICIONAIS E AS SÚAS CARACTERÍSTICAS

Os asentamentos de poboación do concello da Estrada xurden na confluencia de vías de comunicación locais, nas proximidades ao núcleo urbano da Estrada ou tamén en zonas alonxadas deste, como núcleo organizador do seu espazo próximo e sitúanse nas zonas máis chairas rodeados de prados e cultivos.

No amplo número de asentamentos tradicionais existentes na Estrada e en razón dos contrastes territoriais identificados no concello, pódese establecer unha tipoloxía consonte á morfoloxía e á estrutura dos asentamentos:

– **Asentamentos de estrutura compacta.**

Forman un pequeno conglomerado de edificacións residenciais e anexas emprazadas ós marxes de vías de comunicacións rurais, especialmente da rede camiñeira tradicional que serve para comunicarse coas terras de cultivo. É frecuente a existencia de medianeiras e de vivendas pegadas entre si. Dentro do concello predominan na zona do sur. Predomina un carácter fundamentalmente agrícola - gandeiro, sendo habitual a utilización dos baixos das vivendas como modestas cortes. Presentan unha forma maioritariamente circular ou en estrela a partires dun punto central que adoita ser a intersección de camiños.



Fraíz (Olives)

– **Asentamentos de estrutura aberta.**

As vivendas distribúense de xeito disperso pola rede de camiños rurais, situándose entre elas bolsas de cultivo, hortas ou zonas axardinadas. A forma é irregular e alternan vivendas con explotacións agropecuarias con outras desconectadas das mesmas. Predominan nas parroquias do norte e do centro do concello.



Sieiro (San Miguel de Cora)



– **Asentamentos de disposición liñar.**

Presentan unha forma liñar coas edificacións dispostas ás marxes dunha vía de comunicación. Nos núcleos liñalizados tradicionais é frecuente a existencia de medianeiras que separan as vivendas. Tamén téñense formado asentamentos liñares a partires da localización de novas vivendas exentas nos eixes comunicativos. Neste caso é frecuente a presenza de zonas axardinadas (este proceso pódese identificar en áreas de concentración parcelaria).



A Consolación (Tabeirós)



3.5. CARACTERÍSTICAS DAS CONSTRUCIÓN TRADICIONAIS

A casa -vivenda, aínda tendo unha variedade grande de modelos, conta cunhas características constructivas, espaciais e funcionais comúns.

Distinguimos dúas tipoloxías de casa -vivenda:

1. Unha casa-vivenda popular tradicional: construída, fundamentalmente, cos únicos materiais disponibles (reducidos á pedra e á madeira) e con rudimentarias técnicas de traballo.

A limitación que representa a longura e grosor da madeira das árbores para a cruzía das casas, así como a resistencia da pedra para a altura que poden acadar os muros, fai que os espazos resultantes sexan (xeralmente) pequenos e de volumes moi elementais. Tamén as cubertas habían de ter pouca complexidade, sendo maioritaria a cubrición a dúas augas con pendentes que oscilan entre o 20 % e o 40 % (que cubre un volume paralelepípedo elemental de base rectangular).

Aínda tendo variantes notables nos seus elementos, tanto construtivos como distributivos, as fachadas que a conforman singularízanse por levar espazos e elementos de comunicación entre o exterior e interior, e pola presenza hexemónica do granito na súa construción.

A tipoloxía común exprésase nunha edificación de dous andares, que xeralmente é de planta rectangular, aínda que presenta unha grande variedade de solucións combinadas de moi diversos modos. Soen constar de planta terrea, ocupada pola adega e pola corte (ou cortes) así coma dependencias onde gardar trebellos do campo ou almacenar produtos (patacas, etc), e un primeiro andar no que, no caso máis simple, vai unha cocina e unha sala dormitorio, mentres que nos de máis complexidade vai unha cocina de boas dimensións e dous ou tres cuartos. É, normalmente, a sala a dependencia máis grande e a que fai de distribuidor.

Vivendas que poden ir relacionadas co camiño de acceso o illadas na parcela, segundo a zoa. E no caso de estar agrupadas, poden ir en volumes independentes ou adosados aos veciños.



a. cimentación e




b. o andar.



c. cuberta e
muros.


d. o tellado.
divisións verticais.

Moito máis complexo é o caso resultante da combinación das disposicións volumétricas elementáis en varias posicións: desenvolvemento lineal ou en longura, desenvolvemento perpendicular (acometendo contra o núcleo central un ou máis volumes).



Exemplo de casa-vivenda tradicional en desenvolvemento lonxitudinal e perpendicular:

A casa -vivenda soe precisar de edificios auxiliares destinados a corte ou alpendres. Formando, xunto coa casa, un complexo espacial máis amplo, composto por un conxunto de edificios e espazos. O que dará combinacións e solucións múltiples. De entre todos estes, destacan:



1. Casa -vivenda tipo casa -bloque.
2. Casa -vivenda en desenvolvemento lineal.
3. Casa -vivenda en desenvolvemento perpendicular.
4. Casa -vivenda en desenvolvemento arredor dun curral.

2. Unha casa -vivenda (máis recente) encadrada na primeira metade do século XX: construída, por oficios, dentro dun modelo case que estandarizado.

Ao uso tradicional da pedra e da madeira, incorpórase o cemento e un rudimentario formigón. Os materiais tradicionais están tratados con máis refinamento xa que a capacidade técnica dos oficios é moito máis grande.

A pesares da citada "estandarización", cada familia persoaliza a súa casa e os elementos que a configuran, chamando a atención a cheminea como elemento onde máis se centran as ornamentacións e as intencións (como poderá verse na análise deste elemento). Tamén xogarán cos revocos das fachadas e o seu pintado, e cos espazos exteriores anexos (destacando as parras de vide entre todos eles).

Atopouse que, con moita frecuencia, estas casas -vivenda contan cun espazo exterior ("protexido") anexo configurado con parras de vide, directamente relacionado ca fachada principal e o espazo de acollida.



Como se dixo é o desenvolvemento dos oficios o que transforma a vivenda tradicional. Os materiais seguen sendo os mesmos, mais o oficio da cantería permite aparellos de maior calidade (xeralmente de cachotería concertada) reducindo o seu espesor; o oficio da carpintería permitiu madeiras máis traballadas tanto nos entramados estruturais como na carpintería dos ocos, permitindo seccións máis esveltas e unha maior planitude dos elementos; etc. Hai que subliñala incorporación do cemento (revocos, replanteo dos ocos), a tella plana e vidros non tan rudimentarios e de maior planitude (maior visión e captación de luz).

As características dos materiais seguen levando a volumes simples, xeralmente de planta rectangular cunhas dimensións medias de 10-15 metros de lonxitude e 6-8 metros de ancho, volume de un ou dous andares e coberturas a dúas augas, sendo, o máis xeral, a súa posición illada vinculada ao camiño de acceso. As cortes desprázanse fóra da casa a pezas adicadas a eses usos e é doado atopar negocios no andar terreo, vinculados aos camiños de acceso.

Hai unha racionalización do sistema construtivo intimamente relacionado cunha racionalización das distribucións interiores. Os ocos de fachada ordénanse, o que permite alixeirar cargas na fachada e a apertura de ocos de maiores dimensións. Estes ocos se corresponden con espazos de semellantes dimensións (o que lle da certa flexibilidade á vivenda xa que permite o intercambio de usos).


Mais, do mesmo xeito que se dixo para o outro tipo, a volumetría da casa -vivencia forma parte dun complexo máis amplo, formado por un conxunto de varios edificios e espazos (xa que son precisos espazos para as cortes, adegas e almacéns).

3.5.1. Estrutura principal e cerramento vertical: Sistema de muros de carga

3.5.1.1. Os cimentos

O cimento ou alicerce do muro realízase abrindo unha gabia dun ancho de vez e media a dúas veces do grosor que vai leva-lo muro, coa fondura capaz de soporta-lo peso propio deste e maila carga que deben soportar.

Gabia enchida con cachotes en seco, de granito, coroándoa cunhas lousas postas de plano para formar unha plataforma chamada soleira da que arrincará o muro, aínda que tamén o muro pode ir asentado directamente sobre a natureza rocosa, previo alisado dela.



3.5.1.2. Os muros na casa vivenda popular

Son (xeralmente) de cachotería de granito, feita a base de cachotes irregulares e de tamaños diversos, que se colocan sen labrar, ou concertando unha das caras (nos menos das veces) cunha tosca labra. Enchendo o oco entre cachotes mediante o uso de rachas, e colocados en seco ou con morteiro de barro. Muros que na grande maioría das situacións terán un grosor que oscila entre os 50 e os 80 cm. Tamén se atopou algún caso (illado) no que a cachotería se consolidou cun morteiro de barro, que logo se branqueou no seu exterior para conformar unha cachotería encintada e tamén se recolleron exemplos (fundamentalmente no lugar de "A praza", preto do pazo de Oca, na parroquia de



Santo Estevo) de cantería a base de sillares. Sillares en forma de paralelepípedos, cunhas dimensións entre 30 e 60 cm de grosor, de 50 a 80 cm de largura e case sempre superior aos 30 cm de altura. Con tódalas súas caras labradas, colocados en seco (coa axuda dunas pequenas rachas nas xuntas do trasdous e algo de cal que se introduce entre as do paramento).

Subliñar, que na construción dos muros de cachotería, tamén se utilizan os sillares regulares labrados (con pedra de maior calidade) para as partes máis delicadas do muro: os ocos e os esquináis, que permiten un correcto replanteo e axuste das pezas de carpintería e o replanteo e trabazón global do muro. Hai que subliñar que case a totalidade da pedra usada na construción da casa -vivenda é pedra obtida, extraída, na propia comarca.

Por último, subliñar o uso de taboado de madeira para fachadas. Case na totalidade dos casos, ligado a construcións auxiliares da vivenda (graneiros, cortes,...) mais que polo tamaño que acadan, chegan a competir (en escala) coas propias vivendas. Pensada como cerramento que permite a ventilación do espazo interior que cobixan.

a. cachotería seca.
b. cachotería concertada.



c. cachotería con barro.
d. cachotería con barro.




e. cachotería encintada.
f. cachotería mixta.



g. cantería en esquineira.
h. cantería en ocos.



i. muro de cantería.
j. muro de cantería.



k. cerramento de madeira.
l. cerramentos de madeira.



3.5.1.3. Os muros na casa -vivenda da primeira metade do século XX

Son iguais aos da casa tradicional, mais é moito máis usual o uso de aparellos de cachotería concertada (incluso nas dúas caras do muro). E aparece o cemento tanto no apoio entre cachotes como no revestimento global das fachadas. Revestimento (enfoscado) que será pintado de branco, nas máis das veces pintando doutra cor na franxa equivalente ao zócalo (zoas máis sufridas pola auga e as humidades). E tamén é posible atopar casos illados de cores diferentes en toda a fachada.

enfoscados de cemento.



enfoscado blanco.



enfoscados de cor.



3.5.2. As aberturas nos muros: fiestras e portas

Ocos pensados para dar acceso ás edificacións e permitir a súa iluminación e ventilación, en función dunha necesidade precisa. As súas características foron variando ao longo da historia en función dos avances da súa débil tecnoloxía. Hai que subliñar a forte unión da casa co terreo ligado á vivenda. Os ocos responderán tamén a esta ligazón (colocación, orientación, etc), así coma á relación cos camiños e os accesos á parcela.

Os ocos e a súa organización son os grandes protagonistas na fisonomía das construcións. Importancia que se manifesta no coidado traballo co que se executa o enmarcado das aberturas, co uso de sillares ben labrados.



cada oco cumpre unha función... iluminar e ventilar os diferentes espazos... gran variedade de tamaños e disposicións...



os ocos son os grandes protagonistas da fisonomía da casa... relación cos camiños e os elementos exteriores...




relación cos elementos da parcela... e co paisaxe...

3.5.2.1. As fiestras na casa -vivenda tradicional

As fiestras da casa tradicional non son numerosas nin son de grandes dimensións. Teñen unhas dimensións medias de 80 centímetros de ancho por 1 metro de alto (aínda que son moitas as súas configuracións e dimensións), e constan, polo xeral, de dúas batentes que se reducen a un bastidor de madeira recheo con vidros de tosca factura divididos por listóns da mesma madeira. Cada batente soe constar de 2 ou 3 corpos recheos de vidro (tamén sendo comúns os de 4 corpos, mais en menor medida). Este bastidor pode ir pintado (protección tradicional da madeira), sendo o normal as cores: branco (a máis común), verde, marrón ou azul (atopamos tamén algunha en vermello). As fiestras, xeralmente, van na cara exterior do muro, permitindo que a auga da chuva esorra sobre elas e evitando a acumulación de auga que logo poda filtrarse ao interior. Ás veces, complementado por tornachuvias de pedra (gardapolvos).



Ademais, o sistema de cerramento consta doutros elementos como son as contras (a pano co muro e abrindo cara ao interior), ou os fraileros (contras engadidas á propia carpintería polo interior). As posicións dos diferentes elementos poden mudar segundo a solución global do oco.

O contorno destas fiestras débíalles proporcionar un bo e ben aliñado encaixe, polo que (fora como fora a técnica utilizada na edificación do muro) estará construído en cantería. Xeralmente, redúcese a un peitoril formado por unha soa peza sobre a que se apoian dúas xambas, compostas por dous tipos de pezas: os tranqueiros e as aguias, que ao penetrar no corpo do muro favorecen o trabazón entre él e o enmarcado da fiestra. Por último, unha lumieira ou dintel que pecha o vao por riba.



fiestra tipo (de dous batentes de 3 corpos):


- | | |
|-------------------------------|---------------|
| 1. lumieira con tornachuvias. | 5. soleira. |
| 2. agulla. | 6. caravilla. |
| 3. tranqueiro. | 7. batente. |
| 4. peltoril. | |



tipos de fiestras máis comúns:

- | |
|--------------------------------|
| a. fiestra, batentes 2 corpos. |
| b. fiestra, batentes 3 corpos. |
| c. portasdaire. |

Hai que chamar a atención sobre dúas solucións, integradas no oco, que se atoparon: por un lado as chamadas portas de aire ou portasdaire, ventás nas que o peitoril foi suprimido dándoselle ao vao as dimensións dunha porta (que na súa parte inferior aparece pechada por un pequeno barandal de ferro); e polo outro, os parladoiros, pequenos bancos de pedra integrados na parte inferior do vao da fiestra. Sendo, as portasdaire, a expresión do tipo máis desenvolvido e complexo da fiestra



3.5.2.2. As fiestras na casa -vivenda da primeira metade do século XX

As fiestras nesta tipoloxía son moito máis numerosas. A relación entre ocos e cerramento macizo é moito máis grande. Grazas á maior tecnoloxía e á calidade nos oficios de cantería e carpintería, os ocos son de maior tamaño. A isto hai que sumarlle a planificación da construción, é dicir: unha distribución máis racional dos espazos interiores da casa permitiu a ordenación dos ocos, dando como resultado vaos inferiores e superiores de igual tamaño e perfectamente aliñados uns baixo dos outros (eliminando cargas elevadas do cerramento sobre os dinteis inferiores).

Deste xeito, atoparemos fachadas de vaos de gran tamaño (cunhas dimensións medias de 1 metro de ancho e 1,50 metros de altura). Fachadas que contan con tres ringleiras de ocos separadas unha distancia media de 2,50 metros. Hai que destacar, que moitas casas -vivenda transformaron os ocos ou parte dos ocos inferiores en portas, cunha dimensión media de 1 metro de ancho e 2,25 metros de alto. Destacando a gran ligazón que hai entre a fachada principal e a súa relación co camiño, así como a incorporación da parra de vide como elemento intermedio de relación (moi frecuente).



casas-vivenda de planta térrea.



casas-vivenda de dous andares.




Cada fiestra consta, polo xeral, de dúas batentes formadas por un bastidor de madeira recheo con vidros (de moita mellor factura que os da casa tradicional) divididos por listóns da mesma madeira. Cada batente soe constar de 3 ou 4 corpos recheos de vidro. Este bastidor pode ir pintado (protección tradicional da madeira), sendo o normal as cores: branco (a máis común), verde, marrón ou azul (atopamos tamén algunha en vermello). As fiestras, xeralmente, van na cara exterior do muro, permitindo que a auga da chuvia escorra sobre elas e evitando a acumulación de auga que logo poda filtrarse ao interior. Ás veces, complementado por tornachuvias de pedra (gardapolvos).

A resolución construtiva é igual á da casa tradicional, tanto no contorno en cantería para o correcto replanteo do vao, como nos elementos que forman o sistema de peche; é dicir, seguen aparecendo as contras, os frailerros e demais pezas. Cabe subliñar que os parladoiros desaparecen como solución, mais (grazas á maior capacidade técnica) as portasdaire atópanse en multitude de casos.

3.5.2.3. As bufardas na casa- vivenda tradicional

Tamén hai que subliñar a existencia de bufardas (ventanucos de moi pequena dimensión) que tiñan a misión de colaborar na ventilación (xeralmente das cortes, almacéns e adegas). En ocasións redúcense a unha pequena ranura (vertical ou horizontal), e soen estar compostas por catro pezas de pedra de gran labrada (no caso das verticais) e dúas (no caso das horizontais).



diversos tipos de bufardas presentes na tipoloxía.



casa con bufardas.



bufarda vertical abocinada.



bufarda cadrada.


3.5.2.4. As bufardas na casa -vivenda da primeira metade do século XX

Este tipo de ocos é practicamente inexistente nesta tipoloxía. Aparecen pezas independentes da vivenda adicadas aos usos que requiran deste tipo de ventilacións (almacéns, cortes, adegas, etc).

3.5.2.5. As portas na casa tradicional

Nas portas non hai unha evolución tan grande, a súa formalización no correr do tempo non variou moito. Non soe aparecer máis que unha porta destinada ao acceso á casa (nalgúns casos aparece unha segunda porta de saída á horta) e outras de acceso ás cortes (portas do carro).

A porta na casa tradicional soía estar dividida en dúas follas horizontais, compostas de táboas de madeira, que se abren independentemente (a de abaixo cun pequeno burato chamado gafeira), xa que a inferior permanece, xeralmente, pechada e a de arriba aberta contribuíndo á iluminación xeral da casa. A porta das cortes ou porta carral, de maiores dimensións, consta de dúas follas provistas duns fortes bastidores, das que unha permanece, normalmente, pechada (abríndoa, soamente, para saca-lo carro).



O contorno das portas ten as mesmas características que o das fiestras: unha pedra inferior, que substitúe ao peitoril, situada nunha altura superior a do chan (para evitar a entrada de auga) chamada soleira ou umbreira, unhas xambas compostas por aguias, ou tranqueiros, e, por último, unha lumieira feita cunha peza única de pedra de gran.



porta principal de 2 follas.



porta principal de 1 folia.




porta carral de 2 follas.


3.5.2.6. As portas na casa -vivenda da primeira metade do século XX

Non hai grandes variacións respecto á tradicional. A evolución atopámola na propio desenrolo técnico, na maior calidade dos oficios. De tal xeito, as carpinterías son máis delicadas, mellor executadas e con táboas máis estreitas. Xa aparecen máis molduras e filigranas. Hai como unha persoalización da porta de entrada (cada un individualiza o seu umbral de entrada).

Por outra banda hai unha incorporación do vidro na resolución do oco, incorporando técnicas das fiestras (bastidores de madeira e recheos de vidro). E o uso dos enfoscados permite paramentos perfectamente planos, colaborando á perfección ca traballada carpintería.



porta principal de 2 follas.



porta 2 follas con vidro.



porta 2 follas con molduras.

3.5.2.7. As ferraxes

Durante moito tempo, as distintas pezas que permitían o movemento de xiro, e máis de peche, das portas e fiestras, foron construídos en madeira. Xiraban por medio dun eixo de pau fixado a uns couzóns de pedra, e pechaban con caravillas e tarabelos do mesmo material.

Hoxe, case que todos os exemplos destes elementos foron substituídos por pezas de ferro que cumpren a función de pechaduras, picaportes, charnelas e petadores (de formas e dimensións diversas). Sendo, o normal, o picaporte de ferro (ben de torsión, ben de presión), xunto con fallebas e charnelas. As ferraxes de seguranza ou peches son unhas simples caravillas, consistentes nun gancho de ferro que xira nun gonzo e que para pechar encaixa nunha argoia. Nas fiestras emprégase, polo xeral, as fallebas no interior e por fora, para que o vento non bata as vidrieras, asegúranse con fiadores ou suxeita-ventás, longas e estreitas caravillas, nun caso situadas no peitoril e outras cunha ferraxe xeralmente en forma de "S" fixada ao muro, ás que, se fixan as vidrieras mentres estean abertas. Nas portas exteriores o pecho faise con caravillas e picaportes, de maior complexidade e variedade que os vistos para as fiestras. Con dous tipos claros: os de torsión e os de presión. A pechadura pode levar unha prancha de ferro por fora chamada espello.

3.5.3. As cubertas

Elemento de gran importancia construtiva (igual que o muro). Para construíla había que ter en conta: a planta do edificio, o material existente no lugar, o clima, a economía, a técnica, a superficie a cubrir e a disposición dos volumes. En función de todos eses factores, a cuberta terá unha, dúas, tres ou

catro augas (sendo, as de unha auga, características das construcións adxectivas de pequenas dimensións).



as cubertas... un dos protagonistas da paisaxe.



a tella do país.



a tella plana.


É a parte máis afectada polo factor climático e a máis difícil de levantar. Por todo elo conta e contou cunha atención especial na súa construción. Como se verá son as cubertas de tella as protagonistas neste eido. A tella foi un tipo de cubrición introducido en Galicia durante a súa romanización, e é un elemento inmellorable grazas ao seu peso e maila súa estanqueidade, así coma unha boa resistencia aos efectos do vento. A tella do país consiste nunha peza troncocónica en forma de canal feita con barro cocido, que ten unha lonxitude aproximada de entre 30 e 40 centímetros e un peso situado entre o kilo e medio e os dous kilos. Ten unha posta en obra sumamente sinxela: consiste na colocación sobre a latiza da armadura da cuberta de ringleiras paralelas de tellas colocadas coa súa face cóncava cara arriba (cañáis), coa súa boca máis ancha dirixida ao cume e cun solape aproximado, entre tella e tella, de cerca de quince centímetros; a cabalo délas van outras ringleiras de tellas, esta vez invertidas, co extremo máis ancho cara a cornixa (cubertas). Para asegurar a colocación dese entramado distribuíanse, sobre as tellas, unha boa cantidade de pedras que impida posibles correntamentos debidos, fundamentalmente, á forza do vento. Normalmente, as pendentes varían entre os 25° e os 40°. Pendentes que compaxinarán a inclinación necesaria para evitar os correntamentos de tellas e para garantir unha boa canalización da auga de chuvia sobre ela.

Hai que subliñar a aparición da tella plana na casa -vivenda da primeira metade do século XX. Da que se atopou numerosos exemplos.

3.5.3.1. As cubertas na casa tradicional


A cuberta, en calquera das solucións que se poda adoitar, componse de dúas partes ben diferenciadas: a armazón substantante do tellado e a cuberta propiamente dita (ou tellado).

A armazón é unha estrutura que fai o carpinteiro de armar en madeira de carballo ou castiñeira que, que en función da superficie a cubrir, aumenta en complexidade, polo tanto, tamén as augas aumentan en número.



tipoloxías de cuberta máis usuais:

- a. cubertas a dúas augas.
- b. cubertas a tres augas.
- c. cubertas a catro augas.



esquema xeral da cuberta.

- a. cumio.
- b. pincho.
- c. tesoiras.
- d. soleiras.
- e. pontóns.
- f. latas.
- g. capias.

A máis elemental e máis espallada é a dun tellado a dúas augas, cunha estrutura composta de varias pezas que parten do cumio (peza que ten a función substantante fundamental e que consiste nunha grosa trabe de madeira que se encaixa nos vértices dos muros pinches). Se a superficie da planta a cubrir é grande, existen unhas trabes intermedias de menor sección, chamadas tesoiras que, partindo do cumio van apoiándose polo outro extremo no remate dos muros rectangulares. Do cumio tamén derivan os pontóns ou cangos, pezas de madeira de escuadría (xeralmente) 10 * 12 centímetros, separados entre 50 e 70 centímetros, sobre as que se cravan unhas táboas delgadas chamadas latas ou lotizas, nas que se asenta directamente a cubrición definitiva de tella. Cando a cuberta é maior, tamén a complexidade da armazón se fai maior.



variedade nas solucións.



armazóns de cuberta.



estrutura de cuberta.

A cubrición xeralizada en todo o concello é a base de tella do país. Tal e como se especificou na explicación inicial sobre as cubertas. Cabe destacar que non se atoparon exemplos de cornixas. A casa tradicional leva un beiril ou soleira que son pedras de cantería que permiten un correcto replanteo do arranque da cuberta e un axeitado remate do muro. Este beiril sobresa uns 10 ou 15

centímetros do plano de fachada (aloxando o desagüe da cuberta), mais non conta con molduras nin protagonismo.

3.5.3.2. As cuberías na casa -vivenda da primeira metade do século XX

Esta tipoloxía, igual que para o resto dos elementos analizados, e igual á tradicional mais cunha capacidade tecnolóxica máis alta e unha calidade na definición moi superior. Como xa se explicou, é unha casa construída, por oficios, dentro dun modelo case que estandarizado. As casas teñen unha planta rectangular, polo que a súa cubrición é, na gran maioría dos casos, utilizando unha cuberta a dúas augas.

Mantendo tódolos elementos propios da tradicional: armazón de madeira (de cumios, tesoiras e pontóns) e o tellado (a base de tella). A diferenza está en que a carpintería está moito mellor traballada, así como as súas unións, conseguindo unha maior planitude dos faldóns. Esta planitude permite o uso da tella plana con resaltes. E volve a aparecer o enfoscado do muro nas soleiras e pinchos favorecendo o correcto replanteo de todo o armazón.

Será esta capacidade técnica e o uso do morteiro de cemento (xunto ca tella plana) o que marque as grandes diferenzas. Dando como resultado un produto case que estandarizado a dúas augas.

Por último, subliñar que moitas veces dase a combinación de tella curva con plana. Sendo a curva a encargada de formalizar unha especie de nervios cada metro e medio (máis ou menos) entre panos de tella plana. Ademais, a tella curva é a que se emprega sempre no remate dos panos de cuberta no seu cumio.



cuberta con tella curva.



ceberta con tella curva.



con nervios de tella curva.



cuberta con tella plana.



cuberta con tella plana.



estandarización da solución

3.5.4. Elementos exteriores singulares

Dentro da análise dos elementos construtivos definidores das tipoloxías atopadas, debemos destacar catro elementos máis: os patíns, os balcóns, as chemineas e as parras de vide.

3.5.4.1. Os patíns

Aínda que non se atoparon moitos exemplos de este tipo, na tipoloxía de casa -vivenda tradicional apareceron algúns casos. O patín é un elemento de relación co exterior. O acceso ao primeiro andar ten lugar por unha escaleira exterior que desembarca nunha pequena plataforma chamada patamal, que dá á porta de entrada á vivenda. Ese conxunto de escaleira e patamal, chamado patín, está feito de pedra de granito cunha anchura media entre os 90 centímetros e 1,20 metros. Os chanzos son de 15 * 20 centímetros, dunha soa peza, e o patamal vai en lousas, apoiándose en muros. Normalmente non leva varanda algunha.

Xeralmente vai adosado á fachada principal en disposición paralela a ela. E desenrólase nun único tramo. E non se atoparon casos nos que a cuberta se prolongara para cobixalo da choiva ou o sol.

No caso da casa -vivenda da primeira metade do século XX, son case inexistentes mais algún exemplo si se atopou. Nestes, a escaleira está feita cun formigón da época (bastante rudimentario), e ten balaustradas que a acompañan.



3.5.4.2. As chemineas

Cando nos referimos á cheminea de maneira xenérica englobamos o conxunto dos elementos que a integran (xa que está moi vinculado ao lar), pero neste apartado falaremos da cheminea propiamente dita, é dicir, da parte dese conxunto que asoma dos tellados cara ao exterior. Sempre ligada aos muros onde se apoia.

A campá do lar (ou forno, ou cocina, etc) vaise estreitando desde a súa base ata cegar á cheminea, onde o conduto se convirte nun prisma de planta cadrada ou rectangular. A súa altura debe ser por riba do cumio da cuberta (condición indispensable para que cumpra debidamente o seu cometido), mais, na práctica, non sempre é así (depende tamén dos ventos, a súa orientación, etc). A boca da cheminea aparece en tódalas ocasións cuberta por algún elemento, a capa, que impide a entrada da choiva á vez que permite a saída do fume, coa excepción de parte das construídas en cantería (nestas pode substituírse por un sistema interior de 3 canáis de pedra).

Están realizadas en moi diversas formas e materiais (palla, barro, latón, ladrillo, formigón, cantería,...). E soe ir acompañado de elementos ornamentáis, desde os simples decorados (remarcados ou pintados) no seu corpo, até fermosos traballos en cantería, sen esquecer un sen fin de elementos decorativos engadidos aos distintos tipos de capas.

Atopouse que nesta zona é un elemento personalizador da vivenda, xa que é un elemento visual moi importante e no máis das veces onde se permiten as decoracións. De tamaños e características moi diferentes, viuse que en moitos exemplos ten unha escala maior do que a casa precisaría estritamente pola súa funcionalidade.

E é fundamentalmente na casa da primeira metade do século XX onde atopámola en maior número e significación (probablemente pola súa maior capacidade técnica para resolver os elementos construtivos). Se ben tamén a atopamos nas tradicionais, xeralmente resoltas en cantería (ou ben engadida posteriormente en ladrillo revocado e pintado), parecendo oportuno chamar a atención sobre este elemento pola súa importancia visual e o seu uso estendido en todo o concello.



3.5.4.3. Os balcóns

Elementos da casa que a pon en relación co exterior. Son espazos exteriores, sen pechar, de planta rectangular anexos á vivenda. Xeralmente, teñen un ancho medio de 1,5 veces o ancho do oco ao que serven e unha profundidade media de 60 centímetros. Na vivenda tradicional, normalmente están resoltas en pedra. Estas lousas de pedra posúen algunha decoración no seu canto e sobre elas hai unha varanda de ferro.

Tamén se atoparon na casa da primeira metade do século XX algunhas resoltas con un formigón rudimentario e varanda do mesmo material.



3.5.4.4. As parras de vide

Son moitos os casos nos que atopámos as parras de vide en estreita relación coa casa -vivenda, tanto na tipoloxía tradicional coma na de a primeira metade do século XX. Elemento vexetal usado para configurar un espazo exterior anexo á vivenda, xeralmente relacionado coa fachada principal e, en especial, co espazo de entrada. Parras pegadas á fachada, situada entre os ocos e utilizando as partes cegas da fachada como sustentación. E colle a altura do forxado do primeiro andar (no caso de dúas plantas) ou á altura do aleiro.

Hai que subliñar que na vivenda tradicional a súa relación é menos ríxida e podemos, nalgúns casos, atoparnos con que a vide rodea completamente á casa (chegando a ser un bosque de parras). Na vivenda da primeira metade do século XX, a solución entra na concepción global da vivenda, é dicir, unha solución case que estandarizada. É moi frecuente atopalas como elementos lineais paralelos á fachada principal, chegando a proxectarse máis aló dela.





3.6. A NOVA ORDENACIÓN DOS ASENTAMENTOS

3.6.1. Metodoloxía informativa

A aproximación a un contexto territorial tan grande como é o concello da Estrada e o seu medio rural empeza co estudio da parroquia e a súa área de influencia. A partir de aquí tomando como referencia os Nomenclátors oficiais da Xunta de Galicia e do Instituto Nacional de Estatística, diferénciase a estrutura de asentamentos e procédese ao seu estudio definindo unha serie de parámetros en función do establecido para o Solo de Núcleo Rural na LOUG que sirvan para racionalizar o estudio, comparar as características dos asentamentos e buscar a súa mellor ordenación.

O amplo traballo de campo desenvolvido en fases previas á redacción deste planeamento, foi unha parte esencial do estudio dos asentamentos, proporcionando datos referentes ás súas características tradicionais, formais, etc. e entre as que cabe destacar a diferenciación entre construcións tradicionais e non tradicionais, entre vivendas e construcións adxectivas, o recoñecemento da estrutura da propiedade e do parcelario en agrupacións que non estaban suficientemente documentadas debido á tipoloxía entremedianeiras, o sinalamento das construcións en estado ruinoso, o trazado das liñas de subministro de enerxía eléctrica e alumado público, auga, telefonía e saneamento, e as aliñacións consolidadas. Axuntamos a esta información os datos procedentes da cartografía do concello a escala 1/5000 e 1/2000, das fotografías aéreas a escala 1/2000 e do catastro de rústica.

Con todo, procédese a unha delimitación para cada asentamento do Solo de Núcleo Rural, distinguindo entre núcleos Histórico-Tradicionais, núcleos Comúns e os núcleos que están formados por ambas tipoloxías, os Complexos, segundo o artigo 13 da LOUG e tendo en conta as directrices da Orde do 5 de maio de 2006 sobre aprobación definitiva do Plan Xeral da Estrada, que se emitiran no seu día sobre o texto obxecto de revisión, e que analizaba os núcleos rurais dende un punto de vista anterior ao da modificación 2/2010, no que os núcleos unicamente posuían unha tipoloxía tradicional e a súa área de expansión. A nova estratexia establecerase para o conxunto dos núcleos e para cada un en particular baseándose principalmente na dinámica demográfica experimentada nos últimos anos e das súas expectativas e demanda de crecemento. Este último directamente relacionado coa idiosincrasia do asentamento, as posibilidades de desenvolvemento endógeno e as políticas que apoien e materialicen eses proxectos.



O resultado é a definición de **417** Solos de Núcleo Rural, dos cales 260 son Núcleos Histórico-tradicionais, 127 Núcleos Complexos e 30 Núcleos Comúns. Estudaremos agora o seu proceso de delimitación.

3.6.2. Planeamento vixente nos asentamentos de poboación

O soporte legal da acción urbanística na Estrada é actualmente o Decreto 207/2006, do 16 de novembro, polo que se suspende a vixencia das Normas Subsidiarias de planeamento municipal e se aproba a ordenación urbanística provisional aplicable ata a entrada en vigor do novo Plan Xeral de Ordenación Municipal.

As Normas de Ordenación Subsidiarias de Planeamento (en adiante NSP), actualmente derogadas, foron redactadas por D. Juan Rico Lenza e aprobadas o 11 de outubro de 1978. Desenvolvían estas os preceptos urbanísticos emanados da Lei sobre réxime de solo e ordenación urbana de 9 de abril de 1976 (en adiante LS 1976).

Desde a aprobación das anteriores NSP houbo un intento de modificación da figura de planeamento municipal que dese resposta aos cambios acontecidos na estrutura lexislativa xeral e na propia dinámica socioeconómica e territorial.

Así no 1990 adxudícaselle á empresa ARTEPLAN a responsabilidade de redactar un Plan Xeral de Ordenación Urbana que permitise encadrar as novas situacións. Non obstante este documento non será aprobado de modo definitivo, xa que a dilación da súa relación levou a que non fose capaz de adaptarse aos cambios lexislativos e territoriais coa oportunidade necesaria.

No ano 2002 adxudicase a empresa ADIU, S.L. a redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobándose provisionalmente polo pleno do Concello o 30 de xaneiro de 2006 e remitíndose á Xunta para a emisión da súa orde sobre aprobación definitiva. Pero en data 5 de Maio do 2006 a Consellería de política territorial, obras públicas e transportes dicta a ORDE DO 5 DE MAIO DE 2006 SOBRE APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DA ESTRADA (PONTEVEDRA) resolvendo “NON OUTORGAR A APROBACIÓN DEFINITIVA. O Concello deberá introducir no proxecto as modificacións previstas para subsanar as deficiencias expresadas no apartado II.1 anterior, para logo de aprobadas e tras os trámites oportunos, remitir novamente o plan para a súa aprobación definitiva”. O Concello considera que as deficiencias a subsanar constatadas no documento de Aprobación Provisional son de gran relevancia e que será preciso expoñer o documento subsanado novamente ao público, polo que se convoca un novo concurso para levar a cabo a nova tramitación, que se deriva no presente documento.

Entre tanto, a que era no seu momento Consellería de Política Territorial, obras públicas e transportes emite un Decreto, o 207/2006, do 16 de novembro, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal da Estrada e se aproba a ordenación urbanística provisional aplicable ata a entrada en vigor do novo plan.

A ordenación urbanística provisional afecta unicamente ao solo urbano deixando sen ordenación o medio rural coa conseguinte imposibilidade de realizar calquera tipo de actuación nos 458 asentamentos de poboación. Isto implica que os poucos asentamentos que tiñan unha tendencia de



crecemento positivo nos últimos anos están a ver o seu desenvolvemento claramente coartado e os que tiñan unha evolución negativa incrementan esta tendencia acelerando a súa desaparición nos casos máis desfavorables. E por outra banda, non se favorece a consolidación da poboación, a diversificación dos usos e a oferta de servizos, o desenvolvemento do sector agrícola e gandeiro, etc.

3.6.3. Orde do 5 de maio de 2006 sobre aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello da Estrada (Pontevedra)

As razóns fundamentais que a Orde da Consellería esgrimía para non dar aprobación definitiva ao Plan Xeral baseábanse principalmente en que se omitía:

- A determinación das necesidades poboacionais reais que o plan tiña que atender, tendo en conta o prazo de desenvolvemento e execución do mesmo.
- O establecemento dunha planificación urbanística congruente e proporcionada ás citadas necesidades.

Estas consideracións de carácter xeral maniféstanse especialmente nos Solos de núcleo rural e resultan uns aspectos de vital importancia para a aprobación do plan dada a grande extensión do concello, a numerosa presenza de asentamentos rurais e a única existencia dun solo urbano.

O Estudio do Medio Rural presentado no planeamento non aprobado estuda os asentamentos e a súa dinámica poboacional e de vivendas concluíndo que, en función da evolución da poboación e do número de vivendas, estes poden ser fortemente regresivos, regresivos, dinámicos e fortemente dinámicos. Estas análises non se corresponden coa ordenación presentada que inclúe 421 solos de núcleo rural coas súas correspondentes áreas de expansión. Nalgúns casos, incluso son delimitadas áreas de expansión de grande dimensión en núcleos clasificados como fortemente regresivos. A caracterización e os estudos realizados considéranse válidos e que reflicten a realidade existente, polo tanto deben ser novamente delimitados os Solos de núcleo rural e as súas áreas de expansión. A nova ordenación resultará da morfoloxía de núcleo rural segundo o artigo 13 da LOUG, a dinámica de crecemento dos últimos anos, pero tamén das previsións de crecemento que o plan considera para cada asentamento, materializadas nos compromisos de edificación que os propietarios entregaron ao concello, xustificando deste modo o potencial crecemento que cada núcleo.

Outros aspectos relacionados fan mención á necesidade de aportar a documentación que xustifique os artigos que definen e caracterizan un solo de núcleo rural. Concretamente fai alusión ao grado de consolidación que non foi expresado nas fichas de núcleos rurais. Esta cuestión xa foi emendada na presente ordenación, incluíndose outros datos que facilitan a comprensión da metodoloxía aplicada para a delimitación do solo de núcleo rural.

A Orde refírese a que non é xustificable definir un solo de núcleo rural para incluír vivendas illadas que por definición estarían en solo rústico. Polo tanto, na nova ordenación eliminaranse aqueles solos de núcleo rural constituídos por menos de tres vivendas tradicionais ou que se encontran completamente deshabitados e introducíranse na delimitación aquelas vivendas que respecten o carácter e os parámetros do artigo 13 da LOUG e as previsións de crecemento que o modelo permita para ese núcleo rural.



Menciónase que non se clasifiquen como solo de núcleo rural terreos que deberían ser rústicos especialmente protexidos, aspecto que quedará enmendado coa nova delimitación de núcleos que respecta o artigos 13 e 32.2 da LOUG.

Existen dúas consideracións expresadas na Orde que é preciso ter en conta na Normativa do núcleo rural. En primeiro lugar, unha estación de servizo non é un uso admisible neste tipo de solo, nin sequera na área de expansión. En segundo lugar, para obter licenza nunha área de expansión previamente á realización dun plan especial non é preciso a autorización autonómica. Estas consideracións relacionadas na normativa urbanística do anterior Plan Xeral, xa foron eliminadas no presente documento.

3.6.4. Problemática

Ademais de dar solución ás esixencias da Consellería expresadas a través da súa orde, o proceso de ordenación baseouse principalmente en dar resposta a condicionantes que afectan especificamente ao medio rural. Para elo, identificáronse unha serie de dinámicas que implican unha serie de cambios no sistema de poboamento e que inciden, directamente, na morfoloxía e estrutura dos núcleos rurais.

- Abandono de vivendas nos núcleos tradicionais. Identifícase un significativo número de vivendas abandonadas, froito do éxodo migratorio. Esta situación é significativamente máis forte nos núcleos compactos. As novas demandas sociais e esixencias individuais (maior individualidade, uso do automóbil,...), os conflitos derivados do sistema de herdanzas, ou o custe de restauración son factores que favorecen o mantemento de vivendas neste estado.
- Dispersión de novas vivendas ao longo das vías de comunicación. Nos entornos dos núcleos rurais tradicionais é posible identificar un número crecente de novas edificacións de carácter residencial dispostas ao longo das vías de comunicación de acceso ao mesmo, moitas veces vinculadas ás concentracións parcelarias. As novas construcións buscan unha localización exenta, especialmente nas marxes das vías principais, ao contar con vantaxes de accesibilidade e un entorno máis atractivo que o núcleo rural tradicional. Factores como o débil rigor urbanístico ou a estrutura da propiedade teñen favorecido este proceso, destruindo o modelo de poboamento. A dispersión das vivendas dificulta a delimitación das bolsas de solo de núcleo rural.
- Construción de vivendas de carácter non agrario. Cada vez é máis frecuente individualizar vivendas non conectadas coa actividade produtiva agropecuaria dentro do medio rural. Son vivendas que pasan a ser segunda residencia, ou ben primeira, sendo frecuente que sexan construídas por persoas que teñen a súa orixe familiar no entorno próximo onde sitúan a súa vivenda ou por emigrantes retornados. A súa proliferación responde a unha nova demanda social, na cal o espazo rural presenta elementos atractivos que atraen novos residentes (esta é aínda unha dinámica incipiente que conta con máis forza nos entornos das áreas urbanas).
- Construción de edificacións anexas á explotación agropecuaria. Este é un dos elementos que máis contribúen á desestruturación da tipoloxía construtiva tradicional. Trátase de



galpóns, granxas ou outros elementos, normalmente edificados con materiais non tradicionais (uralita, bloque formigón...). A súa intrusión dentro do entramado dos núcleos rurais implica unha perda da calidade paisaxística e do atractivo dos mesmos.

- Descompensación entre o medio rural e o medio urbano. O constante aumento de poboación do núcleo da Estrada aínda supón un 38% fronte ao 62% de poboación nos asentamentos rurais. Con todo a diferenza de servizos para a poboación residente nos núcleos é claramente significativa, creando unha dependencia do núcleo urbano como provedor de traballo, servizos, etc. e, unido á inexistencia dun servizo de transporte colectivo, fomentando o uso dos vehículos privados. Só algúns asentamentos tradicionais funcionan independentemente á Estrada e son centros xeradores de servizos (Foxo, Souto de vea, Codeseda, Monteiro, Oca, Tabeirós). A enorme cantidade e dispersión dos asentamentos dificulta a dotación das infraestruturas e servizos necesarios ao elevarse o seu custe dificultando así a calidade de vida necesaria para lograr o establecemento da poboación.

3.6.5. Obxectivos

Con todo, o principal obxectivo do PXOM é lograr unha ordenación que responda ás características, valores, especificidades e potencialidades propios do medio rural no que se insere, buscando as solucións no propio medio e tentando axustarse o máis posible a cada caso. Dos condicionantes expostos anteriormente concluímos que o planeamento debe pasar por:

- Deter o proceso de despoboamento dos asentamentos rurais para, posteriormente, iniciar o proceso de poboamento. En primeiro lugar, por medio da instalación de servizos que sirvan para facer dos núcleos lugares atractivos para vivir e traballar, diferentes do núcleo urbano, pero asegurando tamén o benestar social dos seus habitantes. En segundo lugar, fomentando a actividade económica propia do medio no que se insere mediante a posta en valor de todos os recursos que o rural ofrece (agropecuarios, forestais, turísticos, naturais, paisaxísticos, culturais...) e que na Estrada, como xa foi exposto, teñen unha alta potencialidade.
- Deter o proceso de dispersión das construcións, acotando o ámbito dos asentamentos rurais e concentrando nel as edificacións existentes e a actividade construtiva. Deste modo racionalízase a execución, custo e funcionalidade dos servizos e as infraestruturas, axudando a acadar a calidade de vida necesaria para a fixación da poboación no rural, anteriormente plantexada e protexendo a paisaxe orixinal do medio rural da Estrada.
- Regular a actividade construtiva priorizando a rehabilitación de vivendas antigas e controlando as novas edificacións para adecualas á dinámica demográfica do asentamento, ás súas previsións de crecemento e ás posibilidades de execución de equipamentos e servizos públicos. Ademais, é preciso controlar que se respectan e se conservan os valores rurais e tradicionais, especialmente cando se trata do patrimonio cultural.



- Fomentar a utilización sustentable dos recursos naturais en tódolos procesos de intervención no medio rural, reducir as necesidades de mobilidade e o impacto sobre o medio natural.

3.6.6. Metodoloxía de ordenación

O proceso de delimitación do Solo de núcleo rural do planeamento que se está a adaptar foi elaborado segundo as especificacións da LOUG, as consideracións procedentes da Orde do 5 de maio sobre aprobación definitiva e as cuestións que definen o modelo establecido para o medio rural do concello da Estrada.

A LOUG, no seu artigo 13, caracteriza o Solo de núcleo rural e o seu procedemento de delimitación. Por tanto, constitúen **Solo de núcleo rural** “ ás áreas do territorio que serven de soporte a un asentamento tradicional de poboación singularizado, identificable e diferenciado administrativamente nos censos e padróns oficiais, que o plan xeral defina e delimite como tales tendo en conta, polo menos, a súa inclusión como tal ou na da súa área de influencia en plans anteriores, o número de edificacións, a densidade de vivendas, o seu grao de consolidación pola edificación e, de ser o caso, a tipoloxía histórico-tradicional da súa armazón e das edificacións existentes nel”.

Como xa foi exposto, a excepción do núcleo urbano da Estrada, tódolos asentamentos relacionados nos Nomenclátors de poboación teñen carácter rural, incluso os situados máis preto da Estrada, debido á súa vinculación co medio no que se inseren que supón, na maioría dos casos, o medio de vida dos seus moradores no presente ou no pasado.

O **procedemento de delimitación** establece, tal e como se define na LOUG, tres posibles categorías de solo rural segundo a condición dos mesmos:

- a) **Núcleo rural histórico – tradicional**, recoñecido como tal polas características morfolóxicas do mesmo, polo elevado número de edificacións tradicionais existentes fronte a novas edificacións, a relación e proximidade entre elas, así como o viario que o estrutura, e que presenta un grao de consolidación de polo menos o 50% de acordo coa ordenación proposta. O trazado de dito núcleo encerra as edificacións tradicionais do asentamento seguindo o parcelario e as pegadas físicas existentes (camiños, ríos, regatos, cómaros...) e como máximo estará a 50m das devanditas edificacións tradicionais.
- b) **Núcleo rural común**, nos que se inclúen os asentamentos de poboación recoñecidos como tal pero que non presentan características necesarias para estar englobados no tipo anterior. A súa delimitación faise en función das previsións de crecemento e do grao de consolidación, que será igual ou superior a un terzo da superficie, de acordo coa ordenación proposta.
- c) **Núcleo rural complexo**, inclúense neste tipo os asentamentos de poboación caracterizados por ser resultado da concorrencia e compatibilidade no seo dun mesmo núcleo rural dos dous tipos básicos precedentes, quedando estes perfectamente diferenciados na súa delimitación

Estudados os topónimos dos lugares, identifícase o seu ámbito de influencia. A dispersión dos asentamentos ou o seu crecemento pode supoñer a continuidade de dous ou máis ao longo dun



viario, de xeito que forman un continuo ás veces difícil de diferenciar e de estudar, polo que para facilitar a súa ordenación son tratados de maneira agrupada. Existen tamén asentamentos que non están incluídos nos censos oficiais pero que polas súas características morfolóxicas, tipolóxicas e urbanísticas e polas relacións que se dan dentro deles son susceptibles de ser considerados núcleo rural e se introducen no estudio.

A delimitación do Solo de núcleo rural pasa polo recoñecemento das edificacións tradicionais para definir o seu perímetro e consolidación. A LOUG non recoñece un número mínimo de edificacións tradicionais necesario para que o asentamento sexa recoñecido como *histórico-tradicional*, polo que se introduce unha variable en función das características dos asentamentos para adaptar a situación existente ao modelo de planeamento establecido: a consideración de que unha ou dúas construcións tradicionais non son suficientes para constituír un asentamento de poboación e que por tanto precísanse un mínimo de tres para poder definir un solo de núcleo rural histórico-tradicional. Considérase edificación tradicional aquela que responde a unha tipoloxía tradicional, propia da zona na que se atopa, con vinculación a actividades agropecuarias ou manufacturadas independentemente de que sufrira unha transformación posterior, pois é a testemuña da existencia dun asentamento antes da chegada do desenvolvemento urbanístico desmesurado, das tipoloxías foráneas e dos usos desvinculados da terra. Este momento está datado no final da década dos 50.

Con todos estes condicionamentos delimítase o solo de núcleo rural, que aínda deberá cumprir outro requisito estreitamente relacionado coa ordenación que se vai propoñer: o grado de consolidación.

Grado de consolidación = parcelas edificadas / parcelas edificables,

A estimación do *grao de consolidación* dos núcleos, entendendo como tal o que queda definido na “Instrución 4/2011, do 12 de abril, sobre a metodoloxía de cálculo do grao de consolidación edificatoria na delimitación do solo de núcleo rural, ao abeiro do disposto na Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia”, basease na análise da capacidade física real de albergar novas parcelas, tendo en conta a superficie mínima edificable de parcela definida.

Esta parcela mínima que se designa a cada un dos núcleos responde a cada caso particular, tendo en conta o seu tecido, a súa morfoloxía parcelaria e a superficie de parcela media que resulta das existentes no núcleo, e nunca sendo menor da parcela mínima edificable de 300 m² regulada no artº 29. da LOUG.

O método de cálculo empregado no presente documento para determinar o número total de parcelas edificables que intervirán no cálculo do grao de consolidación é o *Método numérico ou simplificado* definido na “Instrución 4/2011, do 12 de abril, sobre a metodoloxía de cálculo do grao de consolidación edificatoria na delimitación do solo de núcleo rural, ao abeiro do disposto na Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia”, tal e como se pode comprobar nos datos indicados nas fichas elaboradas para cada núcleo rural.

A concentración da poboación e dos asentamentos preténdese acadar completando a trama dos Solos de Núcleo Rural e polo tanto non clasificando un gran número de parcelas vacantes na



periferia cando nos atopemos con núcleos que no seu entramado ofrezan posibilidade de parcelas edificables, tentando deste xeito por freo á diseminación.

Ademais da diseminación, a eliminación de emprazamentos irregulares preténdese acadar mediante a non clasificación de Solo de Núcleo Rural de asentamentos que están deshabitados, os que se encontran claramente en solo rústico ou os que non cumpren as características descritas anteriormente.

Para os Solos de núcleo rural, foi establecida unha xerarquía en función de catro factores que van a condicionar as prioridades nas condicións de ordenación destes núcleos e son:

- **O modelo de crecemento previsto.** O plan xeral definirá, no Estudio Socioeconómico, os parámetros necesarios para lograr un desenvolvemento territorial coherente baseado na realidade social, económica, cultural e urbanística, as potencialidades do concello e o papel que os núcleos rurais van xogar no planeamento. As condicións de edificación, a superficie mínima para edificar, o dimensionamento do viario, os frontes mínimos serán regulados en función das características de cada núcleo.
- **O aumento ou diminución da poboación do núcleo.** As previsións de crecemento do estudio poboacional definirán si o núcleo presentou unha dinámica de crecemento positiva nos últimos anos e a que se estima para os vindeiros e por tanto que necesidades de expansión poden demandar. Compróbase esta demanda a través dos compromisos de edificación realizados a través de instancia ou por alegacións.
- **A localización no concello con respecto á vila urbana da Estrada.** A análise do crecemento dos núcleos rurais máis achegados ao núcleo urbano da Estrada reflicte que crecen máis e a maior velocidade que os máis afastados, polo que será considerado maior o seu potencial crecemento e por tanto as súas áreas de expansión.
- **A existencia de vivendas nos arredores do núcleo.** Os núcleos rurais non constitúen asentamentos illados no territorio. As vías de comunicación serven de fío condutor para a prolongación do asentamento e de soporte para a construción de vivendas. Ordenar e regularizar tales crecementos, dentro do marco da lei, resulta beneficioso para consolidar a edificación existente e canalizar a expansión do núcleo rural.

Con todo, preténdese acadar unha ordenación que partindo do existente organice un espazo que posibilita unha vida vinculada ao campo con características completamente diferentes ao que suporía a vida na cidade, pero que garanta os servizos necesarios e unha alta calidade de vida.

3.6.7. Fichas dos núcleos rurais (TOMO V. ANEXO III)

**ÍNDICE DE NÚCLEOS POR NÚMERO DE PARROQUIA****01CASTRO (SAN MIGUEL)**

01.01	ADOUFE	HISTÓRICO-TRADICIONAL
01.02	SAN MIGUEL	COMPLEXO
01.03	CONSTENLA	HISTÓRICO-TRADICIONAL
01.04	CASTRO	HISTÓRICO-TRADICIONAL
01.05	PRADO	HISTÓRICO-TRADICIONAL
01.06	O SEIXO, A SILVA	COMPLEXO
01.07	PONTE	HISTÓRICO-TRADICIONAL
01.08	LAGOS	COMPLEXO
01.09	A COVA	HISTÓRICO-TRADICIONAL
01.10	A CARBALLEIRA	COMÚN
01.11	A ALBERGUERÍA	HISTÓRICO-TRADICIONAL

02ARNOIS (SAN XIAO)

02.01	O CERCIDO	HISTÓRICO-TRADICIONAL
02.02	A VEIGA	HISTÓRICO-TRADICIONAL
02.03	A BURATA, A CALZADA	COMPLEXO
02.04	OS BIEITES	HISTÓRICO-TRADICIONAL
02.05	A QUENLLA, A GRANXA, A COSTA	COMPLEXO
02.06	A REIGADA	COMPLEXO
02.07	A CARBALLEIRA	HISTÓRICO-TRADICIONAL
02.08	SAN XIAO	COMPLEXO
02.09	O CARBALLAL	COMÚN
02.10	OS TIGUILLOIS	HISTÓRICO-TRADICIONAL
02.11	O BRUÑIDO	HISTÓRICO-TRADICIONAL
02.12	MOIMENTA	COMPLEXO
02.13	OS GOLMADOS	COMÚN
02.14	VALBOA	COMPLEXO
02.15	RIBADULLA	HISTÓRICO-TRADICIONAL
02.16	RIAMONDE	HISTÓRICO-TRADICIONAL

03OCA (SANTO ESTEVO)

03.01	RENDO	COMPLEXO
03.02	O PEDRADO	COMÚN
03.03	CASTROTÓN	HISTÓRICO-TRADICIONAL
03.04	O SISTO	COMPLEXO
03.05	OCA DE ARRIBA	HISTÓRICO-TRADICIONAL
03.06	VISTA ALEGRE	HISTÓRICO-TRADICIONAL
03.07	O OUTEIRO	HISTÓRICO-TRADICIONAL
03.08	A PRAZA	HISTÓRICO-TRADICIONAL
03.09	ABELAO	HISTÓRICO-TRADICIONAL

04LOIMIL (SANTA MARÍA)

04.01	AS CARBALLAS	COMPLEXO
04.02	OS CASARES	HISTÓRICO-TRADICIONAL
04.03	A SOBREIRA	COMPLEXO
04.04	LOIMIL DO CARBALLO	HISTÓRICO-TRADICIONAL
04.05	LOIMIL	HISTÓRICO-TRADICIONAL
04.06	RIOMAO	HISTÓRICO-TRADICIONAL
04.07	PARDELLAS	COMÚN

05COUSO (SANTA MARÍA)

05.01	A VEIGA	HISTÓRICO-TRADICIONAL
05.02	COUSO	COMPLEXO
05.03	BARCO	COMPLEXO
05.04	MAÍNDO	COMPLEXO
05.05	SEQUEIRÓ	COMPLEXO
05.06	FONTENLO	COMPLEXO

06CORA (SAN MIGUEL)

06.01	VILACRISTE	HISTÓRICO-TRADICIONAL
-------	------------	-----------------------



06.02	CORA	COMPLEXO
06.03	SIEIRO	HISTÓRICO-TRADICIONAL
06.04	PIÑEIRO	HISTÓRICO-TRADICIONAL
06.05	BARRO	COMÚN
07 BARCALA (SAN MIGUEL)		
07.01	AS QUINTAS	HISTÓRICO-TRADICIONAL
07.02	A NÉGREIRA	HISTÓRICO-TRADICIONAL
07.03	CIMADEVILA	HISTÓRICO-TRADICIONAL
07.04	BUMIO	HISTÓRICO-TRADICIONAL
07.05	PARAÑO	COMPLEXO
07.06	A IGREXA	COMPLEXO
07.07	CASA DO FRADE	HISTÓRICO-TRADICIONAL
07.08	SOUTO	COMPLEXO
08 VEA (SAN XURXO)		
08.01	AZOREIROS	HISTÓRICO-TRADICIONAL
08.02	O SOUTO DE VEA	COMPLEXO
08.03	O CASAL	HISTÓRICO-TRADICIONAL
08.04	LOUREIRO DE ARRIBA	HISTÓRICO-TRADICIONAL
08.05	LOUREIRO DE ABAIXO	HISTÓRICO-TRADICIONAL
08.06	A VALIÑA	COMPLEXO
08.07	OUTEIRO	HISTÓRICO-TRADICIONAL
08.08	A RIBA	HISTÓRICO-TRADICIONAL
08.09	PIÑEIRO	HISTÓRICO-TRADICIONAL
08.10	VALCÁRCELES	HISTÓRICO-TRADICIONAL
08.11	BOUZAMAR	COMPLEXO
08.12	FONTEBOA	COMPLEXO
08.13	GUNTÍN	HISTÓRICO-TRADICIONAL
08.14	O ROSALLO	HISTÓRICO-TRADICIONAL
08.15	TRASCASTRO	HISTÓRICO-TRADICIONAL
09 VEA (SANTA CRISTINA)		
09.01	CARBIA	HISTÓRICO-TRADICIONAL
09.02	TRACESTO	COMPLEXO
09.03	A TORREVEDRA	HISTÓRICO-TRADICIONAL
09.04	RIBA DE VEA	COMPLEXO
09.05	A CERQUEIRA	COMPLEXO
09.06	A PANADERÍA, BARAZÁS	HISTÓRICO-TRADICIONAL
09.07	TORRE DO VILAR	HISTÓRICO-TRADICIONAL
09.08	O OUTEIRO	HISTÓRICO-TRADICIONAL
09.09	NOGUEIRA	HISTÓRICO-TRADICIONAL
09.10	O ROLLO	HISTÓRICO-TRADICIONAL
09.11	A COSTA	COMPLEXO
09.12	TARRÍO	HISTÓRICO-TRADICIONAL
09.13	VISTA ALEGRE	HISTÓRICO-TRADICIONAL
10 SANTELES (SAN XOÁN)		
10.01	SANTELES DE ABAIXO	HISTÓRICO-TRADICIONAL
10.02	SAR DE ABAIXO	COMPLEXO
10.03	ARXÓNS	HISTÓRICO-TRADICIONAL
10.04	SAR DE ARRIBA	COMPLEXO
10.05	A RIBEIRA	HISTÓRICO-TRADICIONAL
10.06	PEARO	COMPLEXO
10.07	GODOI	COMPLEXO
10.08	CARRICOVA	COMPLEXO
10.09	FONDEVILA	HISTÓRICO-TRADICIONAL
10.10	RENDA	COMPLEXO
10.11	TRASPEDRA	COMPLEXO
10.12	VILANOVA	COMPLEXO
11 PARADELA (SANTA MARÍA)		
11.01	RIBEIRADONA	HISTÓRICO-TRADICIONAL
11.02	AS COVAS	COMPLEXO
11.03	A IGREXA	COMPLEXO



11.04	A ALDEA GRANDE	COMPLEXO
12RIBEIRA (SANTA MARIÑA)		
12.01	A PONTE	HISTÓRICO-TRADICIONAL
12.02	A RIBEIRA	HISTÓRICO-TRADICIONAL
12.03	O PIÑEIRO	COMPLEXO
12.04	VILAR	HISTÓRICO-TRADICIONAL
12.05	BALTAR	COMPLEXO
12.06	O PAZO	HISTÓRICO-TRADICIONAL
12.07	VILABOA	HISTÓRICO-TRADICIONAL
12.08	CONSTENLA, SAN VICENTE	HISTÓRICO-TRADICIONAL
12.09	BARBUDE	COMPLEXO
12.10	MARQUE	COMPLEXO
13BERRES (SAN VICENZO)		
13.01	A RIBEIRA	COMPLEXO
13.02	SERVIDE	HISTÓRICO-TRADICIONAL
13.03	CELEIRÓNS	HISTÓRICO-TRADICIONAL
13.04	RABUÑADO, PAZOS	HISTÓRICO-TRADICIONAL
13.05	VILANCOSTA	COMPLEXO
13.06	A IGREXA	HISTÓRICO-TRADICIONAL
13.07	VILASUSÁN	HISTÓRICO-TRADICIONAL
13.08	A MOUTEIRA, A PEDRIÑA	COMÚN
13.09	ROCAFORTE	COMPLEXO
13.10	BERRES	COMPLEXO
13.11	MATO	COMPLEXO
13.12	ULLA	HISTÓRICO-TRADICIONAL
13.13	O PEREIRO	HISTÓRICO-TRADICIONAL
14RIOBÓ (SAN MARTIÑO)		
14.01	OS BESTEIROS	HISTÓRICO-TRADICIONAL
14.02	AS CANCELAS	COMÚN
14.03	O RÍO	COMÚN
14.04	A MOTA	HISTÓRICO-TRADICIONAL
14.05	BARCIA	HISTÓRICO-TRADICIONAL
14.06	A CASTIÑEIRA	HISTÓRICO-TRADICIONAL
14.07	SAN MARTIÑO	HISTÓRICO-TRADICIONAL
14.08	PORTECELO	HISTÓRICO-TRADICIONAL
14.09	O ALDERIDO	HISTÓRICO-TRADICIONAL
14.10	A PENA	HISTÓRICO-TRADICIONAL
15REMESAR (SAN CRISTOVO)		
15.01	O REGO	HISTÓRICO-TRADICIONAL
15.02	A ALDEA GRANDE	COMPLEXO
15.03	O OUTEIRO	COMPLEXO
15.04	A DEVESA	HISTÓRICO-TRADICIONAL
15.05	A VILASUSÁN	HISTÓRICO-TRADICIONAL
15.06	A FONTE SOUTELO	HISTÓRICO-TRADICIONAL
15.07	VILANOVA	HISTÓRICO-TRADICIONAL
16ORAZO (SAN PEDRO)		
